Sobre o estado en que se atopa a xunqueira da Gandarela, localizada na parroquia pontevedresa de Lourizán, e as previsións do Goberno galego respecto das demandas de inclusión deste espazo no Inventario de zonas húmidas de Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 19295 (12/POC-003232)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baladrón Lamas, Victor Manuel e 8 máis

Sobre os programas postos en marcha pola Secretaría Xeral da Emigración destinados a manter os vínculos coas galegas e os galegos residentes no exterior e a avaliación dos seus resultados nos últimos anos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 19298 (12/POC-003233)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baladrón Lamas, Victor Manuel e 8 máis

Sobre a evolución da liña de axudas ao retorno emprendedor, ao abeiro da estratexia Galicia Retorna, e o balance desta medida da Secretaría Xeral da Emigración desde a súa posta en marcha

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 19303 (12/POC-003234)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a repercusión dos baleirados dos encoros nos bancos marisqueiros das rías, singularmente na ría de Muros e Noia, a necesidade de establecer un protocolo e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 19307 (12/POC-003235)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 7 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en canto ao establecemento de convenios coas federacións deportivas neste ano 2025 e a súa contía

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 19310 (12/POC-003236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as limitacións das axudas á construción de barcos auxiliares de acuicultura na Orde do 17 de decembro de 2024, as súas repercusións no sector mexilloeiro e outros relacionados co mar e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 19322 (12/POC-003237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as necesidades de persoal médico e sanitario no Centro de Especialidades de Betanzos e os compromisos que está disposto a asumir o Goberno galego co fin de mellorar a súa dotación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 19327 (12/POC-003238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a drástica caída das capturas de lirio nas costas galegas, a valoración do Goberno galego e as medidas que prevé levar a cabo para afrontar esta situación

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 19334 (12/POC-003239)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á dotación de material e ao impulso dos trámites necesarios para concluír as obras do banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 19338 (12/POC-003240)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o impacto que ten na economía galega a desigualdade das mulleres, a valoración do Goberno galego sobre este feito e as súas previsións en canto á promoción de estudos que o analicen

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 19344 (12/POC-003241)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre a situación do judo galego e da Federación Galega de Judo
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 19351 (12/POC-003242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre o traballo que vén facendo a Xunta de Galicia na análise da caída da produción marisqueira da ría de Ferrol e as súas decisións ante este problema
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 19358 (12/POC-003243)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre as accións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para reducir os tempos de agarda da dependencia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 19363 (12/POC-003244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para garantir a cobertura inmediata da praza de pediatra dos centros de saúde de Dodro e Rois
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 19366 (12/POC-003245)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne á súa participación no financiamento da construción da EDAR de Barreiros
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 19374 (12/POC-003247)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as axudas previstas polo Goberno galego para protexer a produción da faba de Lourenzá
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 19377 (12/POC-003248)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Grueira Fernández, Nicole e 9 máis
Sobre a oferta da Formación Profesional dual no ámbito marítimo-pesqueiro, recentemente implantada en Viveiro, e as posibilidades de engadir outras medidas para atraer xente nova a este sector
Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 19379 (12/POC-003249)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 8 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia no marco do plan Camiña Rural e as previsións do seu impacto na dinamización económica e social das zonas rurais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 19385 (12/POC-003250)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a posibilidade de lles solicitar o reintegro das axudas ás empresas beneficiarias de subvencións públicas da Xunta de Galicia en determinados supostos de peche empresarial ou deslocalización da súa actividade en Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 19387 (12/POC-003251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os riscos epidemiolóxicos de gripe aviaria en Galicia e as medidas que se están a tomar para a súa prevención e detección

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 19395 (12/POC-003252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a dotación de persoal do anunciado hospital de día oncolóxico do Hospital Virxe da Xunqueira e as partidas orzamentarias habilitadas para este proxecto

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 19396 (12/POC-003253)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación de persoal, orzamentos, localización e prazos para a posta en marcha do hospital de día oncohematolóxico do Hospital Virxe da Xunqueira

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 19400 (12/POC-003254)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre a carencia dunha relación de postos de traballo na Administración de xustiza en Galicia e as actuacións realizadas polo Goberno galego co obxectivo de contar con este instrumento de planificación neste ámbito

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 19416 (12/POC-003255)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Grueira Fernández, Nicole e 8 máis

Sobre o balance da primeira edición do proxecto Fixar, o seu impacto nas comunidades locais e as medidas que se están a tomar para asegurar a súa continuidade

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 19439 (12/POC-003256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre os estudos e as medidas que impulsou ou pensa promover o Goberno galego no que atinxe á situación de desigualdade económica das familias monoparentais

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 19444 (12/POC-003257)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a autorización de Augas de Galicia da concesión á Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 19450 (12/POC-003258)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia verbo do impacto ambiental, económico e social que supoñería a reapertura da mina de Touro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 19456 (12/POC-003260)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis

Sobre o Acordo de libre comercio entre a UE e Tailandia e as súas repercusións na industria conserveira galega

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 19460 (12/POC-003261)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a selección e a tramitación do proxecto industrial de Altri, así como os compromisos adquiridos coa empresa

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 19465 (12/POC-003262)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a eficiencia actual do Instituto Galego de Vivenda e Solo na tramitación e xestión de fianzas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 19466 (12/POC-003263)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 7 máis

Sobre o novo convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas (Anfaco)

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 19472 (12/POC-003264)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do modelo de xestión da residencia de maiores e do centro de día de Dozón

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 19476 (12/POC-003265)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre as transferencias realizadas pola Xunta de Galicia ao Consello da Avogacía Galega para atender os gastos derivados dos servizos de asistencia xurídica gratuíta do ano 2024

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 19480 (12/POC-003266)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as consecuencias da actual dotación de axentes da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita a Galicia para o eficaz desenvolvemento das súas funcións

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 19482 (12/POC-003267)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre os cambios que levará aparelados a aplicación da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 19487 (12/POC-003268)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 9 máis

Sobre a acollida que tiveron as tarxetas Xente Nova e + 65 na comarca de Betanzos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 19490 (12/POC-003269)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a situación da escolarización infantil e as posibilidades de conciliación das familias nos concellos da comarca do Deza

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 19493 (12/POC-003270)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 9 máis

Sobre as melloras que foron introducidas no número de frecuencias do transporte metropolitano da Coruña, especialmente na área de Betanzos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 19499 (12/POC-003271)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre a dotación do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos canto a recursos humanos e materiais e a situación da sanidade pública na área que abrangue

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 19509 (12/POC-003272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o grao de concreción por parte da Xunta de Galicia na contestación ás preguntas parlamentarias con resposta escrita, particularmente nas relacionadas co estado de conservación da Rede Natura 2000, e ás solicitudes de información ao abeiro do artigo 9 do Regulamento

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 19514 (12/POC-003273)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre o nivel de execución do programa 451A, Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda, e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para mellorar a execución orzamentaria nesta materia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 19518 (12/POC-003274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre o nivel de execución do programa 451B, Acceso á vivenda, e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para mellorar a execución orzamentaria nesta materia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 19525 (12/POC-003276)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre os montes veciñais en man común que teñen en vigor o convenio ou o consorcio coa Administración forestal, así como o seu saldo, e aqueloutros que poderían cancelar de oficio os ditos convenios ou consorcios

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 19532 (12/POC-003277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das obras pendentes no CEIP O Grupo, de Ribeira, do incremento da súa dotación docente e do diálogo coa representación das familias

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 19542 (12/POC-003279)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as condicións do actual espazo que utilizan os mariscadores de Corcubión como vestiario e as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia co fin de buscar unha solución para poderen dispor dun local axeitado

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 19545 (12/POC-003280)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego e as actuacións que pensa promover no que atinxe ao avance dos dereitos das familias monoparentais en relación cos permisos por nacemento e maternidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 19557 (12/POC-003281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a postura do Goberno galego e as súas previsións no que concirne á posibilidade de explotar a ameixa e o ameixon na ría de Corcubión coa técnica do mergullo con subministración de aire en superficie

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 19561 (12/POC-003282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre a información do Goberno galego e o contacto que mantén co Goberno do Estado e a Autoridade Portuaria de Vigo respecto da situación do buque HC Eva Marie, que transporta explosivos e que está refuxiado neste porto por un corremento da súa carga

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 19567 (12/POC-003283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a orientación dada ao convenio entre o IGVS e o Consello da Avogacía Galega de 2024 e o seu balance en canto aos servizos prestados por esta entidade no marco do devandito convenio

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 19572 (12/POC-003284)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Pérez Fernández, Rosana



Sobre a postura da Xunta de Galicia das actuacións solicitadas pola Organización Empresarial Parquistas de Carril no porto de Vilagarcía
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 19574 (12/POC-003285)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre o estado en que se atopa no Congreso dos Deputados a tramitación da proposición de lei orgánica sobre a transferencia da AP-9

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 19580 (12/POC-003286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as consecuencias das últimas modificacións legais no que concirne ás garantías nos procedementos de solicitude das prestacións da Lei da dependencia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 19371 (12/POC-003246)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a progresiva exclusión da lingua galega no acceso aos medios públicos galegos de comunicación

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 19455 (12/POC-003259)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre a situación orzamentaria e contable da CRTVG

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 19523 (12/POC-003275)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia

Sobre a decisión da CRTVG pola que vai permitir, por primeira vez, a realización de probas de acceso ao ente en lingua castelá, os motivos da adopción dese criterio e as súas repercusións

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2025

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Iago Suárez Fernández, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a situación do hospital psiquiátrico La Robleda, no Pino.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Ante a gravidade dos feitos denunciados, cómpre que o Goberno galego se pronuncie canto antes no Parlamento sobre esta cuestión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura realizou unha visita o 25 e 26 de setembro do pasado ano ao Sanatorio Hestia La Robleda, sito no concello do Pino. Do informe feito público após esa visita dáse conta de numerosas vulneracións de dereitos humanos:

- Pacientes pechados nos cuartos como “castigo”.
- Gravacións, incluso dentro dos cuartos, sen garantir a intimidade das pacientes.
- Inexistencia de protocolos para denunciar violencia e/ou malos tratos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ingresos prolongados, incluso sen alteracións clínicas que o xustifiquen.
- Contencións frecuentes, algunhas mantidas durante semanas.
- Agresións sexuais a pacientes.

Este, ademais, é un centro que conta con financiamento público, pois mantén concerto coa sanidade pública para a prestación de servizos.

Esta non é a primeira vez que se fai público un informe semellante a este sobre un centro psiquiátrico no noso País, polo que resulta preocupante a inacción da Xunta de Galiza sobre este tema e a falta de atención que o Partido Popular lle presta á saúde mental.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

- É consciente o goberno galego da situación na que se atopan as pacientes ingresadas no Hospital Psiquiátrico La Robleda?
- Cantas inspeccións ten feito a Xunta de Galiza a este centro? Cales son os resultados destas inspeccións?
- Que medidas ten tomado a Xunta de Galiza para garantir os dereitos das persoas ingresadas neste centro?
- Cales son as medidas emprendidas para reducir o uso de contencións mecánicas nos centros sanitarios de Galiza? Considera que se está a facer un uso axeitado das contencións nos centros sanitarios galegos? E neste centro en particular?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Cales son as medidas para evitar agresións e violencia no contexto dunha hospitalización psiquiátrica?

– Cal é o financiamento que recibe este centro sanitario? Cantas pacientes se derivan a este centro?

– Cales son as medidas que vai tomar a Xunta de Galiza para garantir o cumprimento das recomendacións e suxestións emitidas polo MNP?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Ariadna Fernández González

Iago Suárez Fernández

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2025 16:45:32

Iago Suárez Fernández na data 06/02/2025 16:45:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 06/02/2025 16:45:42

María Montserrat Prado Cores na data 06/02/2025 16:45:51

Iria Carreira Pazos na data 06/02/2025 16:45:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Oscar Insua Lema, Iago Suárez Fernández e Cristina Fernández Davila, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre as declaracións de apoloxía da Ditadura franquista.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada na necesidade de que o Parlamento se posicione diante da gravidade das declaracións do presidente da Xunta e do conselleiro de Presidencia de apoloxía da Ditadura franquista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado de febreiro o pleno do concello de Cariño aprobou unha moción do BNG instando a retirada do nome de Manuel Fraga Iribarne dunha avenida da vila, en cumprimento do previsto na lei de memoria democrática de 2022. Na iniciativa tamén se manifestaba a opinión favorábel do pleno a respecto do cambio de nome do centro escolar Manuel Fraga, para o caso de que esta medida fose estudada polo Consello Escolar.

Logo da repercusión mediática que tivo este acordo, que contou coa abstención do grupo municipal do PP, os principais dirixentes do PP de Galiza chamaron á orde ao grupo municipal do PP de Cariño e á alcaldesa. A xeito de desagravio, pronunciaron





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

palabras de louvanza da figura de Manuel Fraga Iribarne que constitúen unha clara apoloxía do seu pasado franquista como Ministro dunha Ditadura que aterrorizou e asasinou a miles de galegas e galegos, que condenou ao exilio a moitos máis, que aniquilou os avances democráticos conseguidos durante a II República, incluíndo os dereitos e o sufraxio das mulleres, e impediu o autogoberno conquistado nas urnas o 28 de xuño de 1936.

O Conselleiro da Presidencia da Xunta, Diego Calvo, afirmou nun acto público que “Fraga merece ser recoñecido por toda a súa traxectoria”.

O Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, sinalou noutro acto que “Fraga merece todo o cariño, respecto e recoñecemento”.

Estamos diante dunha nova manifestación de negacionismo histórico, de revisionismo e de branqueo do franquismo por parte dos máximos dirixentes do PP. Cando celebran e manifestan o orgullo polo pasado franquista de Fraga, están lexitimando e celebrando a Ditadura franquista, a súa represión violenta e a súa persecución dos dereitos e liberdades cidadás.

Cómpre lembrar que na súa etapa como ministro de Información e Turismo Fraga dirixiu a censura e perseguiu a difusión da obra política de Castelao. Con Fraga de ministro de Información e Turismo, Alberto Míguez foi multado con 50.000 pesetas e condenado polo Tribunal de Orden Público (TOP) a seis meses de cárcere pola publicación en 1965 de *El pensamiento político de Castelao* na editorial Ruedo Ibérico.

No ano 1964, a censura franquista amputou os textos de contido máis político nacionalista de Castelao que formaban parte da antoloxía *Escolma posible*, preparada por Marino Dónega e editada por Galaxia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
1ª polo trámite de urxencia:

Considera a Xunta que Manuel Fraga “merece ser recoñecido por toda a súa
traxectoria”?

Considera o goberno galego digno de respecto e recoñecemento o papel de Fraga
como dirixente da Ditadura franquista?

Van rectificar o presidente da Xunta e o conselleiro de Presidencia as súas
declaracións que constitúen un caso grave de negacionismo histórico e de apoloxía e
branqueo da Ditadura franquista?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Taibo Corsanego
Oscar Insua Lema
Iago Suárez Fernández
Cristina Fernández Davila
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 10/02/2025 10:41:21

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/02/2025 10:42:23

Iria Taibo Corsanego na data 10/02/2025 10:42:56

Óscar Insua Lema na data 10/02/2025 10:43:02

Iago Suárez Fernández na data 10/02/2025 10:43:30

Cristina Fernández Davila na data 10/02/2025 10:43:38





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 18960
Data envío: 30/01/2025 18:30:24.922

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

Coñecida a última execución orzamentaria facilitada polo goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 451B “Acceso á vivenda” ten unha execución do 10,3 % no terceiro trimestre do ano 2024.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da execución do programa 451B no 3º trimestre do 2024?
2. Considera a Xunta de Galicia que restando tres meses do ano 2024 é normal que resten por executar 89,7 % dos fondos destinados a acceso á vivenda?
3. Cal é o motivo para este pírrica execución orzamentaria do programa 451B?
4. Como pensa o Goberno galego executar en tempo e forma as partidas orzadas en materia de vivenda no programa sinalado?
5. Ten pesado a Xunta de Galicia cambios para este ano 2025 co fin de que non se repita esta baixa execución orzamentaria? En caso afirmativo, cales?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 18960
Data envío: 30/01/2025 18:30:24.922

Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 30/01/2025 18:29:07

Paloma Castro Rey na data 30/01/2025 18:29:18

CSV: BGJREBQSP20A1U198B7W-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

65999

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral para a súa resposta oral na Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Galicia enfrontou durante 2024 diversas situacións que requiriron a mobilización de recursos especializados, incluíndo equipos de apoio psicolóxico que deben traballar de maneira coordinada con outros servizos de emerxencia.

A atención psicolóxica en situacións de emerxencia constitúe un alicerce fundamental para garantir o benestar das persoas afectadas e minimizar os impactos emocionais derivados de situacións críticas.

Neste sentido, o Goberno autonómico debe ofrecer información detallada sobre as mobilizacións realizadas no ámbito do apoio psicolóxico durante o ano 2024 e a súa avaliación das mesmas.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral:

Cales foron as mobilizacións realizadas pola Xunta de Galicia no ámbito do apoio psicolóxico en situacións de emerxencia durante o ano 2024, e que valoración fai o Goberno autonómico destas actuacións?

Santiago de Compostela, a 31 de xaneiro de 2025





Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 31/01/2025 11:05:20

Pablo Prieto Perille na data 31/01/2025 11:05:38

María Felisa Rodríguez Carrera na data 31/01/2025 11:05:46

Argimiro Marnotes Fernández na data 31/01/2025 11:05:58

Paula Mouzo Mas na data 31/01/2025 11:06:09

Katherinie Varela Fernández na data 31/01/2025 11:06:21

Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2025 11:06:32

Julio García Comesaña na data 31/01/2025 11:06:42

Roberto Rodríguez Martínez na data 31/01/2025 11:06:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a aprobación das axudas aos plans de mellora e as de mitigación-adaptación ao cambio climático e uso eficiente dos recursos naturais da anualidade 2024 e as solicitudes do 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro das funcións da consellería do medio rural está a de xestións das axudas, e dentro destas temos as que son mais importantes para o presente e o futuro do agro galego e que son as vinculadas aos Plans de Mellora e ás Axudas de Incorporación (cofinanciadas cun 60% de fondos europeos Feader). Estas axudas podemos consideralas dende sempre como os programas estrela para o sector agrario.

Neste ano a tan esperada orde saíu a finais de xaneiro, concretamente o 22 de xaneiro do 2024 publicouse:

ORDE do 2 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2024

Dende a propia Consellería indicouse nos medios de comunicación aos solicitantes que este ano se ían a resolver no mes de outubro. No mes de novembro ao non cumprir o que figuraba na orde de axudas e aprobarse o BNG presentou unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

interpelación no Parlamento galego. En dita comparecencia a Conselleira comprometeuse a aprobar todas as axudas solicitadas ao abeiro desta orde.

Posteriormente, o BNG presentou unha moción para que se aprobaran estas axudas tal e como se comprometera a Conselleira, mais esta proposta foi rexeitada polo PP con múltiples escusas. Este feito evidencia que a Xunta do PP non ten moita vontade de impulsar as axudas, tal e como corroborou no DOG na resolución das axudas o pasado 29 de xaneiro, na que se confirman os peores presaxios do BNG xa que se denegaron máis do 70% das axudas solicitadas e que cumprían os requisitos da orde de axudas.

Así pois, a Consellería ten pouco interese en apoiar as nosas mellores explotacións, en apoiar as mulleres e homes do noso rural, os que pretenden facer os investimentos na mellora das súas explotacións.

A denegación masiva de expedientes atenta contra as nosas explotacións mais activas, as que se queren modernizar e as que están xestionadas polas persoas máis novas. Incluso quedan fora moitas axudas asociadas a incorporación de mozas e mozos ao agro o que levará a que a súa incorporación se vexa comprometida ao non recibir esa axuda.

Dende o BNG xa a viamos vir dado que a orde priorizaba un determinado tipo de explotación e un elevado montante de axuda; polo que os nosos temores ao final confirmáronse e quedaron fora da axuda dos plan de mellora 439 explotacións.

Tendo en conta a importancia crucial que teñen estas axudas para o bo desenvolvemento do sector agrario galego, para o BNG estamos ante unha actuación totalmente negligente da Xunta do PP que pon unha vez mais trabas e problemas ao noso sector agrario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante as numerosas queixas, e a inquietude que xera esta situación nas persoas que se queren incorporar e crear unha explotación e tamén nas explotacións agrarias galegas que estaban a espera desta axuda para modernizar as súas explotacións, o Bloque Nacionalista Galego reclama da Xunta do PP unha actuación decidida e unha solución para este expedientes que foron denegados.

En definitiva, cando xa remata xaneiro de 2025 aínda non saíu a convocatoria destas axudas para este ano para que as mozas e mozos e titulares de explotacións fagan os seus plans de cara a incorporación ao agro ou mellora das súas explotacións. As nosas mellores explotacións, as que se queren modernizar e mellorar, e as nosas mozas e mozos que se queren incorporar a unha explotación merecen un respecto e que non os boicoteen.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Cantas axudas se aprobaron e denegaron por orientación produtiva e por provincia na anualidade 2024?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza da denegación masiva de plans de mellora na anualidade do 2024?
- Que explicación lles da aos titulares de explotacións e as mozas e mozos aos que lles denegaron as axudas no ano 2024?
- Vai a Xunta de Galiza tomar algunha medida para solucionar os expedientes que foron denegados no 2024 e que cumprían os requisitos?
- Vai a Xunta de Galiza sacar a orde de axudas do 2025 e cando no que se contemplan todas as liñas de axuda do ano 2024?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Sonia Vidal Lamas

Ariadna Fernández González

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 31/01/2025 11:17:20

Sonia Vidal Lamas na data 31/01/2025 11:20:53

Ariadna Fernández González na data 31/01/2025 11:21:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as accións que a Xunta debe impulsar para o cumprimento por parte do goberno do Estado da lexislación vinculada á normalización lingüística.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística no seu artigo 4, fixa o galego como lingua propia da Galiza e como a lingua oficial da administración autonómica e da administración local; en consecuencia, a documentación, resolucións e acordos dos Concellos está redactada en galego.

Porén, segundo se fixo público a través dos medios de comunicación desde o Concello de Arteixo, o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel respondeu á comunicación remitida polo Concello reclamando a tradución do acordo municipal en base a dous argumentos absolutamente falaces e facendo caso omiso do seu deber de favorecer e recoñecer as distintas linguas oficiais do Estado español distintas do castelán.

Así, por un lado, alegan que a necesidade de tradución se debe a que, en galego, os documentos son inintelixíbeis e poderían producirse erros de comprensión. Mais, o Ministerio posúe medios materiais e humanos para realizar a tradución da documentación que considere necesario. Cabe lembrar, sen ir máis lonxe, as delegacións territoriais do Ministerio na Galiza en que teñen a obriga de recibir e tramitar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

documentación presentada en galego e que poderían encargarse, de ser necesario, da tradución. Alén doutros medios materiais e tradutores perfectamente dispoñíbeis.

Por outro lado, o Ministerio acóllese ao estipulado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que, no seu artigo 15, recolle que nos procedementos tramitados polas Entidades locais, o uso da lingua axustarase ao previsto na lexislación autonómica correspondente, isto é, que deberá ser en galego. Así como que, é a Administración Pública INSTRUTORA do procedemento a obrigada a traducir os documentos, expedientes ou partes dos mesmos que deban ter efecto fora da Comunidade Autónoma. Neste caso, por tanto, dado que é a Administración

Local, obrigada a emitir os documentos en galego a que se dirixe ao Ministerio (con delegación territorial e unha Demarcación de Estradas sita na Galiza) para que realice unha modificación nun proxecto. Debe entenderse que é dereito do Concello facelo en galego, e obriga do Ministerio realizar a tradución, de consideralo preciso.

A Carta Europea das Linguas Minorizadas, asinada polo Estado español, establece a obriga de os Estados parte velaren para que as autoridades administrativas empreguen as linguas minorizadas, neste caso o galego; de feito, neste mesmo sentido, xa se teñen manifestado as recomendacións do Consello de Europa dirixidas ao Estado español en sucesivos informes de seguimento do cumprimento da Carta.

Non é este un caso aillado, senón que son frecuentes por parte de diferentes autoridades administrativas, sen que se teña constancia de ningún acción por parte do goberno da Xunta para lle pór fin a estas actuacións contrarias á protección legal do galego como lingua propia e oficial de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Ten constancia a Xunta de que desde diferentes autoridades administrativas do Estado español, de forma reiterada, se está a obrigar os concellos a traducir a documentación que estes remiten en galego?
- Concorde o goberno da Xunta con que este procedemento é contrario ao que regula o artigo 4 da Lei de normalización lingüística?
- Concorde a Xunta con que esta actuación por parte do goberno do Estado é contraria ao comprometido pola Carta Europea das Linguas Minorizadas a respecto da obriga dos Estados de velaren para que as autoridades administrativas empreguen con normalidade as linguas minorizadas?
- Que medidas ten adoptado a Xunta ante estas situacións de minorización do galego e polo tanto contrarias aos principios de normalización lingüística que se deben impulsar desde as diferentes administracións?
- Que medidas está a adoptar a Xunta para que cesen por parte das autoridades administrativas do Estado os reiterados agravios á lingua galega e ao seu emprego por parte das interaccións cos concellos galegos?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 31/01/2025 12:32:20

Iria Taibo Corsanego na data 31/01/2025 12:35:02

Daniel Castro García na data 31/01/2025 12:35:07





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral para a súa resposta oral na Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A autoprotección constitúe un elemento esencial na seguridade da cidadanía e das diversas actividades que se desenvolven na nosa comunidade autónoma. Neste contexto, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se establece o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e no que se regula o contido destas medidas.

No tempo transcorrido desde a entrada en vigor do decreto, resulta de gran importancia analizar o impacto desta normativa, valorar o esforzo realizado pola administración autonómica e coñecer os datos actualizados sobre os plans de autoprotección rexistrados. Esta información é clave para continuar mellorando as estratexias de prevención e garantir a protección de persoas, bens e medio ambiente.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral:

-Cantos plans de autoprotección se rexistraron en Galicia desde a aprobación do Decreto 172/2022, do 6 de outubro?

-Como valora o Goberno galego o impacto desta normativa na mellora da seguridade na nosa comunidade autónoma?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Paula Prado del Rio na data 31/01/2025 12:36:08

Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2025 12:36:21

Julio García Comesaña na data 31/01/2025 12:36:29

María Felisa Rodríguez Carrera na data 31/01/2025 12:36:38

Pablo Prieto Perille na data 31/01/2025 12:36:44

Argimiro Marnotes Fernández na data 31/01/2025 12:36:51

Katherinie Varela Fernández na data 31/01/2025 12:37:00

Paula Mouzo Mas na data 31/01/2025 12:37:10

Roberto Rodríguez Martínez na data 31/01/2025 12:37:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladrón Lamas, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral para a súa resposta oral na Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

A relación de Galicia coa súa diáspora é un dos seus maiores sinais de identidade, reflectindo o compromiso histórico da nosa terra cos galegos e galegas que residen fóra das súas fronteiras. En 2024, a Xunta de Galicia reforzou este compromiso mediante políticas sociais, culturais e económicas que beneficiaron a miles de galegos no exterior. Máis de 30.000 familias foron atendidas a través de programas específicos que buscaban non só apoiar ás comunidades galegas espalladas polo mundo, senón tamén facilitar o retorno daqueles que queren establecerse de novo na súa terra de orixe.

Estas iniciativas ofreceron apoio en ámbitos tan diversos como o emprendemento, o acceso á educación, a integración laboral ou a preservación da nosa cultura e tradición. Ademais, permitiron consolidar vínculos coas novas xeracións da diáspora, asegurando que Galicia permaneza no corazón dos seus descendentes e sexa percibida como unha terra de oportunidades para regresar. Este impacto positivo tamén se reflicte na consolidación dun saldo migratorio favorable, que é unha mostra clara do éxito destas políticas.

Con todo, é fundamental analizar en profundidade o balance das actuacións desenvolvidas para garantir que estas políticas sigan evolucionando e adaptándose ás necesidades dos galegos no exterior e dos que optan por regresar. Este traballo é

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





clave para que Galicia siga sendo un referente no apoio á súa emigración e unha terra acolledora e próspera para todos os seus habitantes

Polo exposto os deputados de deputadas asiantes formulan a seguinte preguntas orais.

1. Que valoración fai o Goberno galego do impacto das medidas sociais e programas de apoio ao retorno?
2. Cales foron os principais logros e retos identificados ao atender as máis de 30.000 familias beneficiadas?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 31/01/2025 12:45:57

Paula Prado del Rio na data 31/01/2025 12:46:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Felisa Rodríguez Carrera na data 31/01/2025 12:46:26

Julio García Comesaña na data 31/01/2025 12:46:31

Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2025 12:46:39

Katherinie Varela Fernández na data 31/01/2025 12:46:55

Argimiro Marnotes Fernández na data 31/01/2025 12:47:02

Pablo Prieto Perille na data 31/01/2025 12:47:13

Roberto Rodríguez Martínez na data 31/01/2025 12:47:20

Paula Mouzo Mas na data 31/01/2025 12:47:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Katherinie Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Recentemente o Diario Oficial de Galicia publicaba a orde de axudas para cubrir os gastos de adopción dun animal doméstico procedente de centros de acollida.

Esta é a segunda convocatoria que ten lugar desde que, en xuño do ano pasado, se puxeran en marcha por primeira vez estes apoios.

A iniciativa responde a un compromiso electoral formulado polo presidente Alfonso Rueda nunha firme aposta do Goberno galego por políticas que favorezan a adopción de animais abandonados.

Case un de cada tres galegos teñen unha mascota o que demostra a especial sensibilidade da nosa sociedade e, outro moitos, colaboran con frecuencia cos centros de acollida de animais de compañía.

A estas iniciativas en favor das familias acolledoras hai que engadir as colaboracións que o Goberno galego mantén con entidades locais e asociacións protectoras de animais que se dedican ao coidado das mascotas abandonadas.

Sen esquecer outras medidas como a futura construción dun de titularidade autonómica para a recollida de animais de compañía en situación de abandono ou o compromiso de dotar ás sete cidades galegas de parques caninos, áreas seguras para animais e familias

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Que valoración fai o Goberno galego das políticas dirixidas a fomentar a adopción responsable e o benestar animal en Galicia?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 31/01/2025 12:52:52

Carmen Pomar Tojo na data 31/01/2025 12:53:06

Rubén Lorenzo Gómez na data 31/01/2025 12:53:17

Roberto Rodríguez Martínez na data 31/01/2025 12:53:29

Cristina Campero Dorado na data 31/01/2025 12:53:48

María Deza Martínez na data 31/01/2025 12:53:57

José Luis Ferro Iglesias na data 31/01/2025 12:54:12

Argimiro Marnotes Fernández na data 31/01/2025 12:54:31

Katherinie Varela Fernández na data 31/01/2025 12:54:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Jose Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Raúl Santamaría González, Julio García Comesaña e María Felisa Rodríguez Carrera deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

A Xunta de Galicia vén de lanzar o Programa Galego de Acollda e Apoio Educativo ao Alumnado Estranxeiro, enmarcado dentro do Plan MEGA de mellora educativa de Galicia, co obxectivo de garantir a escolarización, a acollda e o benestar do alumnado de orixe estranxeira.

Este programa abrangue todas as etapas educativas —desde Infantil ata as Ensinanzas de Réxime Especial— e introduce importantes novidades, como a posta en marcha dun proxecto específico de inclusión nos centros educativos e a creación dunha oficina de acollda especializada para orientar e apoiar a comunidade educativa.

Aínda que Galicia se sitúa entre as comunidades con menor porcentaxe de alumnado estranxeiro de España, o contexto educativo galego amosa unha tendencia alcista no número de estudantes de orixe estranxeira, que pasou dun 3,67% no curso 2020/21 ao 7,5% no 2024/25.

Este crecemento esixe unha resposta educativa adecuada que promova a equidade, a inclusión e a diversidade cultural. Con esta iniciativa, Galicia reforza a súa posición en ámbitos nos que xa é referente, como a equidade e a excelencia educativa e a diversidade.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Cales son os obxectivos e as principais estratexias que a Xunta de Galicia desenvolve a través do Programa Galego de Acollda e Apoio Educativo ao Alumnado Estranxeiro?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 31/01/2025 13:35:38

Víctor Baladrón Lamas na data 31/01/2025 13:35:53

Carmen Pomar Tojo na data 31/01/2025 13:36:06

José Luis Ferro Iglesias na data 31/01/2025 13:36:16

Rubén Lorenzo Gómez na data 31/01/2025 13:36:24

Raúl Santamaría González na data 31/01/2025 13:36:35

Julio García Comesaña na data 31/01/2025 13:36:47

Patricia García González na data 31/01/2025 13:36:55

María Felisa Rodríguez Carrera na data 31/01/2025 13:37:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Jose Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Raúl Santamaría González, Julio García Comesaña e María Felisa Rodríguez Carrera deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O Goberno galego vén de aprobar unha nova inxección de máis de 61 millóns de euros para as convocatorias de axudas destinadas ao fortalecemento do sistema galego de I+D+i. Esta decisión busca seguir proporcionando estabilidade e certezas ao ámbito da investigación en Galicia, consolidando á comunidade como unha das que máis aposta pola innovación e a ciencia no conxunto estatal.

A anunciada inxección concretarase nas diversas convocatorias de apoio á contratación de investigadores universitarios, tanto predoutorais como postoutorias, así como nas axudas dirixidas aos grupos de investigación máis competitivos do sistema de I+D+i.

Galicia reforza a súa aposta pola ciencia, segundo a Estatística sobre actividades de I+D no ano 2023 do Instituto Nacional de Estatística, a Comunidade Autónoma que máis incrementou o investimento neste ámbito no último ano, cun aumento do 28,2% que levou o gasto total ata os 962,8 millóns de euros. Este crecemento, case o dobre do observado no conxunto do Estado reforza a súa posición de referencia no panorama científico e tecnolóxico español.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Como valora a Xunta de Galicia as políticas de axudas destinadas ao fortalecemento do sistema galego de I+D+i?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 31/01/2025 13:42:22

Víctor Baladrón Lamas na data 31/01/2025 13:43:55

José Luis Ferro Iglesias na data 31/01/2025 13:44:05

Carmen Pomar Tojo na data 31/01/2025 13:44:15

Rubén Lorenzo Gómez na data 31/01/2025 13:44:26

Julio García Comesaña na data 31/01/2025 13:45:01

Raúl Santamaría González na data 31/01/2025 13:45:09

Patricia García González na data 31/01/2025 13:45:19

María Felisa Rodríguez Carrera na data 31/01/2025 13:45:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Jose Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Raúl Santamaría González, Julio García Comesaña e María Felisa Rodríguez Carrera deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

Cumprindo co seu compromiso, a Xunta de Galicia licitou a finais do ano 2024 as obras de rehabilitación integral do CEIP Francisco Vales Villamarín de Betanzos cun investimento de 910.000€

Este proxecto ten como finalidade a mellora da eficiencia enerxética do centro, para o que inclúe diversas propostas como o illamento térmico no exterior das fachadas con sistema tipo SATE e cambio de canos, baixantes e fiestras. No que atinxe ao interior, o proxecto recolle a instalación de falsos teitos en aulas, comedor, sala de usos múltiples e outros espazos. Ademais cambiaranse as luminarias por outras de maior eficiencia enerxética. Entre outras melloras tamén se realizará o traslado da biblioteca ou a reorganización do comedor e a sala de usos múltiples.

Esta actuación súmase a outras previas que o Goberno galego xa acometeu no centro. De feito, nos últimos anos a Xunta de Galicia leva investidos uns 3,5M€ en diferentes melloras, entre as que destacan a construción das novas aulas de Infantil ou a primeira fase da rehabilitación integral acometida no edificio principal que, con esta nova actuación, se completará. Esta obra enmárcase dentro do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica da Xunta de Galicia que vén de iniciar a súa segunda edición sumando, en conxunto, un investimento de 500M€

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Como valora a Xunta de Galicia as actuacións realizadas no CEIP Francisco Vales Villamarín?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 31/01/2025 13:50:37

Víctor Baladrón Lamas na data 31/01/2025 13:50:51

José Luis Ferro Iglesias na data 31/01/2025 13:51:11

Carmen Pomar Tojo na data 31/01/2025 13:51:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 31/01/2025 13:51:42

María Felisa Rodríguez Carrera na data 31/01/2025 13:51:51

Patricia García González na data 31/01/2025 13:51:58

Raúl Santamaría González na data 31/01/2025 13:52:06

Julio García Comesaña na data 31/01/2025 13:52:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Jose Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Raúl Santamaría González, Julio García Comesaña e María Felisa Rodríguez Carrera deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O Goberno galego acaba de trasladar ao Consello de Xunta un informe coa Oferta Pública de Emprego de Educación para 2025, coas que se convocarán un total de 1.664 prazas.

Con esta cifra, o Goberno galego esgota a taxa de reposición autorizada a nivel estatal, fixada nun 120 por cento, o que implica que por cada 100 prazas vacantes ofértanse 120, e suma 20.252 as prazas convocadas desde 2009 para renovar o cadro de persoal docente de Galicia.

O Goberno galego continúa apoiado ao profesorado e poñendo en marcha accións que aseguran a calidade e a inclusión do sistema educativo nos próximos anos, aspectos avalados polos principais indicadores e informes nacionais e internacionais.

Por todo o exposto, os deputado e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Como valora a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a nova Oferta Pública de Emprego?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 31/01/2025 13:56:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Víctor Baladrón Lamas na data 31/01/2025 13:56:58

José Luis Ferro Iglesias na data 31/01/2025 13:57:10

Carmen Pomar Tojo na data 31/01/2025 13:57:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 31/01/2025 13:57:35

Patricia García González na data 31/01/2025 13:57:50

Julio García Comesaña na data 31/01/2025 13:58:02

Raúl Santamaría González na data 31/01/2025 13:58:11

María Felisa Rodríguez Carrera na data 31/01/2025 13:58:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o hospital de día de oncoloxía do hospital público comarcal da Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2024, en plena campaña electoral, o ex-conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, prometía un hospital de día oncológico para dar tratamento de quimioterapia no hospital comarcal “Virxe da Xunqueira”, e evitar así os desprazamentos dos doentes á Coruña. Resaltaba que era un servizo que xa tiñan outros hospitais comarcais, e que o obxectivo era facilitarlle a vida a doentes e as familias.

O actual conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, visitou o hospital en Cee o 27 de xuño do 2024 e anunciou que estaban traballando para implantar ese mesmo ano o hospital de día de oncoloxía para acercar os tratamentos aos doentes de cancro. Mais a realidade é que durante o ano pasado non se implantou o servizo prometido.

O pasado 13 de xaneiro de 2025, o Consello de Goberno anunciou que a Xunta habilitará este ano hospitais de día onco-hematolóxicos en Barbanza e en Cee, destinando 1,4 M€ ás obras das novas instalacións, prevéndose un maior esforzo no Hospital Público da Barbanza, onde é preciso construír un novo espazo para albergar o servizo, e estimando que o hospital de día “Virxe da Xunqueira” asistirá a 365 doentes, que evitarán o desprazamentos a Santiago de Compostela e A Coruña, e posibilitando o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acceso a tratamentos especializados para enfermidades oncolóxicas e hematolóxicas como quimioterapia e transfusións, sen necesidade de desprazamento nin de hospitalización prolongada. O anuncio do Consello da Xunta parece que só é iso, un anuncio coma os enunciados ata o momento, pois ese día só tomaron en consideración un informe da Consellería de sanidade para a posta en marcha deses servizos durante este ano.

No caso do Hospital comarcal da Costa da Morte, a día de hoxe, descoñécese o lugar para ubicar as instalacións do hospital de día oncolóxico, non se sabe si se ubicará dentro do propio hospital ou si se van facer novas instalacións fóra, sabendo que o espazo actual está saturado. Nada se sabe tampouco sobre que persoal vai atender ese servizo, si se desprazará persoal doutros servizos dentro da área sanitaria ou si crearán novas prazas no cadro de persoal do centro hospitalario comarcal. A día de hoxe, e despois de anos de espera, o anuncio do partido popular segue sendo fume, pois segue sen concretarse onde se instalará o servizo, que persoal se destinará ao mesmo e sobre todo, cales son as partidas orzamentarias da implantación deste servizo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cales son os impedimentos existentes para que aínda non estea habilitado o servizo de hospital de día onco-hematolóxico no hospital público comarcal “Virxe da Xunqueira” anunciado hai un ano?

- Cal é previsión exacta da Consellería para abrir aos doentes de cancro este servizo tan demandado na comarca?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Onde se vai a ubicar as instalacións do servizo de oncoloxía anunciado? Canto personal vai estar adscrito a este servizo? Van a modificar o cadro de persoal actual do hospital? Van a crear novas prazas ou van a desprazar a outro persoal da área sanitaria?

- Cales son as partidas orzamentarias habilitadas para este proxecto?

- Ten a Consellería un proxecto redactado sobre a posta en funcionamento deste servizo? Dende que data? Cal é causa pola que non se publicou este proxecto, si é que existe?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 03/02/2025 09:58:32

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2025 10:02:38

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2025 10:03:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as instrucións da Consellería de Educación dirixidas ás direccións dos centros educativos para denegar o acceso á información sobre os datos do curso actual.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados de outubro a Confederación ANPAs Galegas denunciaba publicamente o que estaba acontecendo nos centros educativos da provincia de Lugo. Unha situación que reflectía o escuran-tismo do Goberno da Xunta a través da Consellería de Educación.

É ben coñecida en todo o País a situación das familias con fillos e fillas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo dentro dos centros escolares. A falta de profesorado de apoio, especialistas de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Coidadores/as, etc. é evidente en todas as escolas e institutos. Saen en prensa a diario casos concretos que levan dende comezos de curso, hai dous me-ses, reclamando unha atención que por lei correspóndelles e que a Consellería de Educación está a denegar baseando a súa decisión en catálogos de persoal e outras cuestións menores que non serven como argumento para explicar a toma desta decisión errada. Este alumnado carente dos apoios que precisa para avanzar neste curso escolar, permanecerá frustrado e excluído, sen entender porqué ago-ra non se poñen os recursos necesarios para que poidan estar dentro das aulas en igualdade de condicións co resto dos seus compañeiros/as.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As ANPAs levan meses mobilizándose nos centros educativos e na rúa, nas súas vilas, nas grandes cidades e a última multitudinaria o pasado 26 de outubro en Santiago de Compostela, onde milleiros de persoas entre familias, docentes e alumnado reclamaban un dereito a unha atención individualizada para aqueles nenos e nenas e adolescentes máis vulnerables e con maiores necesidades de apo-íos e reforzos. Un dereito recollido na Constitución e na Lei de Diversidade.

Pero tamén é función das ANPAs reclamar oficialmente esta cuestión básica para un 30% do alumnado matriculado na actualidade. É dicir, ante a administración competente, a Consellería de Educación, ante as Direccións Territoriais en cada provincia, ante o Defensor do Menor ou a Valedora do Pobo.

Para iso precisaban datos máis concretos, todos eles que deberan aparecer na páxina de transparencia da Xunta ou da Consellería e non están, ou que deberan ser facilitados en cada centro educativo con respecto aos seus propios datos de matrícula, de número de alumnado NEAE, catálogo numérico de docentes adscritos de xeito estable ou necesidades reais en profesorado de apoio ou especialistas para o alumnado máis vulnerable, e se deben estar adscritos ou só é un reforzo puntual. É dicir, precisaban ter coñecemento claro da situación educativa en cada centro, para despois poder facer a reclamación pertinente. Todos eles datos xerais e numéricos que non eran contrarios á Lei de Protección de Datos.

Esta pequena investigación que facían as Asociacións de Nais e Pais estaba a pór en evidencia a falta de recursos educativos actuais nos centros, en contraposición con meses e meses de propaganda e autobombo do PP na Xunta en todos os medios de comunicación, do maior número de profesorado na historia do noso País.

Unha maneira de poñer freo a esta mobilización e reclamación destas asociacións foi enviar dende as Inspeccións Educativas a todos os seus centros de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

referencia na provincia de Lugo primeiro, e poste-riormente a outras provincias, un escrito dirixido ás direccións dos centros educativos.

Neste escrito a Inspección daba “instrucións” claras de como as direccións dos centros deben proce-der diante da solicitude de información que lles realizan as ANPAs. Falamos de impedir, dificultar ou dilatar o acceso da sociedade xeral aos datos non privados que definen a normalidade dun centro escolar e que se están a demandar.

Non só atenta contra a normativa de transparencia para pretender lograr o efecto contrario ao que esta normativa pretende, senón que pretende impedir concretamente á ANPA, un membro nato do Consello Escolar, o principal órgano de goberno democrático dun centro escolar, o acceso á informa-ción que lle permite desenvolver as súas funcións de participación marcadas na normativa educativa.

En conclusión, a instrución pretende evitar que a información real chegue ao coñecemento de quen pode e quere utilizala na crítica responsable dun sistema que cada curso entorpece máis a inclusión, a igualdade e as oportunidades vitais do alumnado máis vulnerable.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- É coñecedora a Consellería de Educación do escrito con instrucións enviado aos centros educativos por parte das Inspeccións Educativas coa finalidade de evitar que as ANPAs obteñan a información que lles permite desenvolver as súas funcións de participación marcadas na normativa educativa?

2.- Quen deu orde ás Inspeccións para enviar este escrito de instrucións aos centros?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Vai a Consellería retirar de xeito inmediato estas instrucións enviadas aos centros educativos?

4.- Vai a Consellería posibilitar que as direccións dos centros habiliten nas súas páxinas web aqueles datos xerais, que non atenten contra a Lei de Protección de Datos, sobre o funcionamento do centro en cada curso escolar, como poden ser o número de matrículas, de unidades, de repetidores por curso ou de alumnado NEAE, ratios nas aulas, catálogo de profesorado adscrito e estable, etc.?

5.- Vai a Consellería manter un encontro coas Federacións e Confederacións de ANPAs para aclarar a situación educativa actual e escoitar as propostas formuladas para mellorar a situación actual con respecto á falta de atención ao alumnado NEAE, así como a outras eivas que son preciso solventar de xeito urxente?

6.- Vai a Consellería activar un protocolo que permita ás Confederacións acceder, en cada comezo do curso escolar, a todos os datos xerais dos centros educativos galegos, de xeito global, por provincias, por comarcas e municipios?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 03/02/2025 10:14:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 03/02/2025 10:14:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación sanitaria nos centros de saúde e consultorios do rural de Crecente e A Cañiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos do rural están sufrindo unha situación sanitaria surrealista, carecendo de estabilidade nas prazas de Medicina de Familia ou Pediatría e cunha clara desatención ás persoas doentes adscritas aos centros de saúde.

Na actualidade a praza de Pediatra no centro de saúde de Crecente está baleira e hai un pediatra desprazado dende A Caniza para atender as nenas e nenos de Crecente. Tan só dúas horas dous días á semana en cada un deles. Como se fora posible planificar as enfermidades das cativas, producindo así moitos desprazamentos das familias ás urxencias do hospital de referencia (Álvaro Cunqueiro), de máis de 50 kms. nalgúns casos.

Hai que ter en conta que os nacementos estanse incrementando no concello de Crecente o mesmo que o número de familias que se establecen con nenos e nenas pequenas de xeito frecuente nos últimos anos, polo entorno natural tan excepcional.

Outro dos consultorios da zona pechados é o de Filgueira, no concello de Crecente, polo tanto o médico que cubría esa praza de Familia reparte o seu tempo agora entre o centro de saúde de Crecente e o consultorio de Valeixe, 3 días á semana,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que permanece aberto debido a presión da veciñanza, cunha enfermeira pero sen pediatra.

Deste xeito, as persoas de Filgueira deciden cambiarse ao centro de saúde da Caniza por proximidade, renunciando a un servizo que lles corresponde no seu concello, Crecente. Igual que outras persoas que dende o CS de Crecente, debido á falta dunha atención de calidade, deciden incrementar os cupos das médicas/os da Caniza, que cada día que pasa medran a simple vista.

Como podemos ver esta zona da Comarca da Paradanta atópase nunha situación de caos debido á non cobertura das vacantes de persoal, a non substituír as sanitarias que están de baixa, permiso e vacacións e o peche de consultorios nas parroquias, debendo trasladarse a maioría das persoas a un lugar distinto e sen dispor de transporte público de ningún tipo, facendo moi dificultoso a súa mobilidade para poder recibir atención sanitaria.

Por todo isto o PAC da Caniza, como xa temos advertido noutras iniciativas presentadas polo BNG nesta lexislatura, ten que soportar numerosas urxencias da veciñanza da localidade, das parroquias e doutros concellos por non ter atención tamén nos seus propios centros ou consultorios. Prodúcese un colapso importante cando o persoal sanitario debe saír a atender urxencias ou a persoas dependentes no seu domicilio, quedando numerosas doentes á espera do seu regreso. O mesmo acontece cando a médica/o debe acompañar na ambulancia a un doente ao Hospital Álvaro Cunqueiro, o retraso que se produce nesta situación é manifesto, quedando desatendido o servizo sanitario.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que accións pensa levar a cabo o Goberno Galego para garantir os dereitos sanitarios da poboación da Comarca da Paradanta e así abrir de novo o consultorio de Filgueira e dotar a este e ao centro de saúde de Crecente de suficientes médicos/as de Familia??
- Vai o goberno da Xunta dotar de Pediatra estable no centro de saúde en Crecente e ao consultorio de Valeixe para evitar o desprazamento de moitas cativas doentes ao Hospital de referencia, o A. Cunqueiro?
- Vai o goberno da Xunta proceder á substitución do persoal facultativo, de enfermaría e persoal non sanitario en situación de baixas laborais, vacacións e permisos e así prestar unha atención sanitaria de boa calidade á poboación da comarca da Paradanta?
- Van suprimir a atención preventiva a persoas que padecen enfermidades crónicas, como por exemplo a diabetes?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 03/02/2025 10:13:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2025 10:13:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Cristina Fernández Davila e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o transporte escolar no CEIP Plurilingüe Curros Enríquez de Celanova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 20 de xaneiro de 2025 o alumnado do CEIP Curros Enríquez de Celanova usuarias da parada do bus escolar da rúa Miguel A. Blanco, comunmente coñecida como a da “droguería”, viron con sorpresa como sen comunicación ou notificación previa se suprimiría ese lugar como espazo para a recollida dos e das cativas.

A Xunta de Galiza limitouse a notificar a empresa encargada do transporte escolar a supresión da parada da “droguería” sen informar nin ao centro escolar, nin a ANPA de tan relevante decisión, polo que colleu de imprevisto a todas as familias que tiveron que improvisar un desprazamento ate outras paradas ou inxenialas para desprazar ás crianzas con medios propios ate o centro escolar. Non podemos esquecer que estamos a falar dun centro de educación infantil e primaria, polo que o alumnado apenas sobrepasa os 11 anos.

Actualmente, e ante a ausencia de comunicación de resolución algunha, o que están a vivir os pais e nais, e por suposto o propio alumnado, é unha concentración de paradas toda vez que as da “droguería” teñen que desprazarse ate a rúa da Obra, na que son recollidas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta circunstancias non só provoca as molestias propias dun maior desprazamento, senón que esta a supor un atraso na chegada ao centro educativo, e o que sen dúbida é máis relevante, un problema de seguridade, pois non é o mesmo o control e atención a un grupo de 6 cativos/as que unha acumulación de 24, máxime nas idades das que estamos a falar.

O servizo de transporte escolar no CEIP Curros Enríquez de Celanova non só non esta a atender a demanda todas as persoas que precisan e o solicitan, senón que a súbita decisión da Xunta de Galiza esta a provocar que as usuarias o estean facendo en peores condicións de seguridade e eficacia, dificultando, asemade, a conciliación das familias.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Notificou a Xunta de Galiza á dirección do CEIP Curros Enríquez de Celanova a resolución pola que se acorda a supresión da parada de transporte escolar da r/ Miguel Ángel Blanco no concello Celanova?

Notificou tal resolución á ANPA do CEIP Curros Enríquez de Celanova?

No seu caso, cal foi a data de tal notificación?

Considera a Xunta de Galiza que as familias debían ser informadas con antelación dunha decisión tan relevante como a supresión dunha parada de transporte escolar que afecta a alumnos/as de menos de 12 anos?

Entende a Xunta de Galiza que unha concentración de alumnado de menos de 12 anos nunha mesma parada condiciona o control no acceso e as condicións de seguridade nas que se produce?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O servizo de transporte escolar da ruta Celanova (droguería) a Moimenta esta a atender a demanda de todas as persoas que o solicitaron?

Recibiu a Xunta de Galiza algunha proposta de itinerario que permitise ampliar e mellorar a prestación do servizo de transporte escolar ao CEIP Curros Enríquez?

No seu caso, quen presentou esa proposta de itinerario alternativo?

Que informes ou valoracións realizou a Xunta de Galiza para non estimar a proposta, no seu caso, formulada?

Que medidas ten previsto implementar a Xunta de Galiza para corrixir a situación que se ven padecendo e mellorar o servizo que se ven prestando e mesmo adecualo as necesidades e demandas das familias?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Paulo Ríos Santomé

Cristina Fernández Davila

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/02/2025 11:32:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 03/02/2025 11:33:42

Cristina Fernández Davila na data 03/02/2025 11:34:02



A Mesa do Parlamento

María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O acceso á vivenda é un dos retos máis importantes da sociedade actual e para afrontalo é necesario buscar solucións reais, pragmáticas e eficaces. O obxectivo é que ningún galego, especialmente entre a mocidade vexa truncado o seu futuro por non dispoñer de algo tan básico como un teito no que comezar a formar a súa propia vida de xeito independente.

Galicia está a ser referente na posta en marcha de fórmulas innovadoras no ámbito do acceso a un futuro fogar como son as vivendas compartidas ou a mellora normativa para axilizar a construción de vivenda protexida para compra o alugueiro. Tamén axudas directas como o Bono Emancípate ou importantes descontos como o Aval Mozo.

Centrándonos nesta última acción –o Aval Mozo- cómpre valorar o desenvolvemento desta iniciativa así como das vantaxes que o Goberno galego pon en marcha no que atinxe a rebaixas fiscais aplicadas ao tramo autonómico do Imposto de Transmisións Patrimoniais e que se traduce en importantes descontos na adquisición da vivenda.

Coa previsión de que o Goberno Central copie de novo esta iniciativa, aprobada recentemente, derivando de novo a xestión da mesma ás CC.AA, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego da posta en marcha polo Goberno central e sen diálogo da medida de avais á compra de vivenda que terán que xestionar as Comunidades Autónomas?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Deza Martínez na data 03/02/2025 11:02:26



Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 11:02:42

José Luis Ferro Iglesias na data 03/02/2025 11:02:55

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/02/2025 11:03:06

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/02/2025 11:03:22

Carmen Pomar Tojo na data 03/02/2025 11:03:34

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/02/2025 11:03:49

Gonzalo Trenor López na data 03/02/2025 11:04:05

Katherinie Varela Fernández na data 03/02/2025 11:04:19



A Mesa do Parlamento

María Deza Martínez, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Goberno galego segue avanzando no seu obxectivo de duplicar o parque público de vivenda de Galicia nesta lexislatura. Con esta finalidade ten en marcha diferentes medidas que buscan ser solucións reais, pragmáticas e eficaces ante o reto que supón favorecer o acceso a unha vivenda con prezos accesibles.

O obxectivo é que ningún galego, especialmente entre a mocidade, vexa truncado o seu futuro por non dispoñer de algo tan básico como un teito no que comezar a formar a súa propia vida de xeito independente.

Así por exemplo desde a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, se están a presentar diferentes proxectos residencias na cidade de Lugo, en particular na zona de Garabolos.

As diferentes iniciativas proxectadas inclúen tanto vivenda destinada a aluguer como en venda e, en moitos casos, especialmente destinada a menores de 36 anos con interese en adquirir vivenda pública.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cantas promocións de vivenda pública prevé desenvolver o Goberno galego na cidade de Lugo e con que características?
- 2.- Que outras medidas ten en marcha o Goberno galego para a rehabilitación de vivenda en conxuntos históricos?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Deza Martínez na data 03/02/2025 11:15:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Elena Candia López na data 03/02/2025 11:15:55

Cristina Sanz Arias na data 03/02/2025 11:16:09

Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 11:16:24

José Luis Ferro Iglesias na data 03/02/2025 11:16:35

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/02/2025 11:16:46

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/02/2025 11:16:59

Carmen Pomar Tojo na data 03/02/2025 11:17:11

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/02/2025 11:17:28

Gonzalo Trenor López na data 03/02/2025 11:17:45

Katherinie Varela Fernández na data 03/02/2025 11:17:59



A Mesa do Parlamento

María Deza Martínez, Borja Vereá Fraiz, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Galicia está a ser referente na posta en marcha de fórmulas innovadoras no ámbito do acceso a un futuro fogar como novas medidas de apoio directo (o Bono Emancípate ou o Aval Mozo) melloras normativas para axilizar a construción de vivenda protexida para compra o alugueiro ou solucións innovadoras como son as vivendas compartidas.

O acceso á vivenda é un dos retos máis importantes da sociedade actual e para afrontalo é necesario buscar solucións reais, pragmáticas e eficaces. O obxectivo é que ningún galego, especialmente entre a mocidade, vexa truncado o seu futuro por non dispoñer de algo tan básico como un teito no que comezar a formar a súa propia vida de xeito independente.

Así por exemplo na cidade de Santiago de Compostela está previsto construír o primeiro edificio de aloxamentos compartidos e temporais, en alugueiro accesible, para mozos menores de 36 anos. Emprazarase na avenida Xoán XXIII, a carón da biblioteca Ánxel Casal, no que os mozos poderán permanecer ata tres anos en réxime de alugueiro. Iniciativas similares están previstas nas cidades de Vigo e Lugo.

Por outra banda, a Administración autonómica tamén ofrece aos mozos axudas para adquisición de vivenda, en especial en municipios de menos de 10.000 habitantes, así como nos cascos históricos, onde as achegas poden superar os 12.000 euros. Ademais, a Xunta sufraga co Aval Mozo ata o 20% o custe da vivenda e ofrece bonificacións fiscais por adquisición de vivenda a menores de 36 anos. A comunidade galega conta, por outra banda, cun programa de axudas propio ao alugueiro, con vantaxes específicas para a mocidade. A Xunta destina 10M€ a financiar ata 2025 ata o 60% da renda.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que pasos se deron ata o de agora e cal é a previsión no desenvolvemento do programa de aloxamentos compartidos en alugueiro accesible, destinado á mozos e mozas menores de 36 anos, que promove a Xunta de Galicia en diferentes cidades galegas?



Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Deza Martínez na data 03/02/2025 11:31:20

Borja Vereza Fraiz na data 03/02/2025 11:31:36

Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 11:31:52

José Luis Ferro Iglesias na data 03/02/2025 11:32:03

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/02/2025 11:32:14

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/02/2025 11:32:40

Carmen Pomar Tojo na data 03/02/2025 11:32:52

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/02/2025 11:33:07

Gonzalo Trenor López na data 03/02/2025 11:33:23

Katherinie Varela Fernández na data 03/02/2025 11:33:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Oscar Insua Lema, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á posicións da Xunta de Galiza ante a Convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira previsto para o 26 de febreiro de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado no mes de decembro de 2024, estaba prevista unha nova reunión no mes de xaneiro que, finalmente non foi convocada. O xoves 30 de novembro, a Ministra de Facenda, a señora Montero, avanzaba que se celebraría unha nova reunión o próximo 26 de febreiro.

Aínda que a Convocatoria non consta aínda de orde do día, avanzouse xa na anterior e nos medios de comunicación que un dos temas a tratar sería a quita ou condonación da débeda. Cómpre recordar que a débeda é un dos problemas económicos máis importantes, tanto de Galiza como do propio Estado, e que urxe unha saída na que Galiza non siga perdendo.

Segundo o Banco de España, na súa nota estatística do 17 de xaneiro de 2025 na que avanza os datos do Protocolo de Déficit Excesivo, a débeda das administracións públicas situouse en 1.622 mm de euros en novembro de 2024. Segundo informa o organismo, o saldo da débeda do Estado se situouse en 1.475 mm de euros, cun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incremento interanual do 4,2%. No que atinxe ás “outras unidades da Administración central” o saldo foi de 37 mm, o que supón unha baixada interanual do 8,2%. Finalmente, respecto ás Comunidades Autónomas, o conxunto da débeda medrou até os 335 mm de euros, o que supón unha variación interanual do 3,2%.

Hoxe, o volume de recursos que emprega Galiza para o pagamento da débeda supón máis que a totalidade da consellaría de Política Social e constitúe a terceira gran partida de gasto do conxunto orzamentario. Resulta, polo tanto, absurdo, que o goberno galego siga empeñado en facer seguidismo de estratexias estatais que impiden unha negociación da débeda como a que demanda o Bloque Nacionalista Galego. Así mesmo, é preciso tamén desbloquear todas as negociacións pendentes para abrir o debate do modelo de financiamento que precisa Galiza, toda vez que o marco aprobado en 2009 non só caducou, senón que constatou o seu fracaso, tal e como amosa o informe do Consello de Contas que certifica que Galiza ten un déficit cada ano máis de mil millóns de euros que impide desenvolver adecuadamente as competencias que temo outorgadas, algunhas tan sensibles como ensino, sanidade ou política social.

Por estes motivos, é especialmente importante coñecer as propostas que o goberno galego defende ante a convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira do 26 de febreiro e sucesivos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Vai defender o goberno galego propostas no Consello de Política Fiscal e Financeira para que Galiza mellore a súa saúde económico financeira a través dunha quita da débeda?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai defender Galiza a Xunta e trasladar propostas concretas respecto da débeda ao Estado? Por que razóns?

Que valoración fai o goberno galego das deliberacións e acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira?

Considera que a Galiza lle vai ben coa multilateralidade? Por que non asume a necesidade de que Galiza como nación negocie bilateralmente co Estado o seu status?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/02/2025 11:49:58

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/02/2025 11:55:22

Óscar Insua Lema na data 03/02/2025 11:55:51



A Mesa do Parlamento

Miguel Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto da Consellería do Medio Rural que regula a nova estrutura e o sistema de funcionamento do Observatorio Lácteo de Galicia, co fin de aumentar a cantidade de información dispoñible, a transparencia e a calidade na publicación de datos. Trátase de mellorar este órgano colexiado de asesoramento, consulta e análise do sector lácteo para dotalo de ferramentas para a toma de decisións empresariais e de estratexia do mercado.

O sector lácteo é un motor da economía agraria galega con máis de 2,9 millóns de toneladas producidas ao longo do ano 2023, que acadaron un valor superior aos 1.500 millóns de euros pagados aos produtores e produtoras de Galicia. Co fin de dotar este sector dunha ferramenta de planificación estratéxica e que achegue transparencia e información dun xeito eficaz, faise preciso impulsar, mediante unha nova regulación, o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia. A última vez que se reuniu o pleno deste organismo foi en marzo de 2023.

En concreto, o Observatorio vén funcionando dende a súa creación no ano 2007, pero o tempo transcorrido dende aquela e os cambios experimentados nestes anos na produción e na industria, así como na evolución do consumo e dos mercados do leite e dos produtos lácteos a nivel nacional e internacional, aconsellan adaptalo á realidade actual.



Así, a norma aprobada cambia a composición do observatorio para acoller todos os elos da cadea de valor do leite: produción, industria, distribución e consumo. Así mesmo, redefine as funcións da Presidencia, a Secretaría e das vogalías que o conforman (21 en total).

Destaca a incorporación ás vogalías, por un lado a da organización de produtores lácteos de Galicia con maior representatividade, por outra banda tamén se integra a asociación con gandeiros de leite con máis representatividade. Estas incorporacións obedecen á necesidade de que no observatorio figuren representados todos os sectores que traballan directa ou indirectamente no sector lácteo.

Integrarán o Pleno do Observatorio Galego do sector lácteo 3 representantes da Consellería do Medio Rural, outros 3 por parte da industria láctea; 3 en representación da distribución; 3 representantes das organizacións máis representativas por parte dos produtores -Unións Agrarias, Sindicato Labrego Galego, Asociación Agraria de Galicia - ; 1 representante da asociación con gandeiros de leite con máis representatividade; 1 representante da organización de produtores lácteos con maior representatividade - ULEGA, 1 representante do Consello Galego de Consumidores; 2 representantes das asociacións de mulleres rurais; 1 representante do LIGAL, 1 vogal en representación de FEFRIGA e 2 representantes das principais cooperativas lácteas de Galicia -CLUN e AIRA-.

Ademais, co fin de fortalecer o seu funcionamento ordinario, permítese a creación de grupos de traballo coa participación de persoas expertas no sector lácteo alleas ou non ao observatorio.

Outra das novidades salientables, canto ás funcións do Observatorio, é o feito de engadir entre elas o estudo da cadea de valor e das relacións comerciais e contractuais, pola importancia que esta materia ten no tecido do sector lácteo e na determinación dos prezos. Así, entre as funcións deste órgano engádese explicitamente a do “estudo da cadea de valor e das relacións comerciais e contractuais entre os distintos elos da cadea alimentaria”.

Así mesmo, establécese un período máis amplo entre cada xuntanza ordinaria do Pleno do Observatorio (pásase das trimestrais a unha de carácter anual), para poder contar con datos consolidados á hora de exercer as funcións atribuídas ao



Observatorio. Con todo, prevese a posibilidade de que se poidan organizar as reunións que fosen precisas, sen someterse a esta periodicidade, en sesións extraordinarias.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca da nova estrutura e sistema de funcionamento do Observatorio Lácteo de Galicia?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/02/2025 11:57:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 11:57:42

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/02/2025 11:57:51

Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 11:58:06

Juan Manuel Casares Gándara na data 03/02/2025 11:58:18

Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 11:58:29

José Mato Díaz na data 03/02/2025 11:58:39

Ángel Rodríguez Conde na data 03/02/2025 11:58:56

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 11:59:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Ariadna Fernández González e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación das Galiñas Azuis da comarca de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Veñen de publicarse recentemente as listas definitivas resultantes do baremo extraordinario de decembro de persoas admitidas nas escolas infantís xestionadas polo Consorcio galego de igualdade e benestar.

Na comarca de Ferrol este baremo deixa sen praza a 3 persoas en Ares, 4 en Cedeira, 4 en Barallobre (Fene), 4 en Perlio (Fene), 6 en Caranza (Ferrol), 9 en Esteiro (Ferrol) e 2 en Ortigueira, o que fai un total 32 persoas.

A falta de prazas de escolas infantís na Galiza contrasta co feito de que a Xunta devolvese 22,3 millóns de euros dun total de 34 millóns procedentes de fondos europeos para a creación de prazas de escolas infantís.

Mais resulta especialmente grave se poñemos o foco nas escolas infantís da rede Galiñas Azuis xestionadas polo Consorcio, unha rede constituída no seu día como un proxecto pedagóxico innovador que fixo do noso país unha referencia. Un proxecto que chegou a consolidarse co tempo e a gozar dun enorme éxito se atendemos ao grao de satisfacción das familias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O modelo pedagóxico da rede de Galiñas Azuis ven sendo boicoteado polo Partido Popular desde o primeiro goberno de Feijoo, e continúa na actualidade co goberno Rueda, que moi disciplinadamente afonda no desmantelamento do proxecto.

O sistema de acceso ao emprego, a formación continua, a parella educativa.... todo o que facía das Galiñas Azuis centros de atención á infancia con unha clara vocación pedagóxica e superadora do vello concepto de gardería está no punto de mira do Partido Popular.

O feito de que se devolva diñeiro público que podía destinarse a aumentar as prazas nesta rede de escolas infantís é un exemplo evidente, mais non queda aí o boicot do Partido Popular, xa que agora ven de eliminar as horas que as traballadoras da escolas dedicaban á organización e coordinación do traballo fora do horario de atención directa ás crianzas.

A ANPA da Galiña Azul de Esteiro (Ferrol) manifestou publicamente un sentir moi maioritario entre as familias usuarias de toda a comarca, o goberno galego debería reforzar o modelo, e non desmantelar todo aquilo que o facía eficiente e recoñecible.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

1 Que consideración lle merece á Xunta de Galiza o modelo pedagóxico das Galiñas Azuis?

2 Considera a Xunta de Galiza que ese modelo pedagóxico pode manterse reducindo os horarios das traballadoras sen tomar medidas adicionais para que poidan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realizar os traballos de planificación, coordinación e organización fora do horario de atención directa ás crianzas?

3 Por que non aumenta o número de prazas das Galiñas Azuis da comarca de Ferrol?

4 Ten pensado a Xunta de Galiza reducir os horarios de atención directa ás crianzas?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Ariadna Fernández González

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 03/02/2025 12:21:15

José Manuel Golpe Acuña na data 03/02/2025 12:23:28

Ariadna Fernández González na data 03/02/2025 12:23:43





Á Mesa do Parlamento

Cristina Campero Dorado, Enrique Barreiro Sánchez, José Manuel Mato Díaz, Encarnación Amigo Díaz, Cecilia Vázquez Suárez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Ángel Rodríguez Conde e Miguel Ángel Viso Diéguez ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

A nosa comunidade é verde. De 3 millóns de hectáreas que ocupa Galicia, 2 millóns son consideradas forestais. Destes 2/3 do territorio, máis de 1,4 millóns de hectáreas son de superficie arborada. E delas, segundo o Inventario Forestal Continuo de Galicia hai 617.000 ha de frondosas que son obxecto da Estratexia para o fomento da xestión activa das masas de frondosas que foi recentemente aprobado no Consello da Xunta. Desta superficie, case 50.000 ha está ocupada por castiñeiros.

O monte é unha gran riqueza para os galegos, unha capital natura do que ata 80.000 familias obteñen rendas del. Este eido económico supón, ademais, un 12% do emprego industrial de toda a comunidade. En Galicia córtase a metade da madeira de España, cunha media anual de 10 millóns de metros cúbicos (mentres que en toda España acádanse os 17 millóns de metros cúbicos en total), o que supón preto de 300 millóns de euros ao ano en facturación só por venda de madeira.

O grupo parlamentario popular é consciente do recurso que posuímos na nosa terra e, sobre todo, da necesidade de saber xestionalo. Por iso, ante un sector que se erixe como unha das principais fontes de riqueza e emprego no rural galego, somos responsables do seu pleno desenvolvemento.

No ano 2018 o Ditame da comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia recolle un conxunto de medidas a prol do monte galego e da ordenación dos seus usos como a posta en valor dos soutos tradicionais.

O grupo popular que apoiou plenamente o contido deste Ditame así como o contido da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia presentado neste Parlamento, considera que hai que poñer en marcha todas as actuacións necesarias para o seu cumprimento. Concretamente, este plan configura como medida concreta a execución do Programa do castiñeiro e da produción da castaña. Este Programa presentouse ante o Consello da Xunta en maio de 2022. O castiñeiro é unha das árbores cunha maior variedade de





aplicacións e utilidades nos ámbitos rurais, tanto dende o seu punto de vista da alimentación como recurso madeireiro. Actualmente, a presenza do mesmo esténdese de xeito maioritario ás zonas interiores e de montaña, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense.

Este grupo cre que as actividades asociadas ao aproveitamento do castiñeiro deben ser postas en valor, ao ser consideradas de carácter estratéxico e para ser considerado como un recurso potencial resulta fundamental acadar a implicación de todos os niveis das administracións galegas así como dos distintos axentes económicos e sociais, tanto os grupos de desenvolvemento rural como os produtores forestais.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Que balance fai o Goberno galego das últimas medidas que está a impulsar para o fomento das plantacións de castiñeiro e para a rexeneración e mellora dos soutos tradicionais?

Santiago de Compostela, 3 de Febreiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 12:27:20

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/02/2025 12:27:38

José Mato Díaz na data 03/02/2025 12:27:59

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 12:28:20

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 12:28:28

Ángel Rodríguez Conde na data 03/02/2025 12:28:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/02/2025 12:29:06

Juan Manuel Casares Gándara na data 03/02/2025 12:29:45

Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 12:30:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Ministerio de Sanidade presentou recentemente un borrador de actualización do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos públicos de saúde. Neste borrador plantexábanse medidas como a exclusividade na sanidade pública para xefes de servizo ou para os 5 primeiros anos logo de acabar o MIR.

Estas medidas, xunto con outras centradas en regular as horas de gardas, non tardaron en ser criticadas por sindicatos e asociacións de profesionais sanitarios de todos os perfís ideolóxicos.

Supón unha anomalía que non se lle pedise opinión sobre esta actualización ás Comunidades Autónomas, que son as que ofrecen o servizo público de saúde e as que sofren constantemente os problemas de falta de profesionais sanitarios. Nese sentido, o texto que tampouco ofrece solucións aos principais problemas do sistema sanitario, como os postos de difícil cobertura.

Lonxe de xerar alarma con propostas pouco razoadas e non consensuadas, o Estatuto Marco debería actualizarse en coordinación coas Comunidades Autónomas.

As normas que regulan o funcionamento do persoal sanitario non deberían ser reféns dunha Ministra máis centrada na presidenta da Comunidade de Madrid que na xestión da política sanitaria de todo o Estado.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta en Comisión:



Que opinión lle merecen as medidas propostas polo Ministerio de Sanidade no borrador do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos públicos de saúde?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 12:32:34

Raquel Arias Rodríguez na data 03/02/2025 12:32:44

Víctor Baladrón Lamas na data 03/02/2025 12:33:02

Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 12:33:13

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/02/2025 12:33:25

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/02/2025 12:33:38

Noelia Pérez López na data 03/02/2025 12:33:54

Ethel Vázquez Mourelle na data 03/02/2025 12:34:08

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 12:34:22





Á Mesa do Parlamento

Cristina Campero Dorado, Enrique Barreiro Sánchez, José Manuel Mato Díaz, Encarnación Amigo Díaz, Cecilia Vázquez Suárez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Ángel Rodríguez Conde e Miguel Ángel Viso Diéguez ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

Nestes últimos meses os propietarios de fincas están recibindo cartas desde a oficina do Catastro da súa provincia, onde se lles indica que non coincide o nome do titular catastral do predio co da persoa solicitante das axudas da PAC 2023 para esa parcela.

No momento de recibir estas cartas, moitos dos propietarios das parcelas non eran coñecedores do uso das súas fincas por agricultores perceptores da PAC e isto provocou que algúns propietarios presentasen denuncias e que, incluso nalgún caso como os de dous agricultores da provincia de Lugo, o caso transcendera á prensa ao coñecerse que a Garda Civil comezara as súas pescudas.

De maneira que tense provocado unha inqueda social respecto a estas cartas e á repercusión que poidan derivar tanto para os propietarios das fincas como para os perceptores da PAC. Segundo os nosos datos, 37.000 cartas deste tipo van ser enviadas polo mesmo asunto pero xa referidas á solicitude única da PAC 2024.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral:

Que actuacións está levando a cabo o Goberno galego respecto a este asunto, que medidas se teñen tomado para minimizar o impacto provocado polas citadas cartas e que repercusións poden ter respecto aos agricultores afectados?





Santiago de Compostela, 3 de Febreiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 12:46:20

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/02/2025 12:46:38

José Mato Díaz na data 03/02/2025 12:47:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 12:47:26

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/02/2025 12:47:33

Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 12:47:58

Ángel Rodríguez Conde na data 03/02/2025 12:48:09

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 12:48:18

Juan Manuel Casares Gándara na data 03/02/2025 12:48:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Ángel Rodríguez Conde, Cristina Campero Dorado, Miguel Ángel Viso Diéguez, Cecilia Vázquez Suárez, José Manuel Mato Díaz, Encarnación Amigo Díaz, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez e Enrique Barreiro Sánchez ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte é á que lle corresponde o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais e a vixilancia de incumprimentos.

Entre as súas funcións e competencias establécense as de coordinar ás administracións públicas con competencias en materia de prevención de incendios, garantindo o cumprimento das respectivas obrigas legais, prestar colaboración e asesoramento estable aos concellos para o cumprimento das súas obrigas e homoxeneizar os procedementos e actuacións por eles desenvolvidos, asegurar o cumprimento das medidas de prevención contra os incendios forestais recollidas na lexislación vixente e tramitar os expedientes sancionadores derivados deses incumprimentos, planificar as medidas de prevención de incendios e o seu desenvolvemento –impulsando a realización das tarefas encomendadas ás administración competentes–, dirixir os equipos de vixilancia, desenvolver o Plan de Prevención e defensa contra incendios forestais dentro de cada Plan de Ordenación dos recursos forestais de distrito, impulsar, comprobar e esixir a elaboración dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais e manter o orientación aos concellos de ámbito rural a fin de que leven a cabo tarefas de silvicultura, limpeza dos montes e outras tarefas de valorización forestal dentro das medidas de prevención dos incendios forestais.

Para o exercicio das súas competencias a devandita Dirección Xeral conta con dúas subdireccións xerais.

- A Subdirección Xeral de Extinción exerce as funcións encamiñadas á defensa dos montes contra os incendios forestais.

- A Subdirección Xeral de Prevención exerce as funcións encamiñadas á realización das actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





contra os incendios forestais.

Esta subdirección conta co Servizo de Actuacións Preventivas (con funcións de planificación preventiva e as accións subsidiarias e de elaboración dos informes sectoriais en materia urbanística e de planeamento municipal).

Para o correcto desenvolvemento das competencias sinaladas encamiñadas á protección e defensa do montes contra os incendios forestais, así como a coordinación de medios na loita contra os incendios, cómpre o desenvolvemento evolutivo e soporte de diversos sistemas de información.

Por outro lado a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, a través da Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral, exercerá as competencias en materia de xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia, impulsando o desenvolvemento de iniciativas e proxectos de investigación en materia ambiental, así como a divulgación, coordinación e seguimento da estratexia galega fronte ao cambio climático.

En relación coas competencias en materia de xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia a Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral establece como obxectivos principais a elaboración dunha predición meteorolóxica específica para Galicia, a observación de variables ambientais e a prestación doutros servizos en relación coa meteoroloxía e climatoloxía en Galicia.

Os incendios forestais constitúen unha grave ameaza para as políticas de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica, ambiental e social de Galicia. Por outra banda, o fenómeno do cambio climático é un dos maiores retos ambientais aos que se enfronta na actualidade a nosa sociedade debido ás súas implicacións, unha delas e como pode afectar a ocorrencia de incendios forestais e a súa evolución.

Tanto a Consellería do Medio Rural como a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático estableceron unha colaboración nos campos de interese común, é dicir, a elaboración dunha predición meteorolóxica específica para Galicia, a observación de





variables ambientais e a prestación doutros servizos en relación coa meteoroloxía e climatoloxía en Galicia que, como dixemos, son os obxectivos principais da Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral e, ao tempo, constitúen elementos fundamentais imprescindibles para protección e defensa do montes contra os incendios forestais, e a coordinación de medios na loita contra os incendios, competencia da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Entendendo que o obxectivo deste acordo de colaboración é regular o marco común de colaboración entre ambas Consellerías para o desenvolvemento dun sistema avanzado de información e predición meteorolóxica para a xestión de incendios, así como a súa integración na aplicación XeoCode para a xestión en tempo real dos incendios forestais da Consellería do Medio Rural, e tamén facilitar información pública á cidadanía sobre o índice de risco diario de incendios (IRDI), que se actualiza diariamente, cunha predición a tres días, cando ata o de agora se facía de un só. A maiores, delimitarase por concello, establecendo o mesmo nivel de risco en todo o municipio, evitando así posibles confusións e mellorando o sistema de predición.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes pregunta orais:

1. Que valoración fai o Goberno galego sobre o acordo de colaboración para o desenvolvemento dun sistema de información e predición meteorolóxica para a xestión de incendios forestais?
2. Que implica, a efectos de planificación ou de xestión este acordo de colaboración?

Santiago de Compostela, 3 de Febreiro de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Ángel Rodríguez Conde na data 03/02/2025 12:59:40

Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 12:59:53

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/02/2025 13:00:04

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 13:00:12

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 13:00:21

Juan Manuel Casares Gándara na data 03/02/2025 13:00:32

Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 13:00:42

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/02/2025 13:00:52

José Mato Díaz na data 03/02/2025 13:01:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de aumentar o número de prazas nas escolas infantís públicas do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na Comarca do Condado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano a Consellería de Política Social fixo públicas as listaxes provisionais de nenos e nenas admitidas nas escolas infantís da Galiña Azul, na convocatoria de prazo excepcional de decembro, e como puidemos comprobar, nas da nosa comarca permanecen en agarda 78 crianzas que ao final rematarán collendo praza nunha escola privada.

Mentres, o Presidente da Xunta e a Conselleira da área alardean de ter esta etapa de 0 a 3 anos gratuíta en lugar de crear prazas públicas para atender a demanda das familias que precisan este servizo básico. Hai que lembrar que ano tras ano podemos ver como nenos e nenas fican sen a súa praza en escolas públicas.

Na comarca, o concello máis prexudicado é O Porriño na que agardan 30 nenos/as en Doantes de Sangue e outros 22 en Torneiros; en Salvaterra de Miño, 21 en agarda; en Salceda de Caselas, 13 ou nas Neves, 2. Estes datos son sen contar todas aquelas familias que, non podendo esperar, matriculan ás súas crianzas noutros concellos ou escolas privadas e que xa non figuran sequera na listaxe de agarda, prazas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que nos custan mensualmente por crianza importes moito máis elevados que no resto dos casos e que aumentan no importe orzamentario anualmente.

É preciso, por este motivo, que dispoñamos dun maior número de prazas de carácter público coas que facerlle fronte á demanda do servizo para as familias do Condado, sen favorecer por esta limitación a privatización, coma se está a facer na actualidade.

Mentres isto acontece, a Xunta foi quen de recibir 35 millóns de euros entre 2021 e 2023 para aumentar as prazas públicas de escola infantil. Malia ser evidente que non se está a ofertar a cantidade de prazas públicas abundas, recentemente a Consellería de Política Social anunciou que devolverá 22,3 millóns dos que estaban destinados ao noso país, facendo uso de menos da metade, prevéndose gastar 12,54 millóns de euros dos asignados para tal fin, a pesares de que poderían continuar executando dita contía durante o 2025.

Na actualidade malia que están en prazo a execución das obras da nova escola infantil de Pontearreas, ou licitando dúas máis no Porriño (nas parroquias de Pontellas e Budiño), temos na comarca do Condado necesidade de creación de novas prazas no resto dos concellos nomeados para poder atender todas as solicitudes que se presentan ano tras ano e que obriga ás familias a buscar outras solucións que non son as da súa preferencia, como é ter que recorrer a prazas en centros privados.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1.- Porque motivo non se utilizaron os fondos europeos para aumentar a oferta de prazas de escola infantil de carácter público en todos os concellos da comarca que teñen carencia de prazas todos os anos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Como vai solucionar o goberno da Xunta de Galiza a insuficiencia de prazas para o vindeiro curso nestes concellos da Comarca?

3.- Cantas prazas de escolas infantís públicas crearon na comarca do Condado nos últimos anos?

4.- Considera a Consellería de Política Social que se está a prestar un servizo universal e gratuito de escolarización infantil de 0 a 3 anos na comarca do Condado?

5.- Cantas prazas de carácter privado ofértanse na actualidade na comarca e cantas de xestión pública?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 03/02/2025 12:57:43

Ariadna Fernández González na data 03/02/2025 13:00:32



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O pasado 1 de xaneiro debía ter entrado en vigor en España a transposición da Directiva Europea 220/285, que introduce o réxime do IVE franquiciado, como novidade. no que respecta ao sistema común do imposto sobre o valor engadido para pequenas empresas.

Esta normativa, deseñada para aumentar a competitividade de autónomos e pemes, exime do pago do IVE a aqueles que facturen menos de 85.000 euros anuais, eliminando así unha carga administrativa e fiscal significativa.

Gracias a esta directiva, aqueles autónomos con ingresos inferiores a ese limiar poderían escoller entre o réxime xeral do IVE ou acollerse ao novo réxime de franquía, o que lles permitiría non liquidar o IVE trimestral nin anualmente, nin emitir facturas con IVE.

Unha medida de calado en Galicia onde o sector representa preto do 20% das afiliacións, case 4 puntos por enriba da media nacional.

Publicada no Diario Oficial da Unión Europea o 2 de marzo de 2020, a directiva fixaba o 31 de decembro de 2024 como data límite para a súa transposición, deixando ademais aos Estados membros a posibilidade de axustar o limiar de 85.000 € ou limitar a súa aplicación a sectores concretos.



Porén, mentres que noutros países da UE esta medida xa está en marcha, en España segue pendente de aprobación.

Hai uns días, a Comisión Europea abriu tres expedientes sancionadores contra España por non aplicar varias normativas clave para aliviar a carga financeira e burocrática das pequenas e medianas empresas:

A Directiva 2022/542, que modifica os tipos impositivos do IVE.

A Directiva 2023/2775, que establece os criterios de tamaño para clasificar ás empresas en función da súa dimensión.

E a máis importante, a Directiva 220/285, que debía ter entrado en vigor o 1 de xaneiro de 2025 e que permitiría a autónomos e pemes acollerse ao IVE franquiciado.

En base ao anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego do impacto para os autónomos e pemes de Galicia da non trasposición do Goberno de España da Directiva Europea 220/285, que introduce o réxime do IVE franquiciado?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 03/02/2025 13:07:37

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 13:07:53

Raquel Arias Rodríguez na data 03/02/2025 13:08:02

Víctor Baladrón Lamas na data 03/02/2025 13:08:19



Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 13:08:29

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/02/2025 13:08:40

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/02/2025 13:08:52

Ethel Vázquez Mourelle na data 03/02/2025 13:09:04

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 13:09:23



A Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereas Fraiz e Miguel Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A factoría que Alcoa ten na Mariña lucense é a única planta de produción de aluminio primario en España, en consecuencia, trátase dunha industria estratéxica ademais dun importante motor económico, polo que é fundamental o traballo conxunto e coordinado para garantir a continuidade da súa actividade e dos empregos.

Neste escenario, a Xunta de Galicia vén de asinar xunto co Ministerio de Industria e Turismo, a propia Alcoa e a que aspira a ser o seu socio enerxético Ignis, un memorando de entendemento (MoU) para asegurar o futuro a longo prazo e garantir a competitividade da planta.

Resulta incuestionable que, a diferenza doutras administracións, a Xunta de Galicia ten feitos os seus deberes: xa rematou a tramitación ambiental da ampliación da balsa de lodos, e unicamente agarda pola súa autorización administrativa, xa a piques de rematar a súa tramitación, e todos os parques eólicos con PPAs asinados con Alcoa, dependentes da administración autonómica, xa contan con autorización. Non amosou ata agora o mesmo grado de compromiso o Goberno de España, que debe acordar o desbloqueo dos parques eólicos da súa competencia e incrementar o máximo posible as compensacións polas emisións de CO2 ás empresas electrointensivas.

Con todo, para afianzar este proceso parece imprescindible que a compañía comece a traballar xunto cos empregados e o Comité de Empresa nun novo plan de viabilidade, dando prioridade á reactivación das instalacións de aluminio. Tamén resulta esencial a convocatoria por parte do Ministerio da mesa de seguimento, aínda pendente tras ser aprazada o pasado mes de decembro, un foro multilateral ideal para que Alcoa poida expoñer o seu plan de negocio e consensuar os novos pasos a dar dentro do camiño que aínda hai que percorrer para blindar esta actividade e os empregos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas dirixidas a garantir o futuro da actividade e dos empregos na factoría de aluminio que Alcoa ten na Mariña lucense?



Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/02/2025 12:45:23

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 12:45:42

María Deza Martínez na data 03/02/2025 12:45:50

Miguel Fidalgo Iglesias na data 03/02/2025 12:46:02

María Felisa Rodríguez Carrera na data 03/02/2025 12:46:13

Ángel Rodríguez Conde na data 03/02/2025 12:46:22

Cristina Sanz Arias na data 03/02/2025 12:46:32

Borja Vereza Fraiz na data 03/02/2025 12:46:47

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/02/2025 12:47:03



A Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, María Deza Martínez, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Galicia é un referente no eido da xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables, grazas á hidráulica e á eólica, mentres que na xeración de enerxía térmica destaca a biomasa.

Pero se algo caracteriza á xeración eléctrica a partir de fontes renovables é a súa difícil xestionabilidade, polo que é necesario apostar polo almacenamento para poder casar a demanda coa oferta de enerxía eléctrica.

Nese sentido resulta de especial interese apoiar aqueles proxectos de almacenamento, por entender que son unha boa opción e que van na liña por todos desexada de apostar por unha transición enerxética planificada, ordenada e sen improvisacións.

Todo iso, sempre que as iniciativas sexan ambientalmente viables e respecten os principios que inspiran a nova lexislación na que é pioneira a nosa Comunidade en relación coa promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, en particular, xeren riqueza no territorio.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre os proxectos de almacenamento de enerxía a partir de fontes renovables que buscan implantarse na nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/02/2025 12:50:59



María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 12:51:19

María Deza Martínez na data 03/02/2025 12:51:26

Miguel Fidalgo Iglesias na data 03/02/2025 12:51:38

María Felisa Rodriguez Carrera na data 03/02/2025 12:51:51

Ángel Rodríguez Conde na data 03/02/2025 12:52:00

Cristina Sanz Arias na data 03/02/2025 12:52:12

Borja Vereza Fraiz na data 03/02/2025 12:52:29

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/02/2025 12:52:45





A Mesa do Parlamento

Juan M. Casares Gándara, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Nicole Grueira Fernández, José Manuel Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

A Comunidade Autónoma de Galicia, encadrada na zona atlántica, posúe unhas condicións climatolóxicas caracterizadas por unha elevada pluviometría e unhas temperaturas suaves. Tales condicións traen canda si unha serie de problemas para o noso viñedo entre os que salienta unha alta incidencia de enfermidades provocadas por fungos, nomeadamente o mildiu, o oídio, a botrite ou podremia gris e mailo black rot ou podremia negra. Da presenza constante destas patoloxías derivan tanto perdas importantes nas colleitas, uns maiores custes de produción coma unha meirande contaminación medioambiental.

Por outra banda, a entrada en vigor da Xestión Integrada de Pragas determinou a obriga dun uso máis sostible dos produtos fitosanitarios cunha maior limitación de sustancias activas, a aplicación razoable daqueles que poden utilizarse e a necesidade dos servizos de técnicos que controlen as ditas aplicacións. Coma consecuencia, faise necesario desenvolver estratexias que permitan adaptarse a estas esixencias normativas e, ao mesmo tempo, manter viva unha actividade produtiva de gran importancia en Galicia.

Entre estas estratexias atópase a xeración de avisos fitosanitarios a partir de boletíns emitidos por organismos públicos, tal e como acontece en diferentes comunidades autónomas cara a mellorar a calidade dos viñedos, diminuír o uso de fitosanitarios e impedir perdas importantes na colleita. A este respecto, en Galicia dispoñemos do servizo de avisos fitosanitarios xerados pola Estación Fitopatolóxica do Areeiro que elabora semanalmente dende as súas propias fincas piloto; porén, non existe unha información que abranca a todas as zonas produtivas do país.





Nos últimos anos asistimos ó desenvolvemento de plataformas de alerta fitosanitaria, a través de softwares con base en índices climáticos predictivos, que poñen en alerta ao viticultor ante episodios de aparición de pragas e enfermidades.

Porén, estas plataformas requiren da existencia de estacións meteorolóxicas achegadas á parcela para garantir a súa fiabilidade ao tempo que supoñen un importante custe engadido ao viticultor. Neste sentido, no ano 2018, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega), centro de investigación vitivinícola dependente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) da Consellaría do Medio Rural, planeou a creación dunha plataforma de avisos pública, a partir da información contrastada achegada por técnicos de campo e co apoio do desenvolvemento de modelos epidemiolóxicos adaptados ás condicións climáticas propias de Galicia de xeito que puidesen abranguer ao conxunto do viñado galego.

Despois dunha primeira fase de traballo consistente na concepción e estudio da viabilidade do proxecto, no ano 2022 iniciouse a creación de Fitovit, unha plataforma web de axuda á toma de decisións de tratamentos fitosanitarios no viñado galego co horizonte de funcionamento a finais do ano 2024.

Esta plataforma permitirá predicir a incidencia das enfermidades máis recorrentes na viticultura galega en base a modelos epidemiolóxicos adaptados a cada zona do territorio e baseados no historial de parámetros (datos) recollidos por técnicos colaboradores.

Deste xeito, todos os viticultores galegos dispoñerán dunha información a tempo real que lle axude no proceso de toma de decisións sobre o momento de tratar os seus viñedos e, ao mesmo tempo, permitirá unha mellor xestión da súa explotación tanto dende o punto de vista económico, tecnolóxico, social e ambiental.

De acordo co anterior, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que previsións manexa a Consellaría do Medio Rural a respecto da posta en funcionamento da plataforma web pública Fitovit?

Santiago de Compostela, 3 de Febreiro de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 03/02/2025 13:12:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 13:12:33

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/02/2025 13:12:41

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 13:12:49

Ángel Rodríguez Conde na data 03/02/2025 13:12:59

Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 13:13:12

Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 13:13:23

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/02/2025 13:13:57

José Mato Díaz na data 03/02/2025 13:14:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Ariadna Fernández González e Montserrat Prado Cores, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os problemas da área sanitaria de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Propaganda do Partido Popular xa non é quen de agochar os dramáticos efectos que os seus continuos recortes teñen sobre o noso sistema público de saúde.

A falta de profesionais de todas as categorías, e singularmente de médicos e médicas de familia así como de pediatras, provoca desatención da poboación precisamente no servizo de atención primaria, que xoga un papel de especial relevancia no sistema, pois ademais de ser o primeiro contacto coas persoas usuarias, e porta de entrada ao sistema, encárgase tamén do control dos doentes con patoloxías crónicas e polimedicados, é dicir, afectan moi especialmente aos colectivos máis vulnerábeis, maiores, doentes con patoloxías crónicas que precisan de control sistemático, e ás crianzas.

Estes colectivos precisan de continuidade na asistencia para un control efectivo da súa saúde e poder dicir que reciben unha asistencia sanitaria de calidade. E nomeadamente as crianzas precisan de especialistas pediatras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É duro ter que lembrar que a especialidade de pediatría non existe por un capricho universitario, senón porque a poboación infanto/xuvenil padece patoloxías específicas.

Nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal son moitas as baixas de facultativos sen cubrir, o que impacta especialmente nos centros de saúde das zonas rurais que viñan compartindo profesionais, o que fai que ante calquera nova ausencia ou baixa queda o servizo desatendido.

Nos centros máis grandes como o Fontenla Maristany de Ferrol ou o de Narón a problemática tradúcese en listas de espera para consultas de atención primaria que non é raro que cheguen ás dúas semanas.

Mais as eivas da área sanitaria de Ferrol non se reducen á atención primaria senón que hai problemas na cobertura de importantes especialidades, como por exemplo neumoloxía ou radioloxía, que están a provocar atrasos na realización de probas a colectivos moi sensíbeis, como os doentes oncolóxicos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

1. Por que non se cubren as vacantes da área sanitaria de Ferrol?
2. Como explica a Xunta de Galiza que se estean dando casos de 2 semanas de espera para unha consulta de atención primaria?
3. Como explica a Xunta de Galiza as demoras de máis de 1 ano na realización de probas a doentes oncolóxicos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Cantas ITs de médicos ou médicas están a cubrirse na área sanitaria de Ferrol?

5. Como estima a Xunta de Galiza que a falta de profesionais e os seus cambios continuos, e as demoras na realización de probas diagnósticas están a afectar á poboación?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Montserrat Prado Cores

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 03/02/2025 13:17:46

José Manuel Golpe Acuña na data 03/02/2025 13:21:20

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2025 13:21:44



A Mesa do Parlamento

María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Resulta facilmente contrastable a inacción do Goberno de España en materia de vivenda co traballo intenso que está a facer o Goberno galego para acadar o obxectivo de duplicar o parque público de vivenda de Galicia nesta Lexislatura.

Pese as recorrentes promesas sobre novos apoios en materia de vivenda os actuais dirixentes do Goberno de coalición en España –PSOE e Sumar- escudan a súa inacción na burocracia, na incapacidade de negociación cos seus socios de goberno e no feito de non ter aprobados uns Orzamentos.

A realidade é moi diferente. O Goberno de Pedro Sánchez antepón a súa ideoloxía a buscar solucións reais, pragmáticas e eficaces ante o reto de facilitar o acceso á vivenda ou incluso promove reformas lexislativas e normativas contraproducentes.

Vímolo coa aprobación da Lei estatal Vivenda que regula a declaración de zonas tensionadas e que, onde se aplicou, acabou provocando que suban os prezos dos alugueiros e que haxa menos vivendas no mercado.

Vímolo tamén coa obsesión do Goberno da esquerda por demonizar o traballo conxunto coa iniciativa privada. Ao que hai engadir que moitos propietarios teñen reparos para poñer as súas vivendas no mercado porque o Goberno central non é capaz de ofrecer seguridade, confianza e acompañamento.

E tamén vímolos co fracaso da posta a disposición dos terreos da SAREB para construír vivenda pública en Galicia, no marco do programa Viena.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego da política de vivenda que está a desenvolver o Goberno de España?



Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Deza Martínez na data 03/02/2025 13:30:36

Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 13:30:51

José Luis Ferro Iglesias na data 03/02/2025 13:31:03

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/02/2025 13:31:15

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/02/2025 13:31:30

Carmen Pomar Tojo na data 03/02/2025 13:31:45

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/02/2025 13:32:01

Gonzalo Trenor López na data 03/02/2025 13:32:16

Katherinie Varela Fernández na data 03/02/2025 13:32:34





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

A Xunta de Galicia vén de ampliar en 1,7M€, ata os 5M€ en total, os fondos da convocatoria de axudas para financiar actuacións de eficiencia enerxética no sector agropecuario galego, coa previsión de chegar a un cento de beneficiarios. Ata o momento, esta liña de apoios convocada no ano 2021 beneficiou un total de 72 empresas, autónomos, comunidades de regadío e asociacións de produtores en Galicia cun importe de 3,2M€ que van xerar un investimento asociado de 10,7M€.

Agora, tal e como publicou o 1 de agosto o DOG, a contía amplíase en 1,7M€ máis cos que se estima poder apoiar outras 28 actuacións máis. En concreto, os apoios, de ata un máximo de 1M€ por expediente, van destinados a promover actuacións de eficiencia enerxética nas explotacións agropecuarias e á renovación das instalacións de regadío e dos equipos de bombeo que lle permitan reducir o consumo final de enerxía un mínimo dun 10% e abaratar así, a factura eléctrica. Cóbrense, por exemplo, actuacións sobre a envolvente térmica que reduzan a demanda de calefacción e refrixeración dos edificios agropecuarios (fachadas, cubertas, xanelas), incluíndo solucións bioclimáticas.

Tamén sobre as instalacións térmicas de calefacción, refrixeración, ventilación e auga quente sanitaria, como poden ser as destinadas aos procesos de pasteurización e conservación de produtos perecedoiros, á climatización de naves de gando e invernadoiros, refrixeración en procesos de fermentación do viño, etc., así como para o aproveitamento de calores residuais e novas redes de calor. Tamén se incentiva a implantación de enerxías renovables térmicas como enerxía solar térmica, biomasa, enerxía xeotérmica, enerxía ambiente (aerotermia ou hidrotermia), bombas de calor ou unha combinación de todas elas. A reforma ou substitución de instalacións de iluminación interior e iluminación exterior.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





E a renovación de motores para accionamentos mecánicos e outros servizos propios destas actividades. No que respecta aos sistemas de regadío, as axudas cobren a substitución de grupos de bombeo por outros máis eficientes enerxeticamente; a implantación de variadores de frecuencia e arrancadores estáticos; o emprego de sistemas de regulación, control e monitoraxe

da rede de rega que contribúan de forma directa ao aforro de enerxía; ou a instalación ou substitución de baterías de condensadores para mellorar a eficiencia enerxética das instalacións eléctricas das estacións de bombeo.

Non serán elixibles aquelas actuacións que contribúan ao incremento no consumo de auga ou da superficie regable. Para as empresas, a axuda non pode superar o 35 % do custo subvencionable da actuación, que se incrementa un 20 % no caso de axudas concedidas a pequenas empresas, e un 10 % no caso de medianas empresas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

-Que valoración fai a Xunta de Galicia desta convocatoria de axudas?

Santiago de Compostela, 3 de Febreiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/02/2025 13:32:50

Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 13:33:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 13:33:17

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 13:33:25

Ángel Rodríguez Conde na data 03/02/2025 13:33:34

Juan Manuel Casares Gándara na data 03/02/2025 13:33:44

Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 13:33:53

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/02/2025 13:34:30

José Mato Díaz na data 03/02/2025 13:34:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Secundino Fernández Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa aos montes en man común.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A cuarta parte do territorio galego, máis de 700.000 hectáreas, corresponde a monte veciñal en man común, xestionado por 2800 comunidades de montes. Isto vén demostrar que esta figura non só ten importancia como un sinal de identidade e da cultura do noso País, senón tamén como un claro indicador económico e produtivo.

É preciso recoñecer a achega do monte veciñal nas súas múltiples vertentes: social, económica e ambiental. Dada a necesidade que ten a valorización do monte como elemento de creación de emprego e de xeración de riqueza.

Un monte veciñal en man común é unha forma de propiedade colectiva da que son propietarios o conxunto dos veciños con casa aberta e residencia habitual na parroquia, lugar ou asentamento no que se atope o monte.

Segundo a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, os montes veciñais en man común son “os que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades produtivas, do seu aproveitamento actual ou da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais, e non como entidades administrativas, e se veñen aproveitando consuetudinariamente en réxime de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños”.

Os montes veciñais en man común viñeron sendo aproveitados de xeito tradicional polo conxunto da veciñanza da contorna dente tempo inmemorial, en réxime de comunidade xermánica, o que quere dicir que non existía unha especial asignación de cotas entre a veciñanza comuneira.

Estes montes foron fundamentais para a subsistencia da veciñanza no pasado e, na actualidade, contan con catro características innatas:

1. Son inalienables, o que significa que está prohibida o seu alleamento, tanto total como parcial. De chegar a producirse, este é nulo, incluso se a superficie alleada se rexistrou no Rexistro da Propiedade a nome dun terceiro.
2. Son imprescritibles, polo que non é posible adquirir o dominio dun monte veciñal pola súa posesión en concepto de dono, aínda que fose así de forma continuada no tempo.
3. Son indivisibles, o que supón a prohibición de todo reparto do seu dominio, sendo nulo de pleno dereito no caso de producirse.
4. Son inembargables, polo que en ningún caso poden chegar a ser embargados.

O monte veciñal deberían ser un dos principais motores do emprego local. Non centrarse só no obxectivo de mellorar a explotación forestal e a da biomasa, senón tamén compatibilizar cos usos do aproveitamento gandeiro (mediante proxectos silvopastorís), producir cogomelos, castañas ou outro tipo de froitos do bosque, potenciando, a súa vez, zonas recreativas e rutas de sendeirismo que profundicen no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coñecemento da nosa contorna e programas de educación ambiental dirixidos ás crianzas.

Os montes veciñais non son nin titularidades públicas nin titularidades privadas. Son titularidades distintas que existen no territorio galego. Sen embargo, a lexislación estatal, competente no tema de definición de titularidades, só contempla a existencia das titularidades públicas e titularidades privadas. Aplicando o dereito romano e desprezando o dereito xermánico. E, neste sentido sitúa os montes veciñais en man común no ámbito das titularidades privadas.

E, cando unha mesma lei se aplica a dúas realidades distintas, con unha das realidades cométese irregularidades e mesmo inxustizas. E, isto é o que acontece cos montes veciñais en man común. Ás veces, sobre os montes veciñais aplícaselle o dereito romano (consideración das comunidades de montes como suxeitos pasivos no Imposto sobre sociedades, perder a titularidade en beneficio de terceiros). E, outras veces aplícase o dereito xermánico (impedir que as comunidades de montes actúen como comunidades enerxéticas locais, que non poidan vender conxuntamente os produtos do monte, cotas obrigadas de investimento no monte). Todas estas contradicións o que fan na práctica é dificultar, cando non impedir, a posta en valor dos montes veciñais en man común de forma multifuncional e sustentábel e mellorar a calidade de vida da veciñanza comuneira.

Parece lóxico que as lexislacións deberían recoller o que existe na realidade, e tal e como existe. E os montes veciñais en man común existen na realidade galega.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Xunta de Galiza apoiar e reclamar ao Goberno de España o recoñecemento da titularidade comunitaria das comunidades de montes e que poidan ser beneficiarias de todas as axudas e subvencións, tanto de ámbito estatal como galego?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Luis Bará Torres

Secundino Fernández Fernández

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/02/2025 13:52:45

Luis Bará Torres na data 03/02/2025 13:52:51

Secundino Fernández Fernández na data 03/02/2025 13:52:59





A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, José Manuel Mato Díaz, Ángel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel A. Viso Diéguez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

A campaña “Come Local” foi creada para promocionar nos comedores escolares de toda Galicia os produtos galegos de proximidade e con indicativo de calidade denominacións de orixe protexidas, indicación xeográficas protexidas e ecolóxicos de cercanías.

A través desta iniciativa, promovida pola Consellería de Medio rural, busca achegar aos comedores escolares unha variedade de produtos galegos con certificado de calidade para que os nenos e nenas poidan degustalos e así comprobar a súa calidade con orixe en Galicia e con unha trazabilidade garantida, coa intención de que os proben para incorporalos nas cociñas poñéndooos en contacto con produtores da zona que o subministren.

Tendo isto en conta, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que valoración se fai da campaña “ Come Local” ?
- 2.- Que beneficios aporta a campaña “Come Local” ?

Santiago de Compostela, 3 de Febreiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 14:02:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 14:02:31

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/02/2025 14:02:41

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 14:02:48

Ángel Rodríguez Conde na data 03/02/2025 14:02:59

Juan Manuel Casares Gándara na data 03/02/2025 14:03:08

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/02/2025 14:03:16

José Mato Díaz na data 03/02/2025 14:03:27

Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 14:03:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://www.twitter.com/GrupoPopularGal)





A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, José Manuel Mato Díaz, Angel Conde Rodríguez, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel A. Viso Diéguez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

O relevo xeracional no medio rural é crucial para garantir a supervivencia e o desenvolvemento do noso sector agrícola e gandeiro. A mocidade, como motor de cambio, xoga un papel clave na supervivencia e revitalización do medio rural, asegurando que as explotacións gandeiras e agrícolas continúen activas no futuro.

A incorporación das novas xeracións non só permiten a continuidade das actividades vinculadas ao sector, senón tamén a potencian a introdución de prácticas máis innovadoras que responden ás necesidades da actualidade. A Xunta de Galicia recoñece a importancia do papel que ten a mocidade na garantía do futuro do rural galego e está comprometida en apoiar aos mozos e mozas que deciden integrarse no sector para garantir o relevo xeracional.

O Goberno galego, consciente da relevancia de fomentar a remuda xeracional, está a impulsar diversas iniciativas e axudas deseñadas para apoiar e potenciar a incorporación das novas xeracións ao sector. Estas medidas non só buscan apoiar a creación de novas explotacións ou modernizar e adaptar á actualidade as existentes, senón tamén facilitar a formación para o rural ou o acceso a outros recursos que facilitan a entrada da mocidade galega na actividade agrogandeira.

Tendo isto en conta, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas integrarán o Plan de fomento de Relevo Xeracional que o Goberno galego ten previsto implantar nesta nova lexislatura?

Santiago de Compostela, 3 de Febreiro de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 14:15:43

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/02/2025 14:15:59

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 14:16:05

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 14:16:12

Juan Manuel Casares Gándara na data 03/02/2025 14:16:20

Ángel Rodríguez Conde na data 03/02/2025 14:16:29

Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 14:16:38

José Mato Díaz na data 03/02/2025 14:16:47

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/02/2025 14:16:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez e Ángel Rodríguez Conde ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

O 13 de agosto publicábase no Diario Oficial de Galicia a convocatoria para 2025 das axudas para a promoción do viño galego en terceiros países, fóra da Unión Europea, para as que a Xunta de Galicia destina 1,7 millóns de euros co obxectivo de apoiar ao sector vitivinícola da nosa comunidade. Nos últimos sete anos, promovéronse dentro desta liña preto de 150 programas de promoción e xestionáronse máis de 8 millóns de euros.

Estas achegas buscan fomentar o coñecemento das características e calidades do viño galego máis aló das fronteiras da Unión Europea, co fin de mellorar a súa competitividade no estranxeiro mediante a apertura, diversificación ou consolidación do mercado nestes países. Nesta liña, poderán beneficiarse das axudas as empresas vinícolas, as organizacións de produtores vitivinícolas e as súas asociacións, as organizacións interprofesionais, ou os órganos de xestión e de representación das denominacións de orixe protexidas (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) vitivinícolas, así como as súas asociacións.

Tamén poderán recibir axuda as asociacións temporais ou permanentes de produtores que teñan entre os seus fins o desenvolvemento de iniciativas en materia de promoción e comercialización do viño, as cooperativas que comercialicen viños elaborados por elas ou polos seus asociados ou as entidades asociativas sen ánimo de lucro participadas exclusivamente por empresas do sector vitivinícola que teñan entre os seus fins a promoción exterior dos viños. Cómpre destacar que estas achegas enmárcanse na Intervención Sectorial Vitivinícola (ISV), que á súa vez se atopa incluída no Plan Estratéxico Nacional de Política Agraria Común (PAC) de España 2023 – 2027. É dicir, un contexto favorable para o sector, que repercute positivamente na comercialización e internacionalización dos viños galegos e tamén contribúe a mellorar o agro da nosa comunidade.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Que valoración fai a Xunta de Galicia desta convocatoria de axudas para a promoción do viño?

Santiago de Compostela, 3 de Febreiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 03/02/2025 14:22:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/02/2025 14:23:06

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/02/2025 14:23:14

Ángel Rodríguez Conde na data 03/02/2025 14:23:27

Juan Manuel Casares Gándara na data 03/02/2025 14:23:38

Nicole Grueira Fernández na data 03/02/2025 14:23:51

Cristina Campero Dorado na data 03/02/2025 14:24:00

José Mato Díaz na data 03/02/2025 14:24:10

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/02/2025 14:24:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Óscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a eliminación do criterio para conceder axudas da orde cronolóxica de entrada das solicitudes nas convocatorias de subvencións aos concellos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez máis a Xunta, a través do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, publicou no DOG do 9 de xaneiro de 2025 unhas bases reguladoras para a concesión das axudas, neste caso para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas e concellos (procedementos MT402A e MT402B) establecendo como criterio para a súa concesión a orde cronolóxica de entrada das solicitudes, validamente presentadas, na sede electrónica da Xunta de Galicia ata que se esgote o orzamento da convocatoria.

O orzamento da convocatoria, dous millóns de euros, esgotouse en apenas 15 minutos, dende que se abriu o prazo, o día 20 ás 12.00 horas. Houbo 180 solicitudes de concellos de menos de 20.000 habitantes e máis de 1.000 de persoas físicas, mais só foron agraciados 49 municipios (11 da Coruña, 6 de Lugo, 25 de Ourense e 7 de Pontevedra) e 341 persoas (108 da Coruña, 140 de Lugo, 46 de Ourense e 47 de Pontevedra).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta competición por ver quen se fai coas axudas, é totalmente discriminatoria, pois só beneficia aos que teñen a información privilexiada de cando se vai a publicar, porque en apenas 7 días hábiles é difícil que moitos concellos poidan preparar a documentación necesaria que se exige na convocatoria: o proxecto, os acordos dos concellos ou as ofertas dos provedores, entre outros. Ademais, como xa manifestamos en máis dunha ocasión, o certo é que este método de concesión vulnera os principios de igualdade e non discriminación recollidos no artigo 5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza, e que deberan terse en conta na xestión das axudas. Igualmente vulnera os mesmos principios, establecidos no artigo 4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galiza, que obriga ao sector público autonómico a axustar a súa actuación, entre outros, ao seguinte principio xeral:

“ b) Facer efectivo o principio de igualdade e non-discriminación, co obxectivo de que o uso de medios electrónicos non poida implicar en ningún caso a existencia de discriminacións para os cidadáns e as cidadás, tanto respecto do acceso á prestación de servizos públicos coma respecto de calquera actuación ou procedemento, así como por razón de discapacidade ou dificultades especiais. Así mesmo, garantir a accesibilidade dos sistemas, das aplicacións, dos sitios web e das aplicacións para dispositivos móbiles.”

A Xunta de Galiza, para a utilización deste criterio, para nós discriminatorio, ampárase na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza, en concreto no artigo 19.2, que permite excepcionar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento até o esgotamento do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da mencionada lei. Ademais tramítaas a través do procedemento abreviado regulado no artigo 22 da Lei 9/2007, no que unicamente deberase comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, polo que non intervén en ningún caso un órgano avaliador. Mais a todas luces, a utilización desta metodoloxía xa é máis ordinaria que excepcional, pois son moitas as liñas de axudas, das diferentes consellerías as que o empregan.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Cal é a razón pola que a Xunta de Galiza segue utilizando de forma ordinaria nas convocatorias de axudas e subvencións o criterio excepcional que atende exclusivamente á orde cronolóxica de entrada das solicitudes para a súa concesión?

- Por que non se utilizan outro tipo de criterios para escoller e conceder as axudas aos proxectos presentados polos concellos? Está a Xunta de Galiza orfa de ideas ou vese incapaz de establecer nas bases reguladoras de axudas a concellos criterios máis xustos, obxectivos e meritorios?

- Cales son os concellos que lograron a concesión de axuda para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos na convocatoria deste ano 2025 e cales son os concellos que quedaron sen ela?

-Que lle parece ao Goberno da Xunta que os concellos dediquen unha semana a preparar a documentación da subvención e logo non accedan á axuda por motivos que dependen da mellor ou peor conexión telemática? Cree o goberno que é xusto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-É consciente a Xunta de Galiza que as telecomunicacións non teñen a mesma capacidade, velocidade ou cobertura en todos os lugares do noso país?

- Vai o goberno galego a eliminar este tipo de criterios nas convocatorias de axudas e subvencións que aprobe ao longo de 2025?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asdo.: **Óscar Insua Lema**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 03/02/2025 17:39:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/02/2025 17:39:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a avaliación do funcionamento dos centros de crise 24 horas que comezaron a funcionar en Galiza de forma privatizada en decembro de 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2024, pese á oposición dunha trintena de colectivos feministas do noso país e a falta de consenso político, o goberno galego impulsaba os centros de crise 24 horas para a atención ás vítimas de violencia sexual de forma privatizada.

Cómpre recordar que estes centros nacen ao abeiro da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, coñecida como lei do si é si, que recolleu no seu Artigo 35 unha serie de servizos de asistencia integral especializada e accesible a través dos que as administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, promoverán o dereito á asistencia integral especializada e accesible. Entre eles, situábase os Centros de crise 24 horas. A lei prevé estes centros como servizos que brindan atención psicolóxica, xurídica e social. Baixo criterios de atención permanente e actuación urxente, estes centros deberán prever apoio e asistencia en situacións de crise para vítimas, familiares e persoas do entorno. Estes centros prevén incluír o acompañamento e a información telefónica e presencial as 24 horas do día todos os días do ano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, aínda que con atraso, dábanse pasos no cumprimento do Pacto de Estado e avanzábase na rectificación incumprimento do estipulado no Convenio de Istambul respecto das violencias sexuais, que xa establecía no seu artigo 25 a obriga de “permitir a creación de centros de axuda de emerxencia para as vítimas de violacións e de violencias sexuais, apropiados, facilmente accesibles e en número suficiente, para realizarlles un recoñecemento médico e médico forense, e darlles un apoio vinculado ao traumatismo e consellos””.

Para a posta en marcha destes centros celebráronse diferentes Conferencias Sectoriais de Igualdade nas que se abordaron os criterios de territorialización e preveuse un investimento incardinado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). En outubro de 2023 estendeuse o prazo inicial, que era o 31 de decembro de 2023, ao 31 de decembro de 2024 para a execución destes fondos e, de forma correlativa, para a posta en marcha destes centros.

A Xunta de Galiza comprometeuse co impulso destes centros. Inicialmente anunciou a creación dun por provincia, o mínimo esixido por lei, aínda que contraditoriamente anunciou a previsión de posta en marcha inicial en Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela e Vigo, excluindo Ourense, e asinou un acordo coa Consellaría de Sanidade en febreiro de 2023. Posteriormente rectificouse e indicou que crearía nun inicio Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense e chegou a indicar verbalmente, en sede parlamentaria, que o obxectivo sería acadar sete en coordinación e coherencia coas 7 áreas sanitarias.

Pasado o primeiro mes da posta en marcha destes centros, no Hospital Nóvoa Santos de Ferrol, no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, no HULA de Lugo, no Centro de especialidades en Ourense e no Hospital Gil Casares en Compostela, é necesario





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comezar a avaliar o seu funcionamento inicial. Así mesmo, é preciso prever cal vai ser o seu modo de funcionamento nos próximos anos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cantas vítimas foron atendidas por cada un dos centros desde a apertura do recurso?

Cal é, por cada un dos centros, a principal orixe da derivación das vítimas?

Cantas acudiron, por cada un dos centros, por iniciativa da propia muller?

Que protocolo ou protocolos están a rexer o funcionamento destes centros e a súa relación cos demais recursos?

Por que, existindo xa recursos telefónicos e telemáticos específicos, non garante neste servizo a atención presencial?

Desenvolveu algún centro algunha actividade de sensibilización? Cales e con que resultado?

Cal está a ser, por cada un dos centros, o tempo de resposta?

Cal é a taxa de resolución de consultas e reclamacións?

Valora o goberno internalizar nos sistema público de saúde e política social os centros de crise 24 horas para unha mellor prestación do servizo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Valora o goberno galego comezar a cumprir a súa propia lei de violencia a respecto da garantía de atención psicolóxica?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2025 18:13:24

Noa Presas Bergantiños na data 03/02/2025 18:13:38

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2025 18:13:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as medidas necesarias para a implantación das Oficinas de Xustiza nos concellos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Pública de Xustiza transforma os xulgados de paz nas máis amplas Oficinas de Xustiza nos municipios. Oficinas que, sen estar integradas na estrutura da Oficina Xudicial, entran no ámbito da Administración de Xustiza, para a prestación de servizos á cidadanía nos respectivos concellos. Estas oficinas localizáranse en cada un dos concellos nos que non teña a súa sede un Tribunal de Instancia.

Segundo a citada Lei Orgánica, que reforma a do Poder Xudicial, nas Oficinas de Xustiza nos concellos, ademais da asistencia ao xuíz/a de paz, se prestarán aos residentes no municipio, entre outros os seguintes servizos:

- A práctica dos actos de comunicación de los actos de comunicación procesal que non se puideran realizar por medios electrónicos.

- As actuacións de colaboración na xestión do Rexistro Civil que se determinen legal ou regulamentariamente.

Ao tempo, e aí reside un dos aspectos relevantes da reforma, sempre que os medios técnicos o permitan, nas oficinas de xustiza nos municipios realizáranse tamén:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A práctica de actuacións procesuais por medio de videoconferencia ou outros sistema de telepresenza, incluída a intervención en actos de conciliación e derivados de expedientes de xurisdición voluntaria.

- A recepción das solicitudes de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta e a súa posterior remisión aos Colexios profesionais, así como o seu posterior apoio na xestión das solicitudes e a comunicación cos interesados.

- A colaboración coas unidades para solución de controversias existentes no seu ámbito territorial, en coordinación con la Administración prestacional competente.

- A colaboración coas Administracións públicas competentes para facilitar a xuíces/zas, maxistradas/os, fiscais e letradas da administración de xustiza e demais persoal do servizo público de xustiza que non estea integrado na oficina, o desempeño ocasional nas instalacións da súa actividade laboral nas instalacións permitindo a súa comunicación telemática co seu posto de traballo.

Así pois a operatividade da Oficina Xudicial nos concellos dependerá esencialmente de que dispoñan dos medios técnicos e da infraestrutura necesaria para poder desempeñar as funcións que se lle atribúen na reforma, e por suposto de persoal cualificado para a súa execución.

A propia norma establece que as instalacións e medios instrumentais destas oficinas estarán a cargo do concello, e os sistemas e equipos telemáticos pola Comunidade Autónoma con competencias transferidas; correspondendo a estas subvencionar estes gastos, así como o do persoal necesario para que se presten os servizos que teñen atribuídos estas Oficinas de Xustiza.

Por outra banda, a devandita norma establece que as Oficinas de Xustiza dos concellos de máis de 7.000 habitantes e aquelas outras que se determine pola Xunta de Galiza serán servidas por persoal dos Corpos ao servizo da Administración de Xustiza,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

podendo crearse Agrupacións de Oficinas de Xustiza en municipios limítrofes pertencentes ao mesmo partido xudicial. A Oficina do concello cabeceira da agrupación estará dotada con persoal da Administración de Xustiza que atenderá os servizos en todas as oficinas dos concellos agrupados, existindo nestes persoal funcionario, laboral ou idóneo, designado polos concellos, que se encargará da atención da Oficina de Xustiza.

Xa que logo a posta en marcha das Oficinas de Xustiza nos concellos tal e como establece a nova regulación exige dunha planificación e dotación de recursos económicos para atender as necesidades de infraestruturas, medios técnicos e de persoal precisos a prestación das funcións encomendadas, sen que sexa admisíbel derivar, unha vez máis, estes gastos nuns concellos que xa veñen soportando numerosas competencias impropias que non lle corresponden e que comprometen a súa autonomía e suficiencia económica.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

En que medida o desenvolvemento das Oficinas de Xustizas nos concellos vai supor un incremento das transferencias realizadas pola Xunta de Galiza ás entidades locais?

Cal é o investimento que ten previsto realizar a Xunta de Galiza para dotar ás Oficinas de Xustiza nos concellos dos medios tecnolóxicos necesarios para poder realizar a totalidade das funcións que a permite a Lei Orgánica do Poder Xudicial?

Considera a Xunta de Galiza que debe recaer nos concellos galegos, total ou parcialmente, os custes de infraestrutura, mantemento e do persoal necesario para o funcionamento das Oficinas de Xustiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que existen concellos en Galiza que malia ter menos de 7.000 habitantes deben ser atendidos por persoal funcionario dos Corpos ao servizo da Administración de Xustiza?

No seu caso, que concellos?

Valora a Xunta de Galiza a posibilidade de crear Agrupacións de Oficinas de Xustiza, sen que, en ningún caso, supoña unha redución do persoal actualmente destinado nos xulgados de paz?

No seu caso, en que concellos e cal sería o de cabeceira?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/02/2025 10:03:12

Óscar Insua Lema na data 04/02/2025 10:07:44





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Silvia Longueira Castro e Julio Abalde Alonso deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O concello de Cervantes ten un gran patrimonio histórico, cultural e etnográfico que é considerado patrimonio único en Europa. Este patrimonio estase a perder pola falla de mantemento.

Estamos a falar das coñecidas e recoñecidas pallozas cun censo de 85 pallozas e 60 hórreos. Piornedo, pobo prerrománico do concello de Cervantes, alberga 14 destas pallozas e 11 hórreos.

As pallozas son construcións que no seu inicio eran de pedra, madeira con cuberta de palla de centeo. A día de hoxe unha maioría só conservan os muros e os teitos están con chapa, un remedio para paliar a falta de axudas.

Piornedo foi declarado conxunto histórico artístico por decreto do 3 de xuño de 1931 do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes. O Decreto 2.250 correspondente ao 13 de agosto de 1971, publicado no BOE o 23 de setembro de dito ano e ampliado por outro decreto do 18 de agosto do 1972 declara paisaxe pintoresco a serra de Picos de Ancares incluíndo os poboados de Vilarello de Donis e Piornedo. E dende a década dos noventa conta coa declaración de BIC.

Estas características excepcionais deste poboado prerromano constitúe un valioso recurso turístico e patrimonial non só do propio Concello de Cervantes





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2025 10:14:07
Nº Rexistro: 19245
Data envío: 04/02/2025 10:14:07.884

e da provincia de Lugo senón da propia comunidade autónoma máxime pola súa consideración de BIC. Patrimonio que hai que conservar e protexer.

A realidade é que a única axuda que perciben a día de hoxe e por parte da administración provincial, a pesar de quen ten as competencias exclusivas sobre o patrimonio cultural de interese de Galicia e a comunidade autónoma, segundo a Lei de patrimonio cultural.

Por elo, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Contempla a Xunta de Galicia realizar un plan de rescate, a realizar en dúas anualidades cunha inversión de 500.000€ ao ano (segundo cálculo estimativo a falta do estudo pertinente), das pallozas cofinanciado entre as tres administracións, a razón do peso dos seus orzamentos?
2. Comprometese a Xunta de Galicia, unha vez finalizado o plan de rescate, a establecer unha axuda periódica para o seu mantemento e conservación de 50.000€ ano?

Santiago de Compostela, a 4 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 04/02/2025 10:09:04

Silvia Longueira Castro na data 04/02/2025 10:09:17

Julio Abalde Alonso na data 04/02/2025 10:09:42

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

66111

@PSdeG



CSV: BGJRG-SFG-AB-MJue87W-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre puntos de atención á infancia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os puntos de atención á infancia (PAI) son establecementos de carácter municipal e dependentes dos servizos sociais propios dos concellos, que teñen a finalidade de dar apoio ás familias na atención as crianzas de entre 3 meses e 3 anos. Son, desta maneira, un servizo de conciliación que, polo regular prestan atención ás crianzas en municipios cunha baixa densidade de poboación nos que non existe a opción dunha escola infantil coma tal.

Normalmente sitúanse en concellos de menos de 5000 habitantes e de carácter máis rural, contabilizándose en Galiza máis de 40 PAI dispersos polo país, en concellos coma Alfoz, Rodeiro, O Corgo, Touro ou Arbo, todos eles ofrecendo un servizo de conciliación preciso para as familias que, non vivindo en vilas ou cidades, teñen igualmente dereito a el.

O investimento económico que supoñen estes PAI para os concellos de pequeno tamaño réstalle capacidade orzamentaria para facerlle fronte a outros gastos necesarios, non obstante son de vital importancia para conservar a súa poboación e loitar contra a crise demográfica que sofre o país. O propio Consello de Contas achaca o descenso poboacional nas zonas máis rurais, con especial énfase en Lugo e Ourense, entre outros motivos á falla de servizos, de xeito que é preciso ter a capacidade de ofrecer unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

calidade de vida semellante en cidades e vilas, para aqueles que deciden instalarse ou continuar vivindo nelas, chegando incluso a ligar a vida laboral a estas áreas.

Estes concellos reciben, para os puntos de atención á infancia, unha contía por parte da Xunta de Galiza, en concreto da Consellería de Política Social, que varía segundo o número de crianzas que atendan, pero que non é abonda para manter as instalacións en funcionamento co persoal docente preciso, de xeito que as arcas municipais se ven moi resentidas. Mentres tanto a propia Consellería ten unhas achegas por crianza moi superiores por cada neno ou nena que ocupa unha praza de escola infantil privada que no caso dunha pública, prexudicando de xeito evidente a todas aquelas prazas de xestión pública, entre as que se atopan as de xestión municipal. Nalgúns dos cálculos para chegar a esta afirmación constatouse que as contías adicadas de media a estas prazas son tres veces menores que as que perciben as prazas de carácter privado nalgúns casos, confirmándose deste xeito a deriva cara a privatización da escolarización infantil por parte do goberno galego. Así mesmo, neses cálculos demostrouse que hai PAI nos que a Xunta de Galiza aporta menos do 25% do orzamento necesario para manter o servizo en funcionamento, de xeito que a gratuidade da escolarización non é real nestes casos, onde os concellos asumen a maior parte dos gastos derivados da atención aos menores.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

.Considera a Xunta de Galiza que a financiación da gratuidade da escolarización infantil 0-3 nos PAI lle corresponde aos concellos onde están localizados, a pesares de crear unha desigualdade evidente entre estes e os que contan con escolas infantís?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Xunta de Galiza que non financiar a totalidade do servizo de escolarización 0-3 nos PAI favorece a presenza deste en concellos de menos de 5000 habitantes?

. Considera a Xunta de Galiza que está a aportar o financiamento necesario para que os PAI dos concellos de menos de 5000 habitantes continúen a prestar o servizo de conciliación de 0-3 anos?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 04/02/2025 10:39:27

Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2025 10:41:53





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2025 10:58:18
Nº Rexistro: 19261
Data envío: 04/02/2025 10:58:18.151

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A saúde pública, é unha das grandes preocupacións tanto a nivel global, como nacional ou autonómico.

A globalización e a interconexión do mundo marcou un fito na saúde pública. Particularmente, o transporte rápido de persoas ao longo de grandes distancias, fomentou a posibilidade do xurdimento de novas enfermidades ou a expansión igual de rápida do súa contaxio, isto quedou patente coa pandemia da Covid.

É certo que a saúde pública plásmase de forma diferente en función do país ou zona da que esteamos a falar, pero en calquera lugar, ha de cumprir funcións tales como o diagnóstico, avaliación e seguimento das enfermidades que afectan á poboación, a educación, e promoción dos métodos e hixiene, prevención e reacción ante enfermidades, redución do impacto de epidemias, mantemento das infraestruturas de atención en materia de saúde como hospitais e centros de saúde etc.

E para iso é necesario contar con persoal capacitado para garantir unha resposta efectiva en situacións de risco. O Goberno de España, consciente da importancia que ten a saúde pública, realizou un "recoñecemento" de como se atopan os equipos que dependen das comunidades autónomas. E o resultado deixa moito que desexar no caso de Galicia, poderíamos dicir que o resultado é pésimo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2025 10:58:18
Nº Rexistro: 19261
Data envío: 04/02/2025 10:58:18.151

Por iso, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que pensa facer a Xunta de Galicia, para reverter a situación de déficit de persoal dedicado a saúde pública?

Parlamento de Galicia, 3 de febreiro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 03/02/2025 17:01:38

Silvia Longueira Castro na data 03/02/2025 17:01:49

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

66116

@PSdeG



CSV: B0R0G08M0AM2K8B7W-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Os centros residenciais son hoxe parte importante da atención aos nosos maiores. Debemos ter en conta que un dos nosos obxectivos prioritarios desde o enfoque tanto social como sanitario é facilitar a permanencia dos maiores no seu domicilio, pero na maioría das ocasións é debido a circunstancias de tipo familiar, sanitarias e /ou económicas, non poden ser atendidos nos seus propios domicilios e precisan destes servizos.

Nas últimas décadas asistimos a un aumento no numero de residencias, non obstante, aínda existe un desaxuste respecto ás necesidades de cobertura a unha crecente demanda social

A pesares da existencia de residencias na comarca de Valdeorras, a día de hoxe, existen listas de agarda para acceder a unha praza pública nos mencionados centros residenciais, feito que repercute na calidade de vida das persoas maiores.

Actualmente, Petín é o único municipio da Comarca de Valdeorras que carece de servizos que presten unha atención integral e continuada para as persoas maiores.

Segundo os datos que obran no padrón municipal de habitantes no municipio de Petín un 32,43 % da poboación ten máis de 65 anos. É importante ter en





conta esta porcentaxe se ve minorado polo feito de que as persoas ingresan n outros municipios e trasladan aló o seu padrón. Feito que supón unha ruptura co seu entorno de convivencia habitual imposibilitando en moitos casos as visitas ao seu propio domicilio.

Así mesmo, a apertura deste centro tradúcese na creación de postos de traballo, xeralmente ocupados por mulleres. Traballar no seu municipio supón, sen dúbida, unha mellora para a conciliación familiar, laboral e persoal.

O Concello de Petín en sesión plenaria do 31 de xullo de 2020 acordou por unanimidade o acordo de tramitar ante a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social e ao mesmo tempo ante a Deputación Provincial de Ourense a construción dunha residencia pública para persoas maiores nunha parcela propiedade do Concello, sen que ata o momento a Consellería accedese á petición e é polo que as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Prevé o Goberno galego construír unha residencia de maiores no municipio de Petín?
2. De ser afirmativa a anterior resposta, que prazo e cronograma de actuacións manexan?
3. De ser negativa, cales son as razóns para non acceder á petición acordada no pleno do municipio de Petín en data 31 de xullo de 2020?

Parlamento de Galicia, 4 de febreiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2025 11:00:23
Nº Rexistro: 19266
Data envío: 04/02/2025 11:00:23.761

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/02/2025 10:56:13

Elena Espinosa Mangana na data 04/02/2025 10:56:24

Silvia Longueira Castro na data 04/02/2025 10:56:33

CSV: BGJREBG-9XBH4ia1t8B7W-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

66119

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a mellora das redes de abastecemento eléctrico en Cerdedo-Cotobade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Cerdedo-Cotobade sofre continuos cortes de subministro eléctrico. Isto acontece con excesiva frecuencia, sen que sexa preciso a chegada dun temporal. Unhas veces son parroquias enteiras as que quedan sen luz (Tenorio, Viascón, San Xurxo) ou nas que o subministro eléctrico falla durante horas (Almofrei, Loureiro, Borela, Carballedo, Valongo, Quireza, Cerdedo..). A pasada semana o colexio de Tenorio estivo sen electricidade e a escola infantil sen luz nin calefacción.

As infraestruturas eléctricas están obsoletas e nin a Xunta nin a empresa distribuidora fan o necesario por modernizalas. O goberno galego presume de investimentos millonarios en infraestruturas no rural, e de transferencias millonarias a través do fondo de fusións ao concello de Cerdedo-Cotobade mais as infraestruturas e servizos como o do subministro eléctrico, telefonía, fibra óptica, sanidade ou cobertura de emerxencias son moi deficitarios.

Estes equipamentos e servizos esenciais para garantir a calidade de vida e a equidade para a poboación que vive no rural presentan numerosas carencias e deficiencias. Faise necesario pois que a Xunta pase da propaganda aos feitos, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desenvolva plans reais de mellora das infraestruturas, dos equipamentos e dos servizos en ámbitos rurais como é o concello de Cerdedo-Cotobade.

E ademais a Xunta ten que esixir ás empresas privadas xestoras das redes de subministro eléctrico que melloren e modernicen as instalacións.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Vai a Xunta tomar medidas coa empresa distribuidora para que se melloren as instalacións e o abastecemento eléctrico ao CEIP e á escola infantil de Tenorio para evitar problemas como o que tiveron lugar o pasado 28 de xaneiro de 2025?

- Vai o goberno galego facer un estudo sobre as necesidades de mellora das infraestruturas de subministro eléctrico en Cerdedo Cotobade, identificar as principais carencias da rede e demandar á compañía eléctrica distribuidora que mellore as infraestruturas de abastecemento para evitar os continuos cortes de luz que se producen no concello de Cerdedo-Cotobade?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 04/02/2025 10:51:11

José Manuel Golpe Acuña na data 04/02/2025 10:51:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativa ao impulso por parte da Xunta de Galiza dunha Valedoría da Igualdade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na última década, a forza do feminismo fixo que se produciran cambios lexislativos e un proceso de toma de conciencia colectiva que nos fixo avanzar posicións de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Mais hoxe, vemos con preocupación o avance de posicións e medidas abertamente retrógradas no ámbito social ou institucional, con consecuencias que agravan a desigualdade e mesmo cuestionan a existencia da violencia machista que ameaza as nosas vidas. Hoxe, vemos con preocupación novos mecanismos de compra-venda e alienación dos nosos corpos e das nosas vidas, o fortalecemento da manófera ou as consecuencias da concatenación de crises nas mulleres galegas, que seguen a ter, en termos globais, peores indicadores no ámbito socio económico e soportando o desmantelamento dos servizos públicos, especialmente no ámbito da dependencia e da conciliación.

Así, a fenda salarial continúa, continúa a sobrerrepresentación das mulleres nos tramos de menores ingresos e a infrapresenza nos de maiores ingresos. Aínda que aumentou a poboación feminina ocupada, hai unha terciarización dese aumento e a xornada parcial continúa sendo unha característica do emprego feminino. Podemos afirmar que a última reforma laboral non fixo máis que afondar as fortes fendas xa existentes entre homes e mulleres. Ademais, aumenta a desigualdade das pensións e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

todos estes factores fan que permaneza a situación de feminización da pobreza, mesmo aumentando a fenda entre homes e mulleres.

O feito de que haxa innumerables dereitos e medidas recollidas no marco lexislativo que non se cumpren na vida diaria debe facernos reflexionar sobre a necesidade de que se muden e actualicen as ferramentas para os facer efectivos. Por iso, a reivindicación do 8M debe apostar por ferramentas concretas e fuxir de declaracións de intencións, dar cabida ás demandas do feminismo galego e empregar o autogoberno para avanzar en dereitos.

Fronte ao conformismo e á declaración de intencións, fronte á tentación de quen aproveita a vaga reaccionaria para rebaixar a esixencia ás institucións, propoñemos a creación dunha Valedoría de Igualdade como órgano de defensa cidadá perante situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, con funcións de investigación, asesoramento, mediación e elaboración de propostas de sanción para a promoción da garantía do cumprimento do principio de igualdade.

Para situar Galiza nos máis altos estándares de promoción da igualdade e de loita contra a discriminación por razón de xénero, faise preciso avanzar na constitución de organismos públicos independentes que velen polo cumprimento e garantía dos dereitos xa recoñecidos formalmente na lexislación. De maneira específica, faise preciso abordar esta cuestión no sector privado, toda vez que non existe unha autoridade independente análoga á que si ten por natureza a defensa dos dereitos da cidadanía fronte á administración. Este papel, que cumpren as Valedorías ou Defensorías do Pobo, tamén en Galiza, circunscríbese en exclusiva ao ámbito público non tendo encomenda algunha sobre as situacións de discriminación que se produzan no sector privado.

Por iso, é necesaria unha Valedoría da Igualdade entendida como autoridade independente que asesore e asista á cidadanía diante de posíbeis situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, que se produzan no sector





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

privado así como promover vías de negociación e recomendacións que poñan fin a situacións de discriminación como as que continúan a rexistrarse aínda hoxe en moitos ámbitos. O futuro é esixente e nós tamén debemos selo, reafirmando o apoio ás mobilizacións do feminismo galego e propoñendo avances para facer unha Galiza máis feminista.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Que actuacións concretas impulsa ou vai impulsar o goberno galego ante o feito de que dereitos e medidas contempladas desde hai anos na lexislación non sexan unha realidade?

Vaise comprometer o goberno galego co impulso dun proceso activo de participación social e institucional co obxectivo de, antes do remate do ano 2025, impulsar e regular por lei a creación dunha Valedoría de Igualdade?

Considera o goberno galego que as mulleres do noso país teñen recursos para se protexer do incumprimento das leis no ámbito privado?

Como explica a permanencia e gravidade da fenda salarial malia ser ilegal?

Como explica que os dereitos de conciliación sexan frecuentemente vulnerados?

Como explica os incumprimentos respecto de requisitos como os Plans de Igualdade?

Como explica que dereitos como os permisos por maternidade teñan que estar constantemente reclamados nos xulgados para colectivos como as nais monoparentais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2025 11:45:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/02/2025 11:48:04

Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2025 11:48:30



Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladrón Lamas, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Estatuto da cidadanía española no exterior, aprobado mediante a Lei 40/2006, do 15 de decembro, configúrase como un marco xurídico que garante ás persoas residentes no exterior o exercicio dos seus dereitos e deberes constitucionais, establece no seu artigo 5 a asistencia e protección, por parte da Administración Xeral do Estado e as súas comunidades autónomas, no marco das súas respectivas competencias, daquelas persoas residentes no exterior que se atopen en situación de necesidade.

A Xunta de Galicia, en materia de emigración, establece como unha das súas áreas de actuación prioritaria a atención socio-asistencial digna para todas as persoas galegas residentes no exterior diversos programas co obxectivo de paliar a carencia de medios económicos e afrontar as necesidades básicas de subsistencia e atención socio-sanitaria.

Con isto, o goberno autonómico, a través da consellería de Emprego, Comercio e Emigración pretende, nunha actuación coordinada co goberno central, consolidar unha política de atención e protección das persoas galegas residentes no exterior.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas adoptadas en materia social a favor das persoas galegas residentes no exterior?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 04/02/2025 10:53:05

Alberto Pazos Couñago na data 04/02/2025 10:53:21



Paula Prado del Rio na data 04/02/2025 10:53:33

Julio García Comesaña na data 04/02/2025 10:53:50

Argimiro Marnotes Fernández na data 04/02/2025 10:54:04

Paula Mouzo Mas na data 04/02/2025 10:54:16

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/02/2025 10:54:39

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/02/2025 10:54:47

Katherinie Varela Fernández na data 04/02/2025 10:55:02





Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladrón Lamas, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A atracción de persoas de alta cualificación á nosa comunidade é un dos principais obxectivos da Estratexia Galicia Retorna que ten en marcha a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Para iso, anualmente o goberno galego convoca, entre outros programas, as Bolsas Excelencia Mocidade Exterior. Unha liña de axudas dirixida aos mozos que residen no estranxeiro que brinda a oportunidade de cursar un máster na universidade pública galega.

Esta formación complementaria trae consigo diferentes finalidades, xa que incentiva que fixen a súa residencia na nosa comunidade, a incorporación ao mercado laboral galego unha vez rematados os seus estudos e, a maiores, a aportación de riqueza e talento ao noso tecido empresarial.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance das Bolsas Excelencia Mocidade Exterior convocadas pola Secretaría Xeral da Emigración?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 04/02/2025 11:20:09

Alberto Pazos Couñago na data 04/02/2025 11:20:24

Paula Prado del Río na data 04/02/2025 11:20:36



Julio García Comesaña na data 04/02/2025 11:20:50

Argimiro Marnotes Fernández na data 04/02/2025 11:21:02

Paula Mouzo Mas na data 04/02/2025 11:21:17

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/02/2025 11:21:31

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/02/2025 11:21:38

Katherinie Varela Fernández na data 04/02/2025 11:21:52



Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladrón Lamas, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Estratexia Galicia Retorna, desde a súa posta en marcha na nosa Comunidade, está contribuíndo a reverter o saldo migratorio rexistrando ano tras ano un saldo migratorio positivo, e como consecuencia contribuíndo a que Galicia gañe poboación gracias ao retorno das persoas emigradas. Cabe subliñar que os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE) marcan un fito importante para a nosa comunidade, xa que por terceiro ano consecutivo conseguíuse unha cifra histórica de retorno. Cada ano son máis os galegos e galegas que deciden regresar tras un longo ou curto período fóra da súa casa e asentarse en Galicia.

Conscientes de que os retornados favorecen a competitividade da sociedade galega, o Goberno galego leva anos reforzando a súa aposta por ese regreso, e faino a través da ambiciosa Estratexia Retorna 2023-2026, que da continuidade á posta en marcha no ano 2018, incrementando as partidas e actuacións.

Un dos puntos desta Estratexia é a xestión integral do retorno a través da Oficina de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, un servizo que presta atención personalizada nas áreas social, educativa e laboral, coa finalidade de que, desde o inicio, poidan ter un contacto directo e único para facilitar a súa chegada e así comezar unha nova vida en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como se adaptou a Estratexia Galicia Retorna en función das demandas das persoas usuarias?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 04/02/2025 11:40:04



Alberto Pazos Couñago na data 04/02/2025 11:40:16

Paula Prado del Rio na data 04/02/2025 11:40:30

Julio García Comesaña na data 04/02/2025 11:40:42

Argimiro Marnotes Fernández na data 04/02/2025 11:40:57

Paula Mouzo Mas na data 04/02/2025 11:41:11

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/02/2025 11:41:24

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/02/2025 11:41:32

Katherinie Varela Fernández na data 04/02/2025 11:41:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a inclusión da Xunqueira da Gandarela no Rexistro de Zonas Húmidas de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 2 de febreiro celebrouse o Día Internacional dos Húmidais. Os húmidais teñen moita importancia na regulación do ciclo hidrolóxico -polo tanto na prevención de riadas- e na preservación dos recursos hídricos, un ben esencial para a natureza, para a actividade económica e para a vida humana.

Malia o seu alto valor social e ambiental, son espazos que sofren diversos tipos de ameazas e agresións por causa de aterros, drenaxes, construción de infraestruturas, instalacións de equipamentos, vertidos contaminantes, polígonos eólicos e monocultivos forestais.

Na comarca de Pontevedra temos diversos exemplos de húmidais, algún deles incluídos no Rexistro de Zonas Húmidas e outros non. Máis nin sequera a inclusión do Rexistro é garantía de protección e dun bo estado de conservación, como demostra a publicación do IBADER Conservación e Xestión dos Húmidais en Galicia (2017).

No concello de Pontevedra recentemente incluíuse no Rexistro de Húmidais a lagoa da Xunqueira da Gándara, situada na rúa Martín Códax, na zona onde se ubican de maneira irregular diversos equipamentos das administracións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na parroquia de Lourizán sitúase a Xunqueira da Gandarela, un espazo de máis de 6 hectáreas que foi estudado e é obxecto de coidados por parte da comunidade educativa do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán (antiga Escola de Capataces Forestais). Trátase dun humidal costeiro, que forma parte do espazo intermareal do río Louriñas e que conta con tres tipos de hábitats: hábitat halófilo (zona de grande salinidade e con grande influencia das mareas), hábitat hidrófilo (beiras das masas fluviais que fan función filtradora e albergan unha grande variedade de macroinvertebrados) e hábitat ripario (formado por vexetación de ribeira, na que destaca o bosque aluvial de amieiros que está recoñecido como hábitat de interese comunitario pola Directiva Hábitat da UE).

Esta Xunqueira ten un delicado estado de conservación debido a aterros, vertidos contaminantes, afección de infraestruturas e especies invasoras. Diversas iniciativas emprendidas pola comunidade de montes de Lourizán e as actuacións do CFEA de Lourizán supuxeron unha mellora no estado da xunqueira, mais faise necesaria a súa protección mediante a inclusión do Inventario de zonas húmidas de Galiza, tal como foi solicitado en 2023 por parte polo alumnado do módulo de “Conservación da natureza” do CFEA de Lourizán.

Esta protección podería facerse de maneira doada mediante a ampliación da zona húmida do Esteiro do Lérez, xa incluída no Inventario. Este recoñecemento debería ser o primeiro paso para desenvolver un plan de xestión con medidas de conservación, rexeneración, eliminación de vertidos e eliminación de especies invasoras.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten previsto a Xunta incluír a Xunqueira da Gandarela situada na parroquia de Lourizán (Pontevedra) no Rexistro de Zonas Húmidas de Galiza, atendendo a petición formulada en 2023 por estudantes do CFEA de Lourizán?

-Ten coñecemento a Xunta dos riscos, ameazas e agresión que se produciron nos últimos anos neste espazo de grande interese ambiental?

-Que actuación prevé desenvolver o goberno galego para mellorar o estado deste espazo natural?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/02/2025 12:02:47

Luis Bará Torres na data 04/02/2025 12:02:51



Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladrón Lamas, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Secretaría Xeral da Emigración ten, entre outros obxectivos, o de manter o contacto das persoas galegas residentes no exterior coa súa comunidade de orixe, Galicia.

Para iso, a Xunta de Galicia promove diferentes programas, que posibilitan que persoas de todas as idades poidan vir a Galicia a coñecer a realidade actual, o patrimonio, a realizar tramos dos diferentes Camiños, a realizar voluntariado ou a visitar aos seus familiares, entre outras.

Sen dúbida, é unha experiencia única e, a maiores, constitúe unha oportunidade para que poidan valorar un retorno á nosa Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cales son os programas dos que dispón a Secretaría Xeral da Emigración para manter os vínculos coas persoas galegas residentes no exterior?
- 2.- Cal é o balance e o número de persoas participantes nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 04/02/2025 11:48:52

Alberto Pazos Couñago na data 04/02/2025 11:49:06

Paula Prado del Río na data 04/02/2025 11:49:17

Julio García Comesaña na data 04/02/2025 11:49:31



Argimiro Marnotes Fernández na data 04/02/2025 11:49:43

Paula Mouzo Mas na data 04/02/2025 11:49:54

María Felisa Rodriguez Carrera na data 04/02/2025 11:50:11

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/02/2025 11:50:19

Katherinie Varela Fernández na data 04/02/2025 11:50:33



Á Mesa do Parlamento

Víctor Baladrón Lamas, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Xunta de Galicia ven desenvolvendo a Estratexia Galicia Retorna, un documento transversal de todos os departamentos con diferentes medidas de apoio para as persoas galegas residentes no exterior que contribúan ao retorno a Galicia.

Unha das medidas integrada, é a liña de axudas ao retorno emprendedor, que ten por obxecto axudar a fomentar o auto emprego para a persoa retornada, aproveitando a experiencia e coñecementos adquiridos no seu país de orixe.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o balance das convocatorias de liñas de axuda ao retorno emprendedor da Secretaría Xeral da Emigración?
- 2.- Como foi a evolución desta medida desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Víctor Baladrón Lamas na data 04/02/2025 11:57:23

Alberto Pazos Couñago na data 04/02/2025 11:57:36

Paula Prado del Río na data 04/02/2025 11:57:49

Julio García Comesaña na data 04/02/2025 11:58:02

Argimiro Marnotes Fernández na data 04/02/2025 11:58:15

Paula Mouzo Mas na data 04/02/2025 11:58:26



María Felisa Rodriguez Carrera na data 04/02/2025 11:58:38

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/02/2025 11:58:45

Katherinie Varela Fernández na data 04/02/2025 11:58:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á necesidade da elaboración dun protocolo de baleirado e limpeza dos encoros de competencia da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de que distintas entidades, nomeadamente as confrarías, leven décadas reclamando do Goberno galego elaborar un protocolo de baleirado e limpeza de encoros, despois de que este Grupo parlamentario presentase en sede parlamentaria esa mesma proposta en innumerábeis ocasións, despois de que as propias empresas eléctricas leven anos procedendo a abrir comportas e desaugar os encoros en baixa mar poñendo mesmo en risco a vida das persoas, despois de que as mortalidades de marisco dos últimos anos debidas á baixa salinidade das augas deixaran os bancos de moitas zonas do país completamente arrasados, a Xunta de Galiza segue sen tomar nin unha soa medida para evitar a incidencia do baleirado e da limpeza dos encoros nestes casos.

E os estragos volveron ocorrer de novo esta mesma fin de semana, na que a confraría de Noia veuse afectada polas fortes choivas e pola falta de control no baleirado da presa do Tambre. As consecuencias foron máis de 5.000 quilos recollidos de marisco morto sen que o Goberno galego leve a cabo sequera investigacións para saber que ocorreu exactamente, se se pode evitar e/ou minimizar e como.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De novo os danos ambientais, económicos e sociais quedan nun segundo plano, de novo as empresas eléctricas seguen a actuar impunemente e, de novo, o Goberno galego continúa sen exercer as súas competencias e sen tomar medidas ao respecto para impedir os incumprimentos sistemáticos e evitar a afectación a un sector produtivo socioeconomicamente fundamental para o país.

O encoro do Tambre, o do Umia, o do Ulla ..., son obxecto de queixas todos os anos por distintos sectores, nomeadamente polo sector marisqueiro e é obriga da Administración galega velar polo cumprimento das normas vixentes e actuar en contra de quen as infrinxe.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

Que valoración fai o Goberno galego da incidencia do baleirado dos encoros da súa competencia nos bancos marisqueiros galegos?

. Que valoración fai da incidencia do baleirado da presa do Tambre nos bancos marisqueiros da ría de Muros e Noia, nomeadamente do levado a cabo na última semana de xaneiro?

. Cal é a razón pola que a día de hoxe non teña aínda tomada a decisión de elaborar o necesario protocolo de baleirado e limpeza dos encoros da súa competencia e dar así cumprimento á lexislación vixente nesa materia?

. Ten previsto levalo a cabo? De ser así, cando?

. Considera que na situación actual dos bancos marisqueiros, calquera alteración na calidade das augas pode ter unha influencia negativa e mesmo irreversible?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai analizar os efectos do baleirado da presa do Tambre na mortalidade de marisco en Noia nesta fin de semana pasada? De ser así, cando? De non ter previsto facelo, por que razón?

. Considera que as empresas xestoras dos encoros deben ter responsabilidades e asumir o pago de compensacións ás persoas afectadas se causan dano á súa contorna e ás rías nos procesos de desaugado e limpeza? De ser así, está disposto a contemplalo no correspondente regulamento?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 04/02/2025 12:21:57

Paulo Ríos Santomé na data 04/02/2025 12:24:53

Carmela González Iglesias na data 04/02/2025 12:25:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 04/02/2025 12:25:58

Daniel Pérez López na data 04/02/2025 12:26:34



Á Mesa do Parlamento

Julio García Comesaña, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O deporte é unha actividade que tódalas persoas deberíamos realizar, xa que posúe diferentes beneficios, segundo as autoridades sanitarias, entre estes atópanse que reduce o risco de padecer: enfermidades cardiovasculares, tensión arterial alta, cancro de colon e diabetes ou a contribución ao desenvolvemento integral da persoa.

Observando os datos do Instituto Galego de Estatística e o Instituto Nacional de Estatística, vemos que a porcentaxe de persoas que realizan actividade física con regularidade en Galicia pasou de ser o 17,6% no ano 2011-12 a un 35% no 2022, o que representa un aumento do 17,4%, pola contra, a porcentaxe de persoas sedentarias en Galicia diminuíuse do 50,1% no 2011-12 a un 30,5% no ano 2022, o que representa unha redución do sedentarismo nun 19,6%. O número de Clubs federados en Galicia aumentou de 4.409 en 2013 a 4.757 en 2023, o que representa un incremento de 348 clubs nos últimos 10 anos.

Estes datos demostran que cada vez Galicia ten unha cidadanía máis activa e que quere realizar deportes. Pero este tipo de actividades non se poden realizar se non se teñen os materiais, os instrutores adecuados, as instalacións, etc..

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Os convenios da Xunta de Galicia coas federacións deportivas, ¿aumentará no ano 2025?
2. Cal será a contía dos convenios coas federacións deportivas?



3. A que federacións deportivas van destinados estes convenios da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 04/02/2025 12:34:06

Alberto Pazos Couñago na data 04/02/2025 12:34:24

Paula Prado del Rio na data 04/02/2025 12:34:37

Roberto Rodríguez Martínez na data 04/02/2025 12:34:50

Argimiro Marnotes Fernández na data 04/02/2025 12:35:06

Paula Mouzo Mas na data 04/02/2025 12:35:18

María Felisa Rodriguez Carrera na data 04/02/2025 12:35:29

Katherinie Varela Fernández na data 04/02/2025 12:35:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á limitación das axudas para a construción de barcos auxiliares de acuicultura fixada na orde do 17 de decembro de 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Orde do 17 de decembro de 2024, publicada no DOG do pasado 10 de xaneiro, establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas dirixidas ao sector da acuicultura para investimentos produtivos e creación de empresas, investimentos para a neutralidade climática e servizos de asesoramento e procede tamén á convocatoria para este ano 2025.

A Orde era moi agardada polo sector mexilloeiro dende hai tempo, xa que é a primeira para o mesmo fin que se realiza dende hai dous anos, sendo a inmediatamente anterior a que se convocara mediante a Orde de 27 de decembro de 2022 e se publicara o 17 de xaneiro de 2023.

Con respecto a ese ano, a actual introduce varios cambios: O seu propio obxecto, as modalidades das axudas, o creto orzamentario, a porcentaxe de cofinanciamento entre os fondos europeos e os da Comunidade Autónoma, contía máxima das axudas Todos eles, en liña con outras políticas da Consellaría de Mar e que no entanto non parecen ir encamiñados ao fomento e á promoción da miticultura, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acuicultura maioritaria no noso país e que proporciona arredor de 8.000 postos de traballo directos, cunha frota de máis de mil embarcacións auxiliares.

Son datos que non se comparecen coas contías máximas das axudas establecidas na convocatoria, 50% do gasto total subvencionábel para as operacións executadas por pemes, que non varían a respecto do 2023, mentres si medra a porcentaxe no caso das grandes empresas, que pasa dun 30 a un 40% dende a última convocatoria.

Máis grave é aínda a contía establecida para a construción de barcos auxiliares de acuicultura, que se fixa en 300.000 euros e que se incrementaría “en 25.000 euros por cada establecemento de acuicultura do que sexa/n titular/es a/s persoa/s solicitante/s, ata o límite máximo de 600.000 euros de custo subvencionábel por embarcación” (Artigo 7.2).

Unha limitación que non existía en Ordes anteriores e que, na práctica, desbota calquera posibilidade de poñer en marcha a construción de novas embarcacións, o que implicaría a falta de incentivación para a renovación das mesmas, nalgúns casos moi envellecidas, a merma da seguridade a bordo ou a incapacidade de introducir melloras técnicas e/ou de habitabilidade que só pagaría a pena levar a cabo polo seu custo e complexidade en buques novos.

Mais estas novas condicións non afectarían só ao propio sector mexilloeiro e á súa sustentabilidade e competitividade, senón que causarían un prexuízo irreparable a outros sectores importantes das nosas localidades costeiras como o das industrias adicadas á construción de embarcacións, os asteleiros, que en moitas zonas viven practicamente en función do desenvolvemento do propio sector mexilloeiro.e que, nalgúns casos e á vista da inminente convocatoria de axudas xa tiñan barcos proxectados e mesmo comezados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre, pois, dar solución inmediata a un problema que, como en tantas outras ocasións, é creado pola propia Administración e pola falta habitual de comunicación e diálogo co sector ou sectores directamente implicados, neste caso coa convocatoria de axudas que non só non os favorece senón que bota por terra unha planificación que levaba tempo agardando a poder ser efectivizada e que, deste xeito, será imposíbel.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Por que motivo limita o Goberno galego por primeira vez a contía establecida para a construción de barcos auxiliares de acuicultura na Orde de axudas que vén de publicar o pasado 10 de xaneiro?

. Foron consensuadas, ou cando menos dialogadas ou consultadas, as bases da convocatoria co sector mexilloeiro?

. Considera que as cantidades establecidas fomentan a renovación da frota adicada ao cultivo do mexillón?

. Considera que inciden positivamente na introducción de melloras técnicas e de avances tecnolóxicos que serían moi difíciles ou imposíbeis de levar a cabo en embarcacións envellecidas e obsoletas?

. Que valoración fai da repercusión que poden ter na mellora da seguridade a bordo e na habitabilidade?

. Ademais do sector mexilloeiro, foron consultados outros sectores para a elaboración da Orde?

. Considera que a limitación fixada pode afectar negativamente a outros sectores, nomeadamente aos pequenos e medianos asteleiros e aos postos de traballo que proporcionan? De ser así, como vai a Consellaría de Mar a contrarrestar esa afectación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que motivo se incrementa a porcentaxe do gasto total subvencionábel para as grandes empresas?

. Considera a Xunta de Galiza que os fondos FEMPA deben contribuír á viabilidade económica, social e ambiental do sector do mar galego, nomeadamente da miticultura e das pequenas empresas que dependen dela?

. Vai a Xunta de Galiza a modificar a Orde do 17 de decembro de 2024, nomeadamente o seu artigo 7 e eliminar a limitación da contía establecida para a construción de barcos auxiliares de acuicultura? De ser así, cando?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 04/02/2025 12:39:04

Paulo Ríos Santomé na data 04/02/2025 12:43:02

Carmela González Iglesias na data 04/02/2025 12:43:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 04/02/2025 12:43:35

Daniel Pérez López na data 04/02/2025 12:43:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de dotar o centro de especialidades de Betanzos do persoal sanitario preciso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema sanitario público é un dos piares sobre os que se asenta o denominado Estado do Benestar e a situación da sanidade pública é unha das principais preocupacións da sociedade actual.

Galiza padece a día de hoxe un acelerado deterioro da súa sanidade pública que ten a súa orixe en anos de recortes e privatizacións continuadas por parte da Xunta de Galiza, como evidencia a reiterada mobilización social que se estende por todo o país.

Este deterioro maniféstase no aumento das listaxes de agarda para recibir atención de especialistas e atención primaria e unha cada vez máis acusada ausencia de persoal médico, de enfermaría e auxiliar en todos os servizos sanitarios.

No caso do centro de especialidades de Betanzos, no BNG vimos denunciando ao longo dos anos a carencia de persoal médico suficiente, a necesidade de persoal de pediatría ou a falta de persoal para cubrir as baixas e as vacacións dos facultativos sanitarios.

Esta situación, lonxe de solucionarse, vense agravando ano tras ano e concurso de traslados tras concurso de traslados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso específico do persoal de pediatría, somos coñecedores de que se está a comunicar ás familias que acaban de ter bebés que as pediatras do centro sanitario non teñen cupo, forzándoas a presentaren reclamacións para que se lle asigne un pediatra aos seus fillos e fillas que, en ocasións, é asignado nun centro de saúde doutro concello.

Esta situación, que se produce mesmo cando se debe asignar un pediatra por agrupamento familiar, resulta intolerábel e esixe unha solución desde o Sergas e a Consellaría de Sanidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- É consciente a Xunta da falta de especialistas médicos e persoal sanitario no centro de especialidades de Betanzos?
- É coñecedor o goberno da insuficiente atención pediátrica neste centro de Betanzos?
- Entende o goberno do PP que está a ofrecer unha boa atención sanitaria pública cando unha familia non ten pediatra no centro de saúde para o seu fillo ou filla?
- Como valora que unha familia con varios fillos non teña asignado pediatra por agrupamento familiar no seu concello, senón cadanseu pediatra en concellos diferentes?
- Comprométese o goberno a cumprir coa veciñanza de Betanzos dotando o centro de especialidades das prazas de pediatría precisas, así como de especialistas médicos e de persoal sanitario para unha atención sanitaria de calidade?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 04/02/2025 16:02:17

María Montserrat Prado Cores na data 04/02/2025 16:04:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á drástica caída das capturas de lirio nas costas galegas no que vai de ano.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como na gran maioría das especies ás que ten acceso a frota pesqueira galega, os datos recentemente publicados pola Plataforma Tecnolóxica da Pesca da Consellaría de Mar veñen de confirmar unha redución moi significativa da pesca do lirio no 2024.

Así, no 2023, as capturas totais da frota galega foron 25,3 millóns de quilos e no 2024, 18,9 (25% menos). Unha diferenza de 6,4 millóns de quilos que, aínda tendo en conta que 2023 supuxo a maior cantidade capturada en máis de 20 anos, está por baixo das acadadas nos últimos 10 anos.

Esa proporción foi aínda maior en lonxas onde o lirio é un dos seus principais recursos e fonte de ingresos fundamental, como na de Ribeira, onde pasaron dos 16,9 millóns de quilos no 2023 a 10,5 no 2024 (38% menos).

Unha redución que se suma agora á que no que vai de ano se está a detectar e que xa é motivo de fonda preocupación na frota arrastreira galega de litoral en xeral e na de Ribeira en particular, tendo en conta que a esta localidade pertencen máis do 50% dos buques de arrastre de litoral de toda Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se se toma como referencia a media do mes de xaneiro dos últimos 10 anos, tanto as capturas como a facturación caeron dun xeito verdadeiramente extraordinario no mes de xaneiro deste ano: 134.366,35 quilos e 549.507,39 euros fronte a case 1 millón de quilos e máis dun millón de euros.

Os alarmantes datos fan que o sector apunte xa algunha posíbel causa que habería que ratificar e veñen tamén de provocar a solicitude dunha reunión co conselleiro de Mar para analizar a situación e tentar buscar solucións.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego da redución de capturas de lirio nas costas galegas no ano 2024, con respecto ao ano 2023 e anteriores?

. Que valoración fai da forte caída das capturas de lirio nas costas galegas no que vai de ano, con respecto aos anteriores?

. Ten iniciado xa actuacións para indagar as posíbeis causas? De non ser así, cando ten previsión de facelo?

. Que medidas vai levar a cabo para analizar as causas dese descenso?

. Que medidas vai poñer en marcha se a caída de capturas segue a producirse?

. Vai recibir e escoitar ao sector afectado? De ser así, cando?

. Vai estudar tamén as posíbeis causas ás que o propio sector apunta como orixe da caída de capturas de lirio que se está a producir?

3. Van a modificar o cadro de persoal actual do hospital?
4. Canto persoal vai estar adscrito a este servizo?

Santiago de Compostela, a 5 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 05/02/2025 12:18:58

Elena Espinosa Mangana na data 05/02/2025 12:19:08

Silvia Longueira Castro na data 05/02/2025 12:19:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a elaboración da relación de postos de traballo na administración de xustiza en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, publicada no BOE o pasado 3 de xaneiro, introduciu unha importante reforma na organización xudicial, substituíndo os órganos xurisdiccionais unipersoais (xulgados) por Tribunais de Instancia que con carácter xeral estenderán a súa xurisdición a un partido xudicial ou á provincia, ou en casos excepcionais a varios partidos xudiciais da mesma provincia ou mesmo de provincias distintas.

A Administración de Xustiza de Galiza padece a singular anomalía de non contar coa preceptiva Relación de Postos de Traballo, instrumento esencial para a determinación da estrutura administrativa, no que se concreta a súa organización, se clasifican os postos de traballo e se precisa o seu contido para a selección e provisión dos mesmos, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal para facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos. Xa que logo é un documento básico para unha xestión eficaz dos servizos públicos, ao tempo que dota da indispensable seguridade xurídica á función pública. Que a Administración de Xustiza de Galiza, a día de hoxe, non dispoña de Relación de Postos de Traballo aprobada é algo só explicable dende unha xestión pouco eficaz e pouco respectuosa cos dereitos das traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na elaboración inmediata da relación de postos de traballo cumpre determinar os postos de traballo necesarios para o funcionamento da Administración de Xustiza de Galiza, tanto na previsión e dimensión de novos órganos, como tamén nas carencias que se veñen producindo dende hai anos, e que necesidades que son estruturais estean sendo cubertas con medidas temporais. Dende hai anos distintos postos de traballo en órganos e servizos da administración de xustiza están sendo desempeñados por persoal de reforzo o que evidencia que non se esta en presenza dunha necesidade puntual ou dun eventual incremento da carga de traballo, senón do que o TJUE poderían cualificar como dun abuso da temporalidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera a Xunta de Galiza que a Relación de Postos de Traballo é un instrumento necesario para a ordenación eficaz dos recursos públicos?

A existencia de RPT outorga unha maior seguridade xurídica ao persoal ao servizo da administración pública, neste caso, da administración de Xustiza?

En todo caso, cal é a razón que após 30 anos da transferencia da denominada “administración da administración de xustiza” Galiza aínda no conte cunha RPT aprobada?

Que actuacións realizou a Xunta de Galiza para a elaboración deste necesario instrumento?

Que órganos da administración de xustiza de Galiza, e auxiliares, contan con medidas de reforzo, e dende cando dispoñen destas medidas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera que existen medidas de reforzo que responden a necesidades estruturais e non meramente puntuais ou conxunturais?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/02/2025 12:36:44

Óscar Insua Lema na data 05/02/2025 12:38:51



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel Viso Diéguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A Xunta de Galicia anunciou a posta en marcha da segunda edición do Proxecto Fixar para continuar impulsando a través dos “coliving” o talento emprendedor do rural galego. Unha iniciativa destinada a atraer nómadas dixitais e emprendedores ao rural galego mediante estadias en espazos coliving como os de Anceu (Ponte Caldelas), iSlow (Laxe) e Sende (Lobeira). Estes espazos, que combinan vivenda compartida e áreas de traballo colaborativo, buscan fomentar o desenvolvemento económico, promover o emprendemento e frear o despoboamento no rural galego.

A experiencia piloto desenvolvida en 2024 contou coa participación de 60 emprendedores de diferentes perfís, que tiveron acceso a formación, asesoramento e ferramentas para impulsar os seus proxectos desde o rural, creando, ademais, sinerxías coas comunidades locais. Esta iniciativa responde aos novos modos de traballo e vida que permiten as tecnoloxías dixitais e o teletraballo, destacando o potencial do rural como un lugar atractivo para o desenvolvemento profesional e persoal.

Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o balance da primeira edición do Proxecto Fixar en termos de impacto nas comunidades locais?
- 2.- Que medidas concretas se están a tomar para asegurar a continuidade e a sustentabilidade destes espazos coliving a longo prazo?



- 3.- Que novidades e obxectivos contempla a segunda edición do Proxecto Fixar para reforzar os obxectivos marcados?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 05/02/2025 13:43:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/02/2025 13:43:24

Enrique Barreiro Sánchez na data 05/02/2025 13:43:32

Cristina Campero Dorado na data 05/02/2025 13:43:46

Juan Manuel Casares Gándara na data 05/02/2025 13:43:58

José Mato Díaz na data 05/02/2025 13:44:09

Ángel Rodríguez Conde na data 05/02/2025 13:44:25

Cecilia Vázquez Suárez na data 05/02/2025 13:44:35

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 05/02/2025 13:44:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ás medidas de apoio que debe impulsar o goberno galego en relación ás familias monoparentais, especialmente no ámbito económico á valoración do goberno galego.

Exposición de motivos

A concatenación de crises nos últimos anos (pandemia, crise de prezos, crise enerxética) e os seus efectos, acumulados aos derivados da crise financeira de 2009 en diante, recaen con máis intensidade sobre as mulleres. Este é un feito constatado e contrastábel a través de distintos estudos e indicadores, tanto do punto de vista cuantitativo como cualitativo.

Así, hai poucos meses, coñeciamos a Memoria Socioeconómica do Consello Económico e Social respecto do ano 2023, nos que se apunta á permanencia da fenda salarial e ao maior protagonismo feminino tanto dos grupos salariais máis baixos, como da temporalidade como a un mantemento da segregación ocupacional. Respecto da fenda salarial, por exemplo, constatouse nos últimos anos nos que mesmo nos períodos nos que se reduciu, esa redución debeuse ao empeoramento das condicións laborais masculinas e non a un avance das condicións do emprego das mulleres. Por outra banda, a crise de prezos tamén ten impactado de forma singular nos colectivos que tiñan unha maior vulnerabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis recentemente, o Informe do Estado da Pobreza en Galiza 2024 da Rede Galega de Loita contra a pobreza e a exclusión social advertía do agrandamento da fenda de xénero respecto ao ano anterior, pasando de 2,8 puntos a 3,9 e advirte tamén que esta feminización da pobreza debe ser seguramente superior debido aos nesgos estatísticos que aínda persisten. Neste mesmo sentido, cabe salientar respecto do indicador AROPE por tipo de fogar, aínda que só temos o dato a nivel estatal, un ano máis a situación das persoas residentes en fogares monoparentais (máis do 80% encabezados por mulleres) é do 52,7%, un dato máis elevado que o do ano 2022 (49,2%). Esta cifra supón un incremento de 3,5 puntos respecto ao ano anterior e afecta ao incremento da pobreza infantil e tamén ao incremento da pobreza en fogares con menores.

A importancia de abordar o risco de empobrecemento e a discriminación económica dos fogares monoparentais é enorme pola súa relevancia social, pola necesidade de protexer as e os menores e pola necesidade de avanzar na igualdade das mulleres, que os lideran moi maioritariamente.

Máis aínda, hai que recordar que as mulleres son aínda máis maioritarias se temos en conta aquelas familias monoparentais que o son por elección propia. Neste sentido, este tipo de familias tense visto historicamente discriminada por se afastar do rol tradicional de familia e a visión que o patriarcado impuxo dela. Polo tanto, no camiño cara unha sociedade máis igual e superadora do patriarcado, é fundamental aproximar unha visión máis ampla das relacións sociais, superadora da familia como un construto homoxéneo, impulsando no marco legal e nas accións de goberno avances e medidas que recoñezan esta diversidade e que garantan a non discriminación.

Así, malia os avances dos últimos anos, nos que o impulso do asociacionismo e do feminismo presionou para que se corrixiran medidas e protocolos discriminatorios en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ámbitos coma os do lecer ou o do ensino e algunha mellora no ámbito da conciliación, queda moito por facer. De forma específica, o ámbito fiscal e económico continúan a ser campos nos que a actuación lexislativa e institucional ten unha grande marxe de mellora, pois por exemplo, permanecen as discriminacións no ámbito fiscal.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Que medidas económicas e financeiras vai impulsar o goberno galego para garantir a igualdade das familias monoparentais?

Que estudos desenvolveu ou vai desenvolver o goberno galego para coñecer o alcance das discriminacións económicas das familias monoparentais e actuar sobre elas?

Que valoración fai o goberno galego do empobrecemento das familias monoparentais, maioritariamente lideradas por mulleres, e o agravamento da desigualdade das mulleres?

Ten avaliado o goberno galego a maior presión fiscal que sofren estas familias?

Ten avaliado o goberno galego as consecuencias que sobre as mulleres e as súas crianzas ten o maior risco de vulnerabilidade económica deste tipo de familias e vínculos?

Valora impulsar axudas específicas para novos ámbitos? Cales e de que tipos?

Valora impulsar unha bonificación fiscal que garanta a non discriminación das familias monoparentais cunha soa crianza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Olalla Rodil Fernández
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2025 18:26:04

Ariadna Fernández González na data 05/02/2025 18:26:07

Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2025 18:26:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a autorización de Augas de Galiza da concesión de captación de auga por Altri no río Ulla.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado sábado 1 de febreiro a Xunta filtrou a un medio de comunicación información confidencial referida á autorización por Augas de Galiza da solicitude de Greenfiber (Altri) de captación e vertido de augas no Ulla para factoría que proxecta en Palas de Rei.

O BNG solicitou a documentación do expediente ao abeiro do previsto no artigo 9 do Regulamento do Parlamento. Resulta difícil de explicar que un medio de comunicación difunda esta información sen que exista unha resolución do organismo competente nesta materia. E tamén resulta moi rechamante que a conselleira de medio ambiente en manifestacións pública dea detalles da autorización sen que sexa aínda oficial e pública.

A filtración de informacións relativas a expedientes que a Xunta de Galiza está a tramitar, máxime se esta filtración obedece a intereses empresariais privados ou a intereses partidarios que nada teñen a ver co interese xeral, representa unha infracción moi grave das normas que rexen a tramitación dos procedementos administrativos e da conduta dos empregados e empregadas públicas e dos altos cargos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con efecto, de acordo coa lexislación galega de emprego público [artigo 185.1.e) da Lei 2/2015, do 29 de abril], constitúe falta moi grave “a publicación ou utilización indebida da documentación ou información á que teñan ou tivesen acceso por razón do seu cargo ou función”. Nótese que segundo dispón o artigo 188 desa Lei de Emprego Público da Galiza, a comisión de infraccións moi graves pode ser sancionada coa separación do servizo do persoal funcionario ou o despedimento disciplinar do persoal laboral.

Pola súa parte, a lexislación reguladora dos altos cargos da Administración galega – de aplicación aos membros do Consello da Xunta da Galiza, isto é, tanto ao presidente canto tamén aos conselleiros e conselleiras (artigo 37 da Lei 12/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno) – tamén tipifica como infracción moi grave a conducta cometida por algún ou algunha dos altos cargos consistente tamén na “publicación ou utilización indebida da documentación ou información á que teñan ou tivesen acceso por razón do seu cargo ou función” (artigo 29 da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información e Bon Goberno, por remisión do artigo 55 da referida Lei galega 12/2016). Nótese que neste caso, por disposición expresa do artigo 30.4 da Lei estatal 19/2013 ao que se remite a Lei galega 12/2016, a sanción pola comisión desta conduta é a destitución do cargo que ocupe a persoa responsábel e a inhabilitación para ocupar postos de altos cargos ou asimilados por un período de entre 5 e 10 anos.

A comisión de feitos tan graves debe dar lugar de forma inmediata á incoación de oficio, por parte da Xunta de Galiza, das actuacións que correspondan para esclarecer as circunstancias da filtración e depurar as responsabilidades correspondentes. O presidente da Xunta da Galiza ten a competencia para ordenar o inicio destas actuacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Quen autorizou a filtración de información sobre o informe favorable de Augas de Galiza á concesión de augas a Altri no río Ulla?

Considera o goberno galego normal que a conselleira de medio ambiente informe sobre aspectos concretos da autorización antes de que se coñeza oficialmente a resolución motivada de Augas de Galiza?

Que medidas vai adoptar o goberno galego para depurar as responsabilidades que correspondan?

Vai o goberno galego enviar ao Grupo Parlamentar do BNG o expediente completo coa documentación da concesión de augas para a factoría de Altri no río Ulla?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 06/02/2025 09:42:31

Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2025 09:45:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/02/2025 09:48:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á necesidade de avaliar o impacto ambiental, económico e social que supoñería para o río Ulla e a ría de Arousa a reapertura da mina de Touro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ría de Arousa e o río Ulla forman unha unidade eco-xeográfica, na que o que acontece no río augas arriba, ten as súas consecuencias augas abaixo na ría.

Desde o punto de vista dos sectores produtivos, esta relación é importantísima. O Ulla achega auga doce fría e rica en nutrientes que favorece a produción de bivalvos e a riqueza dos Lombos do Ulla. A realidade catastrófica deste banco marisqueiro desde hai anos amosa que o río xa leva moito tempo en mal estado sen que as administracións actúen.

Na actualidade a ría vive unha situación de grave crise produtiva e de incertidume, derivada da conxunción de varios factores.

Por unha banda o debilitamento do afloramento e da renovación das augas da ría como consecuencia da menor intensidade do nordés, provoca a vulnerabilidade dos bivalvos e a súa maior sensibilidade á contaminación e ás baixadas de salinidade, tamén acrecentadas polo descontrol nos desencoros.

Por outra, tamén incide de xeito determinante o desleixo da Xunta de Galiza no exercicio das súas competencias, entre elas o saneamento integral da ría e do río Ulla, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rexeneración dos bancos marisqueiros, obrigar a cumprir os parámetros legais de contaminación e que estes sexan máis esixentes, promover o cambio na normativa dos desencoros e cubrir a desprotección das mariscadoras e mariscadores.

O sector primario do mar na ría de Arousa é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera: Mariscadoras a pé, bateeiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc., constitúen un amplísimo colectivo de preto de 20.000 persoas que teñen o seu medio de vida no mar. Un sector que xera ademais empregos estábeis, tamén en épocas de crise, en comparación con outras actividades, tal e como se veu nos anos da crise financeira e da COVID, por exemplo.

O peso do sector da pesca na economía dos dez concellos da ría amosa, segundo o Análise do sector da pesca (IGE, 2023), que del depende, de media, o 18% do seu PIB, acadando unha importancia fulcral en concellos como Ribeira (32,17%), A Pobra do Caramiñal (24,17%), A Illa de Arousa (22,68%), Boiro (22%), ou O Grove (20,73%).

Á importancia económica derivada do sector primario do mar arousán únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde expande beneficios socioeconómicos entre amplas capas da poboación do entorno local que incentivan a implantación de actividades e pequenos negocios e asenta poboación.

Así mesmo, este conxunto de actividades do mar ten un importante valor desde o punto de vista etnográfico e gastronómico, é sostíbel en termos ambientais e produce peixes e mariscos de calidade que atrae cada vez a máis turistas, que tamén sustentan un volume crecente de pequenos e grandes negocios nas localidades.

Mais todo isto pode verse en risco se se compromete a calidade das augas do río Ulla, o máis determinante para a produtividade marisqueira por ser o máis caudaloso dos que alimentan a ría de Arousa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A recente declaración por parte do Consello da Xunta de Galiza como Proxecto Industrial Estratéxico da mina de cobre San Rafael en Touro e o coñecemento do proxecto, por parte da cidadanía en xeral e do sector do mar e dos concellos ribeireños en particular, está a xerar unha fonda preocupación e moita incertidume pola afectación que tería sobre o modelo socioeconómico maioritario na ría de Arousa e polo risco real para o futuro de miles de familias. Preocupación que quedou plasmada nas máis de dez mil alegacións que veñen de ser presentadas contra a súa reapertura e a un proxecto que é practicamente análogo ao presentado no 2017, que xa supuxo unha forte oposición social e que tivera unha declaración de impacto ambiental negativa por parte da Xunta de Galiza.

Neste contexto chama poderosamente a atención que a Consellaría de Mar non se teña pronunciado en todo este proceso a respecto das consecuencias que podería traer á ría de Arousa a reapertura da mina de Touro para o medio ambiente mariño, para a produción de peixe e marisco, para unha das máis importantes fontes de ingresos e de postos de traballo da zona e, en definitiva, para o conxunto da actividade socioeconómica das comarcas afectadas.

A Consellaría de Mar, con competencias exclusivas en marisqueo, debera ser a principal garante desa riqueza e ter analizado os posíbeis riscos e ameazas que a contaminación derivada da instalación mineira supoñería na cantidade e na calidade da produción pesqueira e marisqueira da ría de Arousa. Mais non só, tal e como adoita esixir noutros moitos casos, debería ter avaliado o impacto ambiental, económico e social que se podería provocar cos vertidos e coa actividade mineira sobre o río Ulla e a ría.

E esa análise tería que ser, finalmente, parte ineludíbel a considerar antes de autorizar calquera actividade desas características.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A falta de valoración por parte da Consellaría de Mar resulta incomprensíbel, en particular para o sector do mar e para todas aquelas persoas que vén con inquietude o proceder do Goberno galego nun asunto que debера respectar escrupulosamente a legalidade vixente e que debера priorizar a actividade preexistente na ría de Arousa por enriba de calquera outra, así como o “principio de precaución” para protexer as actividades de pesca, marisqueo e cultivo de mexillón que se realizan nesta ría.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego, nomeadamente a Consellaría de Mar, do proxecto presentado pola empresa Cobre San Rafael para a reapertura da mina de Touro?

. Considera que as graves afeccións ambientais que se desprenden da súa análise son compatíbeis coa salubridade e o mantemento da calidade das augas no río Ulla e na ría de Arousa?

. Considera que son compatíbeis co mantemento, mellora e potenciamento da actividade produtiva da ría de Arousa?

. Á vista das competencias exclusivas da Consellaría de Mar en materia de marisqueo e de pesca en augas interiores, vai avaliar o impacto ambiental, económico e social que suporía a reapertura da mina de Touro para o río Ulla e a ría de Arousa? De non ser así, por que razón?

. Ten previsto levar a cabo algún tipo de medida estrutural para mellorar a calidade das augas e para a rexeneración e reactivación produtiva da ría de Arousa? De ser así, cais concretamente e en que prazo temporal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/02/2025 10:08:45

María Montserrat Prado Cores na data 06/02/2025 10:11:52

Iria Carreira Pazos na data 06/02/2025 10:12:46



À Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, María Deza Martínez, Jesús María Fernández Rosende, Manuel Santos Costa deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O pasado mes de xuño estaba programada a terceira rolda de negociacións entre os representantes da Comisión Europea e goberno de Tailandia para seguir avanzando no Acordo de Libre Comercio bilateral. O avanzado estado das negociacións comerciais e a pouca transparencia informativa preocupan á industria transformadora de conservas de peixe e marisco de Galicia. España, sendo Galicia a principal rexión produtora, é o primeiro produtor de conservas de peixe e marisco da UE, alcanzando as 305.403 toneladas en 2022, e, 306.352 toneladas valoradas en 1.880 millóns en 2023, representando a conserva de atún ao redor do 70% do volume total da produción española de conservas.

O principal destino de exportación da conserva de atún é a propia Unión Europea, supoñendo máis dun 90%. En Galicia, esta industria destaca polo seu peso económico e social e especialmente, polo seu arraigamento en moitas comarcas costeiras. Por tanto, a fabricación en España deste produto asegura a competitividade, o emprego e a sustentabilidade do sector, contribuíndo así coa súa actividade ao desenvolvemento socioeconómico da nosa Comunidade Autónoma. Tailandia cunha produción superior a 550.000 toneladas, segundo os últimos datos da FAO, é o principal produtor e exportador mundial de conservas de atún, tendo unha boa cota do mercado da UE, mesmo sen gozar dun acceso preferencial.

O rechamante é que, a ausencia de frota propia, cunhas capturas de atún enteiro tailandesas inferiores a 4.000 toneladas anuais, fai pensar que Tailandia teña que realizar unha importación masiva de países onde existen serias dúbidas do cumprimento en materia de pesca ilegal ou sanitaria, sen esquecer as deficiencias atopadas coa non sinatura de convenios fundamentais en materia de dereito do traballo, como Micronesia ou Nauru, o que conlevaría que estean a utilizar materias primas que non serían aptas na UE e implicando unha rotura do “level playing field” ou de igualdade de condicións coas empresas europeas. Neste sentido, o pasado mes de maio, unha delegación ONGs ambientalistas e máximos representantes da cadea de valor pesqueira e conserveira trasladaron á Directora Xeral da DG-MARE a

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

qp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal







Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/02/2025 11:06:37

Raúl Santamaría González na data 06/02/2025 11:06:45

Manuel Santos Costa na data 06/02/2025 11:07:00

Jesús María Fernández Rosende na data 06/02/2025 11:07:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os acordos entre a Xunta (Impulsa) e Altri.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2021 Altri deu a coñecer un memorando de entendemento coa Sociedade Impulsa, participada maioritariamente pola Xunta, para a construción en exclusiva dunha unidade industrial con capacidade para producir anualmente 200.000 toneladas de pasta soluble e fibras sustentables.

Segundo a empresa, “Altri foi a escolha da Impulsa para liderar este consorcio sendo resultado de um concurso internacional baseado em criterios técnicos, operacionais e estratégicos”.

Na informação trasladada pola empresa nos seus documentos internos dise que “A celebración do acordo definitivo depende da verificación de un conxunto de condicións precedentes que, a verificarem-se satisfactoriamente- o que se estima venha a ocorrer no decurso do segundo semestre de 2022 -criarao as bases para a súa formalización”.

Estes acordos nunca se fixeron públicos, no que constitúe un exemplo da opacidade e falta de transparencia que caracteriza o xeito de actuar do goberno do PP. Máis alá da “confidencialidade” que alega a Xunta para non dar información sobre estes acordos, resulta do máximo interese coñecer os extremos dos mesmos pola repercusión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que poida ter no esclarecemento de posteriores actuacións da administración autonómica.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

En que consistiu o concurso internacional da Sociedade Impulsa “baseado en criterios técnicos, operacionais e estratéxicos” polo que foi seleccionado o proxecto industrial de Altri?

Cantas empresas participaron neste concurso?

Que persoas conformaron o xurado ou comité de selección?

Tiña constancia a Xunta da capacidade tecnolóxica de Altri para producir fibras téxtiles a partir de pasta de celulosa?

Cantos acordos asinou Impulsa con Altri e en que termos?

Que compromisos adquiriu a Sociedade Impulsa con Altri e que incidencia tiveron os acordos entre ambas partes na posterior tramitación do proxecto da megacelulosa??

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Valcárcel Armesto

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 06/02/2025 11:07:31

Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2025 11:10:11

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/02/2025 11:10:53

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/02/2025 11:11:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a mala xestión do IGVS na tramitación e xestión de fianzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de arrendamentos urbanos, Lei 29/1994, do 11 de novembro, estableceu no seu artigo 36º a obrigatoriedade da prestación de fianza nos alugueres de vivenda e nos alugueres para uso distinto do de vivenda. Así mesmo, a Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galiza, regula, pola súa parte, na sección segunda do capítulo III do seu título IV o depósito das fianzas dos arrendamentos de vivendas e de subministracións a estas, e establece a obriga de realizar o depósito no Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Ademais o DECRETO 42/2011, do 3 de marzo, polo que se establece o procedemento para o depósito das fianzas dos arrendamentos relativos a predios urbanos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza, regula esta obriga de depósito de fianzas e a actividade inspectora.

A pesar de existir un deber de depósito das fianzas dos propietarios, o IGVS pola súa mala xestión vén dificultando o seu cumprimento. Xa denunciámos noutras ocasións o trastorno que supuxo que, coa excusa da pandemia, se eliminase a atención presencial directa do IGVS.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora novamente temos que denunciar un novo problema na tramitación das fianzas, xa que se están producindo demoras inxustificadas na súa tramitación. Temos constancia que no IGVS de Lugo non se están tramitando as solicitudes de depósito, cancelacións e outras dende o mes de setembro. Os centos de rexistros que se produciron nos últimos 4 meses por unha vía distinta á telemática, levan meses de parálise e retrasos. Estamos a referirnos a todas aquelas solicitudes presentadas por rexistro electrónico ou rexistros presenciais.

Estes retrasos supoñen un problema tanto para arrendadores como para os arrendatarios, porque os arrendadores precisan do xustificante dese depósito para diversos trámites e subvencións. Por outra banda danse casos de arrendatarios que finalizaron o contrato de aluguer e que non poden recuperar os depósitos.

Esta situación demostra o desleixo e a mala xestión do IGVS. Dende o Bloque Nacionalista Galego esiximos que se tomen medidas para rematar con esta situación e para converter o IGVS nun instrumento máis eficiente e útil para os cidadáns.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Por que se están producindo demoras de meses por parte do IGVS na tramitación de fianzas?
- Cantas reclamacións recibiu o IGVS no último ano en relación cos depósitos de fianzas?
- Que vai facer a Xunta de Galiza para corrixir a situación actual de colapso no IGVS de Lugo?
- Vai a Xunta a reforzar o persoal do IGVS na distintas áreas territoriais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 06/02/2025 11:13:43

Alexandra Fernández Gómez na data 06/02/2025 11:13:47





A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, María Deza Martínez, Manuel Santos Costa e Jesús María Fernández Rosende deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.

O día 15 de xaneiro de 2025, a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos, Anfaco-Cecopesca, e a Xunta de Galicia asinaron un novo convenio de colaboración, cun orzamento de máis de 400.000 euros, para a promoción das conservas de produtos pesqueiros.

O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, e o secretario xeral de Anfaco, Roberto Alonso, foron os encargados de rubricar en Vigo este documento, que recolle un conxunto de sete accións e máis de 20 actividades ao longo do 2025.

Entre outras, inclúe iniciativas a pé de rúa para fomentar hábitos alimenticios saudables entre os mozos, a promoción internacional das conservas de peixe en diversas feiras, accións en redes sociais ou xornadas informativas.

Este convenio non só reforza o apoio institucional que necesita a nosa industria, senón que tamén nos permite implementar estratexias con maior pegada social sobre os beneficios do consumo regular de peixes e mariscos.

Segundo recolle Anfaco nun comunicado, a firma do convenio tamén aborda unha das principais preocupacións do sector: o descenso do consumo de produtos da pesca e a acuicultura.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia, a través do conselleiro Villares reivindicou o seu "apoio continuo" para facer "todo o posible" para que os cidadáns continúen consumindo produtos e conservas galegas, poñendo en valor o traballo de Anfaco e da industria de Galicia en xeral.

Por todo iso, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Cales son os detalles da colaboración entre a Xunta e ANFACO, recollidos neste novo convenio asinado por ambos?

Santiago de Compostela, 6 de Febreiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 06/02/2025 11:22:56

Patricia García González na data 06/02/2025 11:23:07

Paula Mouzo Mas na data 06/02/2025 11:23:22

Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/02/2025 11:23:37

Manuel Santos Costa na data 06/02/2025 11:23:45

Jesús María Fernández Rosende na data 06/02/2025 11:23:53

María Deza Martínez na data 06/02/2025 11:24:14

Raúl Santamaría González na data 06/02/2025 11:25:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á xestión pública da residencia de maiores e do centro de día de Dozón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Dozón, situado na comarca do Deza- Tabeirós Terra de Montes, conta cunha poboación de 985 habitantes segundo os últimos datos do 2024 aportados polo INE, tratándose dun municipio en grave crise demográfica, que ten a metade da poboación que hai 20 anos, cando superaba os 2000 veciños e veciñas. O envellecemento poboacional é evidente, coma na maioría dos concellos en reto demográfico, tendo un 39,8% dos habitantes máis de 65 anos de idade, de xeito que a prestación de servizos destinados a esta franxa de idade son chave para as familias que residen nestas áreas de descenso poboacional.

A través do anuncio do Consello da Xunta de Galiza deuse a coñecer na data do 24 de xuño do pasado ano a sinatura dos convenios de colaboración entre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e 20 concellos galegos co obxectivo de financiar a construción, reforma ou ampliación de centros de día ou residencias de maiores de titularidade municipal, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea a través dos fondos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

NextGeneration nos exercicios do 2024 e 2025. Dentro dos concellos beneficiados polo Plan, atópase o de Dozón, ao que chegará unha contía de 1.500.000 euros repartidos en dúas anualidades ao 50% cada unha.

A través da visita da Conselleira de Política Social esta pasada semana á parcela de 5041 m2 onde se situarán as instalacións de algo máis de 2200 m2 construídos confirmouse que se ofertarán 58 prazas de residencia e 20 máis de centro de día. Co expediente do proxecto aprobado en novembro do 2024 en pleno da corporación municipal o goberno do concello ven de licitar recentemente en 4 millóns de euros a obra e a xestión do complexo xeriátrico, nun contrato que estima un valor de 54 millóns de euros durante as catro décadas de vixencia deste, de xeito que a residencia de Dozón será xestionada por unha empresa de carácter privado, ao igual que o centro de día que se localizará nas mesmas instalacións.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Cal é a razón pola que a Xunta de Galiza non asume a xestión pública e directa da residencia de maiores e o centro de día de Dozón evitando a concesión de 40 anos a unha empresa privada?

2. Garante a Xunta de Galiza a través deste tipo de concesións unha rede pública de coidados forte e un dereito a unha vellez digna dos veciños/as de Dozón e arredores?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Considera a Xunta de Galiza que os Fondos NextGeneration favorecen a opción privada no caso da residencia e centro de día proxectados en Dozón, caso no que ascenden a 1.500.000 millóns de euros?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2025 11:30:50

Ariadna Fernández González na data 06/02/2025 11:30:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as transferencias realizadas pola Xunta de Galiza ao Consello da Avogacía Galega para atender os gastos de funcionamento e infraestrutura dos servizos de asistencia letrada ao detido e defensa gratuítas do ano 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O art. 45 do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuítas de Galiza, na redacción consecuencia da modificación introducida polo Decreto 134/2017, do 7 de decembro, (Dog núm.17 de 24 de xaneiro de 2018) establece que:

1. A consellería competente en materia de xustiza determinará nualmente as cantidades que deban percibir os consellos xerais e colexios profesionais de avogados e procuradores polo funcionamento operativo dos servizos de asistencia xurídica gratuítas e mais das unidades encargadas do asesoramento e orientación previos ao proceso aos cidadáns e da cualificación provisional das pretensións solicitadas.

2. O devandito sistema axustarase ás seguintes regras:

a) As devanditas cantidades determinaranse para cada colexio cun sistema de módulos compensatorios por expediente tramitado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Entrementes non se determine o sistema de módulos compensatorios, os colexios percibirán a contía que resulte de aplicar o 8 por cento ao custo económico xerado en cada período de liquidación polas actuacións profesionais mencionadas no artigo anterior.

A día de hoxe non consta que a Xunta de Galiza aprobase un sistema de módulos compensatorios en función do expediente tramitado, polo que as cantidades que recibe cada Colexio polos servizos que prestan son a tanto alzado, en función dos importes certificados en cada período de liquidación. En numerosas ocasións este grupo parlamentar do BNG, recollendo as demandas de distintos Colexios Profesionais da Avogacía, puxo de manifesto a necesidade de que a Xunta de Galiza cumprise co establecido no Regulamento de Xustiza Gratuíta e, de acordo cos Colexios Profesionais, establece un sistema de módulos para determinar as compensacións que percibirían estes por polo funcionamento operativo dos servizos de asistencia xurídica gratuíta. Igualmente en múltiples ocasións este grupo parlamentar puxo de manifesto que o sistema actualmente vixente (8% sobre os importes certificados no exercicio anterior) non era abondo para cubrir os custes de infraestrutura dos Colexios, o que estaba a provocar graves problemas de sostibilidade e que, en todo caso, estaba a derivar a todas as colexiadas os custes do funcionamento do servizo de asistencia xurídica gratuíta.

En tardía execución do regulamento de asistencia xurídica gratuíta o 4 de decembro de 2023 o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes dita unha Orde (publicada no DOG de 14 de decembro) na que acorda transferir ao Consello da Avogacía Galega a cantidade de 876.368,27 €; a fin de para atender os gastos derivados do funcionamento operativo dos servizos colexiais de asistencia xurídica gratuíta. Suma resultante de aplicar o 8 % ao importe total certificado polos colexios de avogados da Comunidade Autónoma de Galiza durante o ano 2022;.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai uns días e con aínda maior demora que en exercicios precedentes, o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes emitiu a Orde de 30 de xaneiro - publicada no día seguinte no DOG- na que se acorda fixar en 112.998,83€ a cantidade destinada para atender os gastos derivados do funcionamento operativo dos servizos colexiais de asistencia xurídica gratuíta. Cantidade que representa o 0,98 % do importe total certificado durante o ano 2023 polos colexios de avogados de Galiza en concepto de asistencia letrada e defensa gratuítas.

A Xunta de Galiza xa non é que pague a exercicio vencido, condicionando a capacidade orzamentaria e de xestión dos colexios profesionais, senón que o fai pasado o exercicio que se compensa.

A Xunta de Galiza, que segue sen mudar o sistema de compensación dos custes operativos de servizo de asistencia xurídica gratuíta, incumpre totalmente o regulamento de xustiza gratuíta e fixa no 0,98%, en lugar do preceptivo 8%, a cantidade destinada a compensar os gastos dos Colexios da Avogacía para o funcionamento do servizo de xustiza gratuíta.

Se como lle consta á Xunta a compensación do 8% era claramente insuficiente para cubrir os custes reais dos Colexios, o 0,98% e unha manifestación expresa do escaso interese polo funcionamento dos Colexios profesionais e o que, sen dúbida é peor, polo funcionamento do servizo de asistencia xurídica gratuíta. Servizo a cuxa prestación ven obrigada a Xunta de Galiza por normas internacionais, e que é un pilar esencial dun Estado social e democrático de Dereito, ao constituír un instrumento necesario para que todas as persoas podan defender os seus dereitos e liberdades en condicións de igualdade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cando fixo efectiva a Xunta de Galiza a transferencia ao Consellos da Avogacía e Procuradoría de Galiza das compensacións polos gastos derivados do funcionamento dos servizos colexiais de asistencia xurídica gratuíta?

Cal é razón de que en nos exercicios pasados a transferencia non se realizase ate o último trimestre do ano?

Cal é a razón de que a Xunta de Galiza non cumprise o disposto no Regulamento de Asistencia Xurídica Gratuíta e a cantidade represente o 0,98% do importe total certificado e non o 8% que establece o Regulamento?

Cal foi o importe total certificado no exercicio 2023?

Realizou algunha actuación encamiñada a establecer un sistema de módulos compensatorios por expediente?

Entende a Xunta de Galiza que as cantidades que se transfíren por este concepto cobren os gastos derivados do funcionamento operativo dos servizos colexiais de asistencia xurídica gratuíta?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua lema

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/02/2025 11:32:12

Óscar Insua Lema na data 06/02/2025 11:35:20





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

A Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á comunidade autónoma de Galicia (UPA) conta actualmente con 343 axentes, 157 menos do que correspondería.

O Goberno galego leva reclamando de forma reiterada ao Goberno central a cobertura das vacantes neste corpo de seguridade para facer fronte ao aumento de competencias, relacionadas co eido ambiental, a loita contra o furtivismo ou coa protección das vítimas de violencia de xénero e dos menores por poñer algúns exemplos.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Como afecta o déficit de axentes da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita no desenvolvemento das súas funcións en Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de Febreiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 06/02/2025 11:35:56

Paula Mouzo Mas na data 06/02/2025 11:36:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Alberto Pazos Couñago na data 06/02/2025 11:36:20

Julio García Comesaña na data 06/02/2025 11:36:29

Argimiro Marnotes Fernández na data 06/02/2025 11:36:43

María Felisa Rodríguez Carrera na data 06/02/2025 11:36:56

Katherinie Varela Fernández na data 06/02/2025 11:37:05

Roberto Rodríguez Martínez na data 06/02/2025 11:37:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

A entrada en vigor o vindeiro mes de abril da Lei 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza vai levar aparellada cambios significativos no que respecta á organización dos tribunais de xustiza, pero tamén nos procedementos xudiciais, posto que modifica o regulamento das demandas civís e impulsa o emprego de medios axeitados de solución de controversias.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral:

Que cambios levará aparellados a aplicación da Lei de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza?

Santiago de Compostela, 6 de Febreiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 06/02/2025 11:42:46

Julio García Comesaña na data 06/02/2025 11:43:12

María Felisa Rodríguez Carrera na data 06/02/2025 11:43:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Katherinie Varela Fernández na data 06/02/2025 11:43:29

Argimiro Marnotes Fernández na data 06/02/2025 11:43:37

Paula Mouzo Mas na data 06/02/2025 11:43:52

Roberto Rodríguez Martínez na data 06/02/2025 11:44:05

Alberto Pazos Couñago na data 06/02/2025 11:44:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e katherinie Varela Fernández ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

A comarca de Betanzos está conformada polos concellos de Aranga, Betanzos, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza-Cesuras, Paderne, Villarmayor, Vilasantar, Abegondo, Bergondo e Monfero. Desta forma, limita ao norte, coa Comarca do Eume; ao leste, coa provincia de Lugo; ao sur, coas comarcas de Arzúa e Terra de Melide; e ao oeste, coas comarcas de Ordes e A Coruña. Doutra banda, Posúe unha superficie de 669,3 km².

Observando calquera fonte, podemos afirmar que a Xunta de Galicia está comprometida co transporte e a mobilidade, e de feito lidera diversas iniciativas como son o desconto do 50% no prezo do billete de transporte no autobús de competencia autonómica e as tarxetas Xente Nova e a máis +65.

A tarxeta Xente Nova é a tarxeta de transporte de Galicia que permite realizar cada mes ata 60 viaxes interurbanas gratuítas. Podendo utilizala mozos e mozas de entre 4 e 20 anos, porque os menores de 4 anos xa viaxan gratis no transporte interurbano. E que cando cumpras 21 anos poderás seguir usando a tarxeta ata que se esgote o saldo. O seu principal mérito é que permitiu que os menores de 21 anos realizaran máis de 24 millóns de viaxes gratis en bus desde a estrea da tarxeta Xente Nova no ano 2016.

O Carné +65, outorgado pola Xunta de Galicia, permite que os adultos maiores de 65 anos accedan a descontos, vantaxes e beneficios exclusivos no ámbito do transporte público do bus da Xunta e tamén nunha ampla rede de establecementos situados na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, permite o acceso a unha serie de descontos en diversos rubros. Algúns destes son: saúde e coidado: ata 30% de desconto, hoteis e casas de campo: ata 20% de desconto, moda e Complementos: ata 20% de desconto, axencias de viaxe: ata 15% de desconto, balnearios: ata 10% de desconto, cultura e espectáculos: ata 10% de desconto, gastronomía: ata 10% de desconto, outros servizos turísticos: ata 10% de desconto e outros establecementos comerciais: ata 10% de desconto.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Por todo o anteriormente dito, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario de Galicia, formulamos a seguinte pregunta, para a súa resposta oral:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da acollida entre os usuarios da tarxeta Xente Nova e +65 na comarca de Betanzos?

Santiago de Compostela, 6 de Febreiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 06/02/2025 12:45:08

María Deza Martínez na data 06/02/2025 12:45:23

Cristina Campero Dorado na data 06/02/2025 12:45:32

José Luis Ferro Iglesias na data 06/02/2025 12:45:43

Rubén Lorenzo Gómez na data 06/02/2025 12:45:58

Argimiro Marnotes Fernández na data 06/02/2025 12:46:07

Carmen Pomar Tojo na data 06/02/2025 12:46:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Roberto Rodríguez Martínez na data 06/02/2025 12:46:31

Katherinie Varela Fernández na data 06/02/2025 12:46:41

Gonzalo Trenor López na data 06/02/2025 12:46:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://www.twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre puntos de atención á infancia na comarca do Deza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O evidente declive poboacional galego trasládase tamén á comarca do Deza-Tabeirós- Terra de Montes, onde os datos do IGE nos avalan para confirmar que a crise demográfica está deixando aos concellos de menor número de habitantes baleiros, con medias de habitantes en Rodeiro de 20hab/km² e en Agolada de 18hab/km², por exemplo.

Ao abeiro do recente informe do Consello de Contas, onde se evidencia a falla de medidas concretas e políticas que combatan a despoboación a través da definición dos parámetros do que significa o propio “reto demográfico”, podemos constatar que os concellos de pequeno tamaño e carácter mais rural chegaron a un escaso 14% dos fondos destinados a combater de xeito integrado as diferencias territoriais existentes no país. Desta maneira, os concellos coma os citados anteriormente carecen de ferramentas para a fixación de poboación, que non goza dos mesmos servizos dependendo do seu lugar de residencia.

Un dos servizos chave e que se ve moi resentido nas zonas máis despoboadas nesta comarca do interior é o da conciliación, onde as prazas públicas de escola infantil son insuficientes para acoller a demanda existente por parte das familias, coma queda demostrado en cada prazo de matriculación que se abre, tanto nas cabeceiras de comarca





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coma no resto dos concellos, onde as listas de agarda son sempre numerosas se comparamos as crianzas que precisan do servizo.

Para paliar este tipo de políticas que deixan atrás aos concellos máis pequenos, algúns deles, coma poden ser Rodeiro e Agolada, ofertan un servizo de escolarización de 0-3, a través dos Puntos de Atención á Infancia, cuxo investimento económico para levar a cabo a gratuidade que a Consellería de Política Social anuncia, recae, en moita medida, sobre os propios concellos onde se sitúan os PAI. Para os concellos de menos de 5.000 habitantes, cun crecemento vexetativo menor ao 10% e cunha taxa de variación da poboación entre 2016 e 2021 do 0% e unha densidade do 20% ou inferior, que son os máis necesitados de medidas urxentes contra a crise demográfica, este investimento de diñeiro para o pago da escolarización gratuíta das súas crianzas, é unha cantidade difícil de asumir e que non debера corresponderlles a eles, se non á Xunta de Galiza, dentro da estratexia da prestación de servizos nos concellos máis pequenos e rurais.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Que porcentaxe do gasto total que supón o PAI de Rodeiro e Agolada sufraga a Consellería de Política Social?

. Considera a Xunta de Galiza que se trata de maneira parella aos concellos de menos de 5000 habitantes que se fan cargo da maior parte dos gastos dos seus PAI e aos concellos de maior número de habitantes que contan cunha escola infantil de titularidade pública?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Consellería de Política Social que está a aportar o orzamento necesario para garantir a gratuidade da escolarización infantil en Rodeiro e Agolada sen minguar as posibilidades económicas dos concellos en cuestión, xa limitadas?

. Canto supón o gasto de escolarización gratuít 0-3 no caso de Rodeiro e Agolada para os concellos que prestan o servizo a través dos PAI?

. Que aporte por crianza lle corresponde dende a Consellería de Política Social aos concellos de Rodeiro e Agolada nos seus PAI?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 06/02/2025 12:50:41

Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2025 12:53:33





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e katherinie Varela Fernández ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.

O transporte público é un ben necesario e imprescindible, xa que este non só permite o transporte entre distancias largas, practicamente independente do nivel adquisitivo das persoas, senón que tamén é unha das nosas principais armas da loita contra o cambio climático, xa que canto maior sexa o seu uso e o número de usuarios, menor será a contaminación emitida á atmosfera.

A área de transporte metropolitano (ATM) da Coruña está conformado por 17 concellos, os cales son Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Oleiros, Sada, Carballo, A Laracha, Betanzos, Oza-Cesuras, Curtis, Miño, Cerceda e Ordes.

A finais do ano pasado, a Xunta e os concellos do ATM da Coruña acordaron prorrogar o convenio para o próximos catro anos, segundo se acordou na comisión de seguimento do Plan de Transporte Metropolitano desta área. Así, a Xunta destinará máis de 2,8 millóns de euros ao ano, o que representa o 80% dos millóns do importe total do acordo de 3,4 millóns, mentres que os municipios achegarán a contía restante de 625.000 euros ao ano.

No marco deste convenio, entre outras vantaxes, a Xunta continuará financiando os descontos do 80% que se aplican nos billetes interurbanos, ademais do 100% dos transbordos, que son gratuítos, e as bonificacións adicionais aos usuarios recorrentes (15%) e membros de familias numerosas, de ata o 50%.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta orais:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre as melloras introducidas no transporte metropolitano en relación ao número de frecuencias, especialmente na área de Betanzos?





Santiago de Compostela, 6 de Febreiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 06/02/2025 13:11:44

Cristina Campero Dorado na data 06/02/2025 13:12:00

Katherinie Varela Fernández na data 06/02/2025 13:12:08

José Luis Ferro Iglesias na data 06/02/2025 13:12:17

Argimiro Marnotes Fernández na data 06/02/2025 13:12:31

María Deza Martínez na data 06/02/2025 13:12:40

Roberto Rodríguez Martínez na data 06/02/2025 13:12:48

Gonzalo Trenor López na data 06/02/2025 13:13:00

Carmen Pomar Tojo na data 06/02/2025 13:13:10

Rubén Lorenzo Gómez na data 06/02/2025 13:13:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación do hospital comarcal de Monforte de Lemos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A área sanitaria de Monforte de Lemos dá servizo a un total de 11 concellos do sur de Lugo, que teñen o Hospital Comarcal de Monforte de Lemos como referencia. 11 concellos que adoecen de múltiples problemas como o envellecemento da poboación, a falta de servizos ou o despoboamento xeral do territorio. Isto non acontece por casualidade senón que é consecuencia de anos de políticas do actual goberno galego e un dos motivos polos que o sur de Lugo adoece de falta de poboación é a pésima situación do Hospital Comarcal.

Segundo denuncian desde o cadro de persoal do Hospital, nos últimos tempos constataronse eivas en múltiples servizos. Eis algunhas: faltan profesionais en dixestivo, psiquiatría, rehabilitación, pediatría, radioloxía, en laboratorio e tamén nas quendas de noite.; no que ten a ver co HADO, o de Monforte é o único hospital galego que non conta cunha praza de médico de HADO como tal; tamén faltan celadores e Técnicos en Coidados Auxiliares de Enfermaría (TCAE) e nos últimos tempos os profesionais alertaron de que o mamógrafo do hospital leva estragado desde decembro.

Así, derívanse pacientes diariamente ao Hospital de Lugo afondando así na falta de servizos brutal que sofren Monforte e os concellos pertencentes á área sanitaria





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

homónima. Sendo esta a situación, non é de estrañar que pacientes e profesionais sanitarios xa se manifesten ás portas do hospital para lle reclamar á Xunta medidas urxentes para paliar a situación da sanidade no sur de Lugo.

Fortalecer a sanidade pública é hoxe en día máis urxente que nunca, por iso consideramos desde o grupo parlamentar do BNG que a Xunta do PP debe parar canto antes a súa estratexia de derivación de medios á sanidade privada polos custes evidentes que isto está a ter no sistema sanitario de todas e todos, o público.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da alarmante falta de profesionais no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos?
- Como analiza o goberno galego a situación da sanidade pública na área sanitaria de Monforte de Lemos?
- Que pensa a Xunta da derivación diaria de pacientes ao hospital de Lugo desde o hospital de Monforte?
- Por que non fixo nada o goberno galego sobre o mamógrafo que leva estragado desde o pasado mes de decembro no hospital de Monforte?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 06/02/2025 13:33:53

Iria Carreira Pazos na data 06/02/2025 13:36:14

María Montserrat Prado Cores na data 06/02/2025 13:36:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre respostas escritas que non son tal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de febreiro o Grupo Parlamentar do BNG recibiu comunicación da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias a xeito de presunta resposta escrita a preguntas formuladas sobre os seguintes temas:

-“o contido e o estado de elaboración da nova proposta de ampliación da Rede Natura 2000 para a redacción do Marco de acción prioritaria 2021-2027”;

-“a xestión e a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia e as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne a estes espazos de protección”;

-“a retirada da proposta de ampliación da Rede Natura 2000 iniciada en 2011, referida no Marco de acción prioritaria 2021-2027 entregado á Comisión Europea, e o contido e o estado de elaboración da nova proposta”;

-“as principais ameazas aos valores naturais dos espazos da Rede Natura detectadas nos estudos encargados pola Xunta de Galicia, así como sobre as medidas que adoptou e o investimento que destinou para mellorar o seu estado de conservación.”

A resposta enviada polo goberno galego a estes catro asuntos é xenérica, co mesmo texto para as catro e di así: “Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 29 de xaneiro de 2025 pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, en resposta á interpelación 2130”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non é necesario lembrar que a intervención da conselleira non deu resposta a ningún destes temas concretos.

A xuízo do BNG estas respostas teñen como obxectivo levar a cabo un truco contable (cos conseguíntes efectos estatísticos), para simular unha resposta que non é tal xa que non di absolutamente nada relacionado coa pregunta concreta formulada. Este xeito de proceder constitúe ademais unha auténtica burla e un desprezo ao labor de representación e aos dereitos das deputadas e deputados, práctica cada vez máis habitual por parte do goberno galego.

Cómpre ademais ter en conta que sobre algún destes temas foi solicitada documentación ao abeiro do artigo 9, sen que a petición fose atendida.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten revisto a Xunta responder de maneira concreta e respectuosa as preguntas formuladas para resposta escrita, particularmente as relacionadas co estado de conservación da Rede Natura 2000 e as previsións de ampliación da mesma?

Vai deixar o goberno galego de usar artimañas diversas para simular respostas que non son tal?

Vai o goberno galego cumprir co previsto no Regulamento do Parlamento no que atinxe á documentación solicitada ao abeiro do artigo 9.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 06/02/2025 13:52:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/02/2025 13:52:39





Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente finalizado o 2024 e tras case un ano de XII lexislatura vimos de coñecer a execución orzamentaria en materia de vivenda correspondente ao terceiro trimestre do pasado ano, concretamente a correspondente ao programa 451A de “Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda “.

Hoxe en día, a vivenda, sexa para alugar ou sexa para mercar, é un ben moi demandado por todos os galegos e galegas que a precisan para poder asentarse naqueles lugares onde desenvolven o seu día a día, existindo unha problemática respecto da pouca oferta existente asumible e digna.

Na información facilitada do terceiro trimestre do citado ano polo Goberno galego vemos que se vén de executar tan só un 24% do total do orzamento deste programa previsto para 2024. Non podemos esquecer que deste programa a gran maioría dos fondos veñen de axudas estatais procedentes dos fondos europeos.

A maiores, a Xunta de Galicia ven de reducir un 26,51% o orzamento do mencionado programa. Algo inaceptable, se temos en conta que o problema coa vivenda non só non se mantén estable ou mellora, senón que empeora día a día, sendo a vivenda un dereito recoñecido no artigo 47 da Constitución





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19514
Data envío: 06/02/2025 15:20:51.458

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan as seguintes preguntas:

1. Considera a Xunta de Galicia apropiada a porcentaxe executada do programa 451A tendo en conta a situación actual?
2. Que medidas ten previsto aprobar a Xunta de Galicia para corrixir esta baixa execución no citado programa 451A?
3. Ten pensado presentar o goberno galego un informe no parlamento galego no que se aborde esta escasa execución orzamentaria do programa 451A? En caso afirmativo, en que prazo?
4. A que se debe a rebaixa orzamentaria do 26,51% no programa 451A respecto do ano anterior?

Santiago de Compostela, a 6 de Febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 06/02/2025 15:10:25

Paloma Castro Rey na data 06/02/2025 15:10:35





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19518
Data envío: 06/02/2025 15:23:42,256

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente finalizado o 2024 e tras case un ano de XII lexislatura vimos de coñecer a execución orzamentaria en materia de vivenda correspondente ao terceiro trimestre do pasado ano, concretamente a correspondente ao programa 451B de “acceso á vivenda”.

Hoxe en día, a vivenda, sexa para alugar ou sexa para mercar, é un ben moi demandado por todos os galegos e galegas que a precisan para poder asentarse naqueles lugares onde desenvolven o seu día a día, existindo unha problemática respecto da pouca oferta existente asumible e digna.

Na información facilitada do terceiro trimestre do citado ano polo Goberno galego vemos que se vén de executar tan só un 10,3% do total do orzamento deste programa previsto para 2024. Non podemos esquecer que deste programa a gran maioría dos fondos veñen de axudas estatais procedentes dos fondos europeos.

Consideramos o exposto como algo inaceptable se temos en conta que o problema coa vivenda non só non se mantén estable ou mellora, senón que empeora día a día, sendo a vivenda un dereito recoñecido no artigo 47 da Constitución.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19518
Data envío: 06/02/2025 15:23:42.256

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Considera a Xunta de Galicia apropiada a porcentaxe executada do programa 451B tendo en conta a situación actual?
2. Que medidas ten previsto aprobar a Xunta de Galicia para corrixir esta baixa execución no citado programa 451B?
3. Ten pensado presentar o goberno galego un informe no parlamento galego no que se aborde esta escasa execución orzamentaria do programa 451B? En caso afirmativo, en que prazo?

Santiago de Compostela, a 6 de Febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 06/02/2025 15:13:31

Paloma Castro Rey na data 06/02/2025 15:13:41

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

66254

@PSdeG



CSV: B0R0GSP69AikU8B7W-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

Na Lei de acompañamento dos orzamentos xerais da Xunta de Galiza para o ano 2024, a Consellería do Medio Rural modificou a Lei de montes de Galicia no que fai referencia aos consorcios e aos convenios entre a Administración forestal e os montes.

Esta modificación dita que estes consorcios e convenios serán cancelados de oficio nun prazo que rematará o día 31 de decembro de 2025, entre outros, nos seguintes casos:

1. Montes veciñais que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.
2. Montes veciñais que non consigan o fin para o que se subscribise o convenio ou o consorcio por causas relacionadas co estado legal, forestal, administrativo ou económico do monte.

Considerarase que non se cumpriron estes fins, entre outras causas, cando o arborado existente ocupe unha superficie inferior ao 30 % do total do convenio ou consorcio agás por afección de incendios forestais posteriormente á data de entrada en vigor desta lei, polo que neste caso de afección de incendios forestais a superficie arborada queimada considerase como superficie arborada para os efectos do computo desta porcentaxe do 30 %.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19525
Data envío: 06/02/2025 16:25:25.998

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son os montes veciñais en man común que a día de hoxe teñen en vigor o convenio ou consorcio coa Administración forestal, así como o seu saldo?
2. Cales son os montes veciñais en man común que a día de hoxe poderían cancelar de oficio o convenio ou o consorcio que teña subscrito coa Administración forestal por non cumprir os fins polos que se subscribiron os convenios e os consorcios?

Parlamento de Galicia, 6 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

66256

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19525
Data envío: 06/02/2025 16:25:25.998

Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/02/2025 16:22:06

Lara Méndez López na data 06/02/2025 16:22:20

CSV: BG9BQSPGMAEhBBW-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

66257

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ás actuacións urxentes para rematar as obras paralizadas no CEIP O Grupo de Ribeira e para incrementar o profesorado especialista para a atención do alumnado con NEAE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación esforzouse a primeiros deste curso, mesmo antes de que comenzara, en trasladar ás comunidades educativas e á cidadanía en xeral unha normalidade que non existía daquela e aínda non existe hoxe, xa co curso na súa segunda metade.

De feito, ao longo destes meses houbo, e segue a haber, mobilizacións nun gran número de centros públicos do noso país, tamén na comarca do Barbanza, das que este Grupo Parlamentar se fixo eco no propio Parlamento, e cuxas carencias continúan, mesmo agravadas, a día de hoxe.

É o caso do CEIP O Grupo, do concello de Ribeira, onde ás deficiencias estruturais que vén arrastrando dende hai anos, súmanse agora unha falta de profesionais especialistas clamorosa e unhas obras inacabadas que entorpecen a actividade do centro e mesmo a seguridade do alumnado e profesorado.

Un centro que comezou a súa andaina hai nada menos que 75 anos, no curso 1949-50 e que, aínda que nel se levaron a cabo distintas melloras e reformas ao longo do tempo, mantén a día de hoxe aulas con ventás de hai 50 anos polas que entra frío e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

auga, unha cuberta chea de vexetación que fai que se solten e caian as tellas, un pavillón e unha pista deportiva totalmente deteriorados ou unhas escaleiras de acceso ao edificio principal antigas e perigosas.

Despois de anos de demandas por parte do profesorado e dos pais e nais, por fin a Consellaría foi quen de adxudicar as obras de instalación dun ascensor no aulario de Infantil no pasado mes de setembro, cun prazo de execución de catro meses que debería rematar o pasado 13 de xaneiro. Mais as obras comezaron con dous meses de retraso, en novembro, paralizándose pouco despois, que é tal e como continúan na actualidade.

As molestias, inconvenientes e perigos que esta paralización está a causar provocaron que a ANPA dirixira varios escritos á Dirección Territorial e á Inspección Educativa, que nunca foron respostados.

Manter e alongar esta situación é unha irresponsabilidade por parte das autoridades educativas e non responder aos escritos e ás chamadas telefónicas dos representantes dos pais e nais é un menosprezo ao alumnado do centro e ás súas familias que xa vén de provocar unha protesta esta semana e o traslado desa desatención á propia Valedora do Pobo.

Por outra banda, os recortes en docentes especialistas e en apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais (NEAE) xa tivera como consecuencia no mes de outubro unha denuncia pública conxunta de ANPAs de dez centros do concello de Ribeira, que xa naquel momento poñían de manifesto que a merma de profesionais especialistas facía inviábel cubrir a atención dos nenos e nenas con NEAE e, por extensión, a da totalidade do alumnado.

No caso do Grupo, dun total de preto de 500 alumnos e alumnas, contan con case 90 diagnosticados con necesidades educativas e moitos outros sen valorar por falta tamén de máis orientadores, que son atendidos por un único especialista de Audición e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Linguaxe, despois de que a Consellaría reducise dous, ademais dun especialista en Pedagogía Terapéutica, con respecto ao curso pasado.

É pois unha situación insostíbel de falta de recursos humanos, que repercute moi negativamente na totalidade do alumnado e que, sobre todo, non garante a inclusión nin a intervención educativa individualizada nos casos do máis vulnerábel. Unha situación que vén sendo denunciada pola ANPA, cuxas demandas respaldan o Consello Escolar do centro e o Consello Escolar Municipal, mais que non están a ser atendidas pola administración educativa galega para a que os nenos e nenas semellan ser só números e aos que, como neste caso, non lles proporciona nin a atención nin o reforzo que en moitos casos lles cómpre.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

. Vai levar a cabo a Consellaría de Educación de inmediato as obras pendentes de remate e agora paralizadas no CEIP O Grupo de Ribeira?

. Á vista do número de alumnado con NEAE diagnosticadas, vai dotar ao centro, de xeito urxente, do profesorado especialista necesario, nomeadamente en Audición e Linguaxe, para atendelo?

. Diante dos casos existentes de alumnado aínda non diagnosticado, vai proporcionar os recursos humanos suficientes ao centro para axilizar as valoracións e poder atender ao alumnado que o necesite canto antes?

. Cal é a razón/s pola que ata o de agora non ten respostado aos escritos e chamadas telefónicas dos representantes dos pais e nais do alumnado do centro?

. Está disposto a recibilos canto antes? De ser así, cando?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai escoitar as súas demandas, analízalas e planificar un calendario de actuacións que subsanen as moitas deficiencias que ten o centro? De non ser así, por que razón?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/02/2025 16:46:51

Cristina Fernández Davila na data 06/02/2025 16:48:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Óscar Insua Lema e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa a que os mariscadores da confraría de Corcubión poidan acceder aos vestiarios do porto da vila.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai un ano que remataron as obras no porto de Corcubión dun almacén de pesca, cuxo importe foi de 65.230 € financiado con fondos europeos e da propia Xunta de Galiza para modernizar as instalacións deste porto vinculadas a actividade pesqueira da lonxa e para preservar a seguridade e as condicións de traballo das persoas que operan no porto de Corcubión. O proxecto concreto materializouse na construción dun almacén de 120 metros cadrados que incluía tamén un arquivo, vestiarios e aseos para a xente do mar, e que xestiona a propia confraría.

Os mariscadores á flote da confraría, que son dez, e sen contar cos mariscadores e mariscadoras de á pe, só poden facer uso dun habitáculo de catro metros cadrados para cambiarse e que está situado detrás das oficinas da confraría. Nese mesmo espazo de catro metros teñen unha soa ducha, o que imposibilita que poidan cambiarse e asearse con normalidade antes e despois de traballar no mar.

As novas instalacións, que si contan con espazo e duchas suficientes, están sendo usadas só polos mariñeiros dos barcos que atracan no porto corcubionés, mais a confraría non lle permite usalas aos mariscadores, descoñecendo as razóns deste impedimento.

É necesario mellorar as condicións laborais dos mariscadores, neste dotando dun espazo onde poidan cambiar a roupa de traballo e asearse debidamente, polo que ou ben se lles permite





Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Sabe a Consellería que os mariscadores están utilizando un espazo de tan só catro metros cadrados no porto de Corcubión para cambiarse e poder ducharse?

-Considera a Consellería que ese espazo reúne as condición mínimas sanitarias, de hixiene e laborais para consideralo como un vestiario?

-Cales son as razóns polas que a confraría non permite que os mariscadores utilicen as novas instalacións do porto?

-Que medidas vai a Xunta de Galiza para atopar unha solución a esta demanda laboral dos mariscadores de Corcubión?

- Ten consignada a Consellería algunha partida orzamentaria para instalar uns novos vestiarios no porto de Corcubión para os mariscadores?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: Óscar Insua Lema

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 06/02/2025 17:01:43

Rosana Pérez Fernández na data 06/02/2025 17:01:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás actuacións que debe levar o goberno galego para apoiar a demanda de non discriminación das familias monoparentais nos permisos de maternidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As familias monoparentais e as familias monoparentais por elección propia, maioritariamente encabezadas por mulleres, son unha realidade crecente no noso país. Porén, sobre este tipo de escollas aínda pesan prexuízos e discriminacións mediante as que o sistema patriarcal sostén a preeminencia social do modelo tradicional de familia, entendido como a composición dun fogar composto por dúas persoas proxenitoras.

Froito da mobilización e das reclamacións de colectivos feministas e do asociacionismo, nos últimos anos téñense introducido melloras de distinta índole nos diferentes planos lexislativos e de acción de distintas institucións.

Un dos elementos máis cuestionados segue a ser o que atinxe aos permisos de nacemento e maternidade, ámbito no que estamos a falar non só dos dereitos da proxenitora, senón tamén das e dos menores, que as institucións deben de protexer. Así, o marco legal estatal de permisos de maternidade e paternidade no Estado español, sen prexuízo das melloras que poida dispoñer desde o uso do autogoberno o marco galego, como acontece no ámbito das e dos empregados públicos, estipula 16 semanas de permiso retribuídas ao 100% para as persoas proxenitoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nestes anos, as familias monoparentais estiveron loitando nos tribunais o dereito a acumular os permisos para homologalos ou achegalos ao tempo que tería unha familia biparental. No noso país, e no conxunto do Estado, coñecéronse distintas sentenzas que recoñeceron o dereito das familias monoparentais a acumular o permiso. Aínda que o TSXG revogou varias destas sentenzas, distintos tribunais superiores pronunciáronse a favor.

Máis recentemente, o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña remitía esta cuestión ao Constitucional por considerar que distintas previsións legais supuñan un trato discriminatorio cara as e os menores pertencentes a unha familia monoparental, por supoñer un tempo de coidado inferior para as crianzas nadas neste tipo de fogares fronte ás nadas en fogares biparentais, malia ter idénticas necesidades. Así mesmo, este Tribunal tamén apelaba á existencia dunha discriminación indirecta por razón de xénero, xa que o impacto negativo da regulación impacta de forma máis intensa nas mulleres traballadoras.

Considera, polo tanto, a argumentación fundamental do colectivo afectado: non se pon en cuestión a equiparación de permisos senón que a norma non prevea a posibilidade de que se estenda o permiso polo período que tería correspondido ao outro proxenitor, no caso de existir, en aras do impacto que iso ten nas e nos menores, considerándoo unha omisión sen xustificación.

Así, en aras destas conclusións, corresponde ao lexislador levar a cabo as modificacións pertinentes no marco legal e o tribunal considera que, en tanto non se pronuncie, débese interpretar a adición das 10 semanas de permiso adicional que correspondería á segunda persoa proxenitora no caso de existir.

Se ben esta cuestión supón un paso adiante e un alivio para moitas familias monoparentais, non se adicionan as 6 semanas obrigatorias posteriores ao nacemento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre recordar que esta cuestión, ademais dunha demanda das familias é tamén obxecto de debate no ámbito xurídico.

Nun contexto de inestabilidade política no Estado e pola importancia de combater esta discriminación, é necesario que o Parlamento Galego se pronuncie e que a Xunta de Galiza se comprometa co avance dos dereitos da monoparentalidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para favorecer que as familias monoparentais deixen de estar discriminadas no acceso aos permisos por nacemento e coidado?

Cales vai impulsar ao abeiro das súas competencias no que atinxe ao emprego público?

E na intermediación e diálogo que pode e debe exercer co sector privado e no ámbito das súas competencias de emprego?

Que valoración fai das últimas novidades xudiciais respecto dos permisos das familias monoparentais?

Vai defender a necesidade de que se blinde por lei a duplicación destes permisos para este colectivo?

Vai desenvolver algún estudo sobre a discriminación no acceso aos recursos e dereitos relacionados coa maternidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ariadna Fernández González

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/02/2025 17:01:54

Ariadna Fernández González na data 06/02/2025 17:04:45

Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2025 17:05:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Óscar Insua Lema e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á aprobación dun plan experimental para explotar ameixa e ameixón coa técnica de mergullo con subministración de aire na ría de Corcubión.

Na confraría de Corcubión, hoxe hai enroladas tres embarcacións e dez tripulantes para traballar no plan conxunto coa confraría de Lira e Fisterra na explotación á flote da navalla (PE410A 2021/12-1). Estes mergulladores colleitan a navalla coa modalidade de mergullo en apnea ou con subministración de aire dende a embarcación. Dende hai tempo veñen comprobando que nas diferentes zonas onde traballan, e en concreto nas zonas de Quenxe, Fornelos e Brens, dentro da enseada de Corcubión, existe bastante ameixa (fina, babosa, xapónica, etc..) e ameixón. Estes recursos de bivalvos non teñen asignados ningún plan de explotación á flote, polo que se está a desaproveitar unha oportunidade de xerar riqueza, nun momento tan desolador polo que está a pasar o sector marisqueiro.

Os mergulladores de Corcubión consideran que para capturar tanto esa ameixa como ese ameixón existente entre a navalla na enseada de Corcubión, podería aprobarse un plan experimental de explotación, coa mesma modalidade que teñen para a navalla, con subministración de aire desde a embarcación. Esta técnica de mergullo, é óptima para realizar unha explotación respetuosa coa biodiversidade do medio mariño, xa que permite escoller in situ só os moluscos que dan a talla, evita a sobreexplotación nas subzonas do plan, e por suposto axuda a controlar e solucionar mellor os problemas que se perciben no propio medio. Ademais, con este novo plan experimental, poderían ampliar os períodos de veda para navalla, ou reducir días ou cupos, o que beneficiaría sen dúbida ese plan de explotación, garantindo a sostibilidade dese recurso mariño no futuro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes dez mergulladores, tamén contan con permiso para recoller o ourizo desde a embarcación. Anunciaba a Consellería do mar esta semana, que van a incorporar no plan de explotación do ourizo, a modalidade de extraelo á pe na zona intermareal, polo que prevén autorizar entre seis e doce mariscadoras na zona de Corcubión. Estas novas incorporacións suporán que son máis persoas a repartir o recurso, polo que é unha razón máis para que se aposte por aprobar un plan experimental para recoller esa ameixa e ese ameixón fora da zona intermareal, descartando xa a modalidade de raño que si autorizaron noutras zonas como na praia da langosteira de Fisterra, mais que non se está a utilizar practicamente.

Outros mergulladores, como os da confraría de Fisterra levan anos solicitando á Consellería do Mar a aprobación dun plan experimental de explotación para mariscar a ameixa na praia da Langosteira (CM-082) co sistema de subministración de aire dende superficie, xa que só poden collela con raño desde unha embarcación. A situación de Corcubión é distinta, xa que nin sequera existe un plan para poder extraer esas ameixas, pois só existe un plan de xestión para marisquear á pé, dende punta Arnela ata a desembocadura do río Xallas, no Ézaro (PE403A 2023/37 -1).

É por tanto necesario, crear un plan experimental para extraer as distintas variedades de ameixa e o ameixón existente neses bancos marisqueiros da enseada de Corcubión, para o que é preciso, si o plan experimental funciona e ten éxito, modificar o Decreto 15/2011, que regula as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da comunidade Autónoma de Galiza, para permitir o uso de equipamentos subacúaticos con subministración de aire, para a explotación de determinados recursos específicos, como as ameixas que se atopan fora das zonas intermareais a unha profundidade considerable.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Sabe a Consellería que existen recursos abundantes como a ameixa e o ameixón nas zonas de extracción da navalla na ría de Corcubión?

-Estudiou a Consellería nalgún momento a posibilidade de explotar eses recursos cun plan de explotación? Ten intención de realizar algún informe sobre estes recursos nesta zona?

- Tendo en conta a situación de crise pola que está a pasar o sector marisqueiro, que opinión ten a Consellería respecto de non ter aprobado un plan de explotación destes recursos en Corcubión? Non cree a Consellería que se está perdendo unha oportunidade de seguir creando riqueza para manter os poucos postos de traballo que quedan nun sector que non ten remuda xeracional?

-Cales son os motivos polos que o goberno galego se nega de forma sistemática dende hai anos a excluír en todo caso o mergullo con subministración de aire en superficie como arte na explotación de ameixa a determinadas profundidades?

-Existe algún informe técnico que desaconselle a utilización desta técnica para coller ameixa a unha profundidade que impida collela á pe? En caso afirmativo, cales son as razóns que sosteñen este posicionamento?

-Está estudando a Consellería a modificación do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia? Posúe xa un borrador do novo decreto?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: **Óscar Insua Lema**
Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/02/2025 17:37:54

Óscar Insua Lema na data 06/02/2025 17:37:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Brais Ruanova Vilas-Boas e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre o buque HC Eva Marie refuxiado no Porto de Vigo por un corremento na súa carga de explosivos.

Debido ás malas condicións do mar causadas pola borrasca Eowyn, o buque HC Eva Marie, que navega baixo bandeira de Antigua y Barbuda, viuse obrigado refuxiarse no Porto de Vigo o pasado 26 de xaneiro. As ondas rexistradas, de máis de 10 metros de altura, provocou un corremento da carga e danou parte dos contedores, un total de 10 dos 96 que transportaba.

Preocupa esta información posto que a mercadoría dentro dos contedores está catalogada como de Clase I, División 1.1 e de Tipo E, isto é, que existe risco de que a carga explote pois inclúe materiais con grande poder de detonación. Segundo a información feita pública trátase de obuses que se transportaban desde Xordania e con destino a Alemaña.

A Autoridade Portuaria de Vigo, comunicou que a cargadora está aínda a traballar nun plan de seguridade, malia que o HC Eva Marie leva parado no peirao Transversal dez días. É preciso adoptar medidas que aporten maior seguridade e que impidan que se produza neste caso un accidente, unha perigosidade que se confirma por térense producido xa outros accidentes en condicións semellantes, porén o Porto de Vigo manifestou que non existe “ningún risco”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A primeira inspección do buque realizouse o sábado 1 de febreiro, catro días despois da chegada ao porto do HC Eva Marie, por parte dun enxeñeiro da empresa cargadora, xunto co capitán, o persoal de seguridade do buque, responsábeis da consignataria e o xefe de División de Seguridade da Autoridade Portuaria. A inspección, segundo a información feita pública polo Porto de Vigo, determinou que os danos afectan á estrutura dos contedores pero que non tivo repercusións sobre o material explosivo que conteñen. Así mesmo, segundo declarou a empresa, os obuses están desmontados en cumprimento das normas internacionais que regulan o transporte deste tipo de material.

En todo caso, sorprende que a primeira inspección ou comprobación do estado da carga se producise catro días despois da chegada do buque, así como que non se teñan datos oficiais sobre a cantidade de explosivos que transporte ou da súa composición, máis alá das declaracións realizadas pola propia empresa cargadora.

Cabe lembrar o desastre de Beirut de 2020 producido pola explosión de 2.750 toneladas de nitrato de amonio, en que morreron 217 persoas, resultaron feridas 7.000 e os efectos da onda expansiva afectaron a edificios situados a un radio de 20 quilómetros. Un suceso en que a substancia explosiva estaba clasificada como de Clase 5, polo que o material que alberga o buque amarrado en Vigo sería potencialmente moito máis perigosa. Outro accidente producido en condicións similares foi o de Halifax de 1917, en que unha colisión entre dous buques, un de carga francés -con 2.300 toneladas de ácido pícrico húmido e seco, 200 de trinitrotolueno (TNT) incluído na Clase I, 10 de algodón de pólvora e 35 de benceno- e outro de vapor noruegués causou a morte de 2.000 persoas, 9.000 feridos e a destrución de parte da cidade.

Dez días despois o HS Eva Marie segue atracado no Porto de Vigo sen que se coñeza con exactitude que tipo de carga transporta; nin a cantidade da mesma; nin se hai





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

un plan de seguridade para a recolocación da carga; nin cando, nin como, se vai efectuar o cambio de mercadoría dos contedores danados a outros novos e tampouco se ten coñecemento en que data está previsto que o buque abandone o Porto de Vigo. E todas estas incertezas están a provocar preocupación na cidade de Vigo xa que non se está trasladando información clara que tranquilice a cidadanía.

O risco dunha explosión dos contedores do HS Eva Marie non debe minusvalorarse, polo que Goberno Galego debe velar pola seguridade das galegas e dos galegos e, como membro do Consello de Administración do Porto de Vigo, debe urxir ao Goberno do Estado e a propia Autoridade Portuaria, a que adopten todas as medidas e precaucións precisas para evitar un posíbel accidente semellante aos citados de Beirut ou Halifax. Cautelas que non parecen terse adoptado neste caso.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1. Tense posto en contacto o Goberno Galego co Goberno do Estado e coa Autoridade Portuaria de Vigo para interesarse pola situación do buque HC Eva Marie refuxiado no Porto de Vigo por un corremento na súa carga de explosivos?
2. Sabe o Goberno Galego se o Goberno do Estado era coñecedor de cal era a carga do buque no momento da autorización, se sabía que se trataba de explosivos de clase I e se realizou algunha comprobación posterior da mercadoría transportada?
3. Coñecía-se a entidade do corremento da carga e dunha avaliación dos riscos en caso de que existiran afectación dos produtos explosivos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Sabe o Goberno Galego en que momento se realizou a inspección do interior do buque por parte da autoridade de portuaria? É certo que a primeira inspección realizada produciuse catro días despois da chegada do barco?

5. Coñece o Goberno Galego que medidas de seguridade se teñen adoptado para asegurar a minimización dos riscos de explosión da carga mentres siga amarrado no Porto de Vigo? Que medidas se van a adoptar durante a manipulación da carga de explosivos?

6. Ten o Goberno Galego, como membro do Consello de administración do Porto de Vigo, coñecemento de cal é o plan previsto para a recolocación da carga? Sabe se estas operacións non van utilizar os peiraos do Porto de Vigo? Existirá unha supervisión por parte da Autoridade Portuaria durante estas manobras internas?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Alexandra Fernández Gómez

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 06/02/2025 17:44:57

Carmela González Iglesias na data 06/02/2025 17:45:01

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/02/2025 17:45:35

Alexandra Fernández Gómez na data 06/02/2025 17:45:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o convenio asinado entre o IGVS e o CAG en materia de vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Galego de Vivenda e Solo vén asinando distintos convenios co Consello da Avogacía Galega dende hai xa algúns anos cuxa finalidade foi transformándose co tempo. Se no ano 2018 o convenio estaba orientado a procurar solucións para as persoas en situación de desamparo para evitar a perda da súa vivenda, no 2021 a Consellería con competencias en vivenda asinou outro convenio novo coa entidade que agrupa os colexios galegos de Avogacía para crear un servizo de atención xurídica gratuita para afectados pola ocupación ilegal da súa vivenda, así como para a elaboración dunha guía informativa ao respecto.

O resultado deste novo enfoque orientado á ocupación ilegal é que o total de consultas realizadas ao abeiro dese convenio ao longo dun ano foi, segundo informacións publicadas de apenas 30 consultas, demostrando que a dimensión real do problema é moito menor do que o goberno, e boa parte dos medios de comunicación, reflicten.

Os malos resultados evidenciaron que a preocupación e a demanda real na sociedade sobre este tema é limitada. De aí que nos convenios asinados en anos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posteriores, a Xunta de Galiza decidiu fusionar as consultas relacionadas coa ocupación con aquelas que poidan facer persoas en risco de perder a súa vivenda.

A partir do ano 2024, este convenio que se viña renovando anualmente, vai incorporar tamén a posta en marcha do servizo de intermediación previsto na Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de axuízamento civil a través do servizo de mediación do CAG, para dar resposta a aprobación da lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda, que obriga a acreditar a tramitación dun procedemento de conciliación ou intermediación que deberán establecer as administracións públicas competentes entre grandes tenedores e persoas en situación de vulnerabilidade económica.

En dito convenio tamén se recolle a realización dun informe sobre as consultas atendidas, para o cal o CAG remitirá de forma trimestral un informe ao IGVS sobre as consultas atendidas, tanto en materia de perda de vivenda como de ocupación ilegal, con especificación, neste último caso, da localidade, rúa e número de vivendas ocupadas.

Dito informe non foi feito público polo IGVS, mais o pasado 21 de xaneiro de 2025 o Instituto Galego de Vivenda e Solo asinou un novo convenio co Consello da Avogacía Galega para a prestación dun servizo de asesoramento, intermediación e orientación xurídica en materia de vivenda na mesma liña que o asinado o ano previo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cantas consultas foron realizadas ao abeiro do convenio de 2024 sobre trámites de carácter administrativo e xudicial no ámbito relacionado cos dereitos e obrigas das persoas en risco de perder a súa vivenda como consecuencia dun procedemento de execución hipotecaria polo impago da renda de aluguer ou por calquera outra circunstancia imprevista ou sobrevida?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas destas foron atendidas e resoltas?
- Cantas consultas foron realizadas ao abeiro do convenio de 2024 sobre a existencia do Programa de atención ás persoas en risco de desafiuzamento?
- Cantas destas foron atendidas e resoltas?
- Cantas consultas foron realizadas ao abeiro do convenio de 2024 para o asesoramento e orientación ás persoas físicas propietarias ou usufrutuarias que se vexan afectadas por intrusión non consentida en vivendas
- Cantas destas foron atendidas e resoltas?
- Que accións se realizaron para a formación de letrados e letradas ao abeiro deste convenio?
- En que consistiron?
- Cantas consultas se realizaron para solicitar a prestación do servizo de intermediación en materia de desafiuzamento entre grandes tenedores e persoas en risco de perder a súa vivenda?
- Cantas destas foron atendidas e resoltas?
- En que consistiu a campaña de difusión nos medios recollida no convenio de 2024?
- Por que a Xunta de Galiza solicita a información concreta sobre os inmobles só para os casos relativos á ocupación?
- Con que finalidade solicita dita información?
- Á vista dos resultados do convenio de 2024 entre o IGVS e o CAG considera a Xunta de Galiza que se deben realizar cambios en futuros convenios?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 06/02/2025 17:58:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/02/2025 17:58:31

Luis Bará Torres na data 06/02/2025 17:58:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás actuacións solicitadas pola Organización Empresarial Parquistas de Carril no porto de Vilagarcía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Van alá algo mais de dous anos que a veciñanza de Vilagarcía viu frustrados os desexos de abrir a fachada do Peirao do Ramal ao mar, cando a

Hai dous anos a Autoridade Portuaria de Vilagarcía, na opacidade que a caracteriza, concedeu dúas naves en desuso, por espazo de trinta anos, á Organización Empresarial Parquistas de Carril, con destino á clasificación, almacenamento e promoción de moluscos bivalvos.

Con data do 21 de Decembro de 2024 publicouse no B.O.E. a solicitude por parte da OPP da modificación substancial da actual concesión. Con dita modificación, os usos da mesma pasarían de ser unicamente de clasificación de moluscos bivalvos e almacenamento á clasificación, manipulación, envasado, almacenamento, procesado e estoxado de conservas de bivalvos, así coma á venda tanto ao por maior coma ao detalle dos seus produtos.

A isto hai que sumar que tivemos coñecemento da existencia dun proxecto presentado pola mesma Organización Empresarial Parquistas de Carril, asinado por José Luis Villanueva, para unha obra de rampla, pantalán e rompeolas para a mellora da loxística de entrada de produtos do mar ao centro de clasificación de produtos bivalvos recollidos desde as embarcacións a flote para reducir tempos e procesos e eliminando intermediarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todo indica que estas accións van na dirección da creación dunha “lonxa encuberta” que faría competencia desleal ás outras dúas lonxas do concello de Vilagarcía, Carril e Vilaxoán, situadas a menos de 3 km, así coma ás propias empresas do sector, ao contar coa dispoñibilidade de chan público a un custe irrisorio.

Ademais das afectacións sinaladas, están as ambientais que se poidan derivar desta construción e do rompeolas.

Se ben é certo que as actuacións sinaladas están en dominio público portuario do Estado, tamén o é que o Estatuto de Autonomía establece o marisqueo é competencia exclusiva de Galiza:

Artigo 27

No marco deste Estatuto, a Comunidade Autónoma de Galiza ten competencia exclusiva nas seguintes materias:

15.- Pesca en rías e outras augas continentais, marisqueo, acuicultura, caza, pesca fluvial e lacustre

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

Que opinión ten a Consellaría do Mar da intención da Organización de Parquistas de Carril, de proceder á venda tanto ao por maior coma ao detalle dos seus produtos nunha nave do Porto de Vilagarcía?

E de realizar un pantalán para acceder directamente desde as embarcacións a flote ao porto?

Cal é a opinión da Xunta de Galiza deste proxecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Toda vez que pode haber afectación pola modificación de correntes, movemento de fondos... teñen emitido informes as Consellarías do Mar e de Medio Ambiente?

Non lle parece que este proxecto de “lonxa encuberta” vai supor unha competencia desleal coas lonxas de Carril e Vilaxoán?

Téñense posto en contacto os promotores coa Consellaría do Mar para facela participe do proxecto?

Cal é a razón de que a documentación do mesmo estea encabezada polo logo da Consellaría do Mar?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 06/02/2025 18:19:43

Rosana Pérez Fernández na data 06/02/2025 18:19:47



1. Que valoración fai o Goberno galego do bloqueo no Congreso dos Deputados á tramitación da proposta de lei aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia sobre a transferencia da autoestrada AP-9?

Katherinie Varela Fernández na data 06/02/2025 18:21:20





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5..

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social ven de publicar o 31/12/2024 no Diario Oficial de Galicia a Lei 5/2024 do 27 de decembro de 2024, de servizos sociais onde tras modificacións e de angádegas facultaba a funcionarios sen titulación específica en graduado en Traballo Social a informar e tramitar as solicitudes de usuarios que optan aos dereitos a percibir prestacións da Lei de Dependencia.

Esta decisión, que desprofesionaliza e bota por terra unha das maiores garantías da lei para que os recursos sexan adxudicados de maneira eficaz e eficiente, faise dentro do plan que, segundo a Consellería de Política Social, aspira a diminuír as listas de espera axilizando a tramitación. De este xeito tamén se igualaban as solicitudes de prestación por dependencia ás de discapacidade; unindo nunha sola solicitude ambas opcións que na maioría dos casos son opostas e levan á confusión á hora de asignar os recursos solicitados.

Ambas decisións foron tomadas en contra das opinións do Colexio Oficial de Traballadores Sociais e doutros órganos coma o Colexio Oficial de Logopedas de Galicia que, a través de emendas á Lei de Acompañamento Orzamentario para 2025 fixeron chegar as súas propostas, sen que, en ningún caso foran tidas en conta.

Estas decisións privan aos beneficiarios dun diagnóstico profesionalizado e provocan unha confusión a quen achega a súa solicitude ás delegacións da





Xunta; sen que os funcionarios teñan recibido un mes despois ningunha directriz ou información ao respecto. Os usuarios son os responsables últimos de formalizar a súa petición, sendo isto un acto de desamparo por parte da administración toda vez que a maioría son persoas de idade avanzada con dificultades para resolver unha petición que vai a determinar a asignación dun recurso imprescindible para o seu devir e ao cal teñen un dereito a que seña recoñecido.

A isto engádese que Galicia é unha das comunidades onde menos solicitudes recibe o goberno autonómico, xa que en ningún momento nestes 15 anos de goberno do Partido Popular leváronse a cabo campañas informativas entre a cidadanía informando de xeito eficaz e comprometido dos dereitos dos que disfrutamos a poboación.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas

1.- Cando ten pensado a Conselleira de Política Social recibir aos Colexios Profesionais de Traballo Social e ao Colexio Profesional de Logopedas de Galicia para escoitar a problemática que afectará de xeito directo a poboación que está a solicitar desde xaneiro de 2025 a Lei de Dependencia?

2.- É coñecedora a Conselleira de Política Social do dano no benestar persoal e económico que está a ocasionar ás galegas e aos galegos coa modificación da Lei respecto ao proceso de presentación de solicitudes dos recursos da Lei de Dependencia?

Santiago de Compostela, a 6 de febreiro do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2025 18:29:32
Nº Rexistro: 19580
Data envío: 06/02/2025 18:29:32.993

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 06/02/2025 18:29:08

Elena Espinosa Mangana na data 06/02/2025 18:29:17

CSV: BGJRBQ-5E3G-A5JH8B7W-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

66289

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Daniel Castro García e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a progresiva exclusión do galego no acceso aos medios públicos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Conforme o mandato estatutario, a Lei de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galiza atribúelle aos medios de comunicación públicos a misión de servizo público consistente na promoción, difusión e impulso da lingua galega.

Pola súa banda, a Lei de medios veu reforzar este compromiso decisivo coa normalización da principal manifestación identitaria do pobo galego que é lingua galega. E efectivamente, o uso normalizado do galego nos medios públicos foi fundamental para avanzar no prestixio da lingua e na autoestima do pobo.

A TVG é a única canle que emite integramente en galego en Galiza en cumprimento da Lei de normalización lingüística, o que require unha boa competencia lingüística para os traballadores e traballadoras dos nosos medios públicos.

Mais isto semella que non vai continuar sendo así.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por primeira vez, o Director xeral da CRTVG acaba de ditar unha resolución en que outorga un prazo de 5 días para que aspirantes a probas de acceso poidan escoller entre galego e castelán como idiomas para realizaren os exames.

Após 40 anos da CRTVG como gran ferramenta normalizadora, o PP avanza no seu plan de substitución lingüística do galego polo castelán iniciado no articulado da nova lei de medios que actualmente se está a tramitar no Parlamento

Por todo isto formulamos a seguinte pregunta para resposta oral na comisión de control da CRTVG:

Pretende a dirección xeral da CRTVG con esta resolución comezar a relegar o galego dos medios públicos en substitución do castelán que xa anticipa a nova lei de medios actualmente en tramitación parlamentaria?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Olalla Rodil Fernández

Iago Suárez Fernández

Daniel Castro García

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/02/2025 11:15:25

Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2025 11:16:24

Iago Suárez Fernández na data 05/02/2025 11:16:37

Daniel Castro García na data 05/02/2025 11:16:48

Alexandra Fernández Gómez na data 05/02/2025 11:16:57





A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Raquel Arias Rodríguez, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Víctor Baladrón Lamas, Juan Casares Gándara, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Zas e Ángel Rodríguez Conde ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

A CRTVG debe cumprir a súa finalidade de servizo público de calidade dunha maneira eficaz. Ao longo destes anos, o actual equipo directivo ten demostrado o seu compromiso coa mellora da eficiencia na xestión da corporación pública.

Á súa chegada á dirección xeral, Alfonso Sánchez Izquierdo atopouse cunhas contas revogadas tras as advertencias dos auditores por non responder á realidade da CRTVG.

Ademais recibiu como herdanza da etapa anterior un déficit pola acumulación de remanentes negativos de tesourería non orzamentados por unha contía de 51 millóns de euros e unha débeda bancaria de 32,5 millóns.

Con este punto de partida no 2009, nun escenario de recesión económica, que implicou unha contracción dos orzamentos, iniciou unha xestión caracterizada polo rigor, a responsabilidade e a boa administración dos recursos públicos.

Foi necesario facer fronte a este déficit, ao tempo que se desenvolvía unha política de recursos humanos que tiña que poñer en orde unha situación caótica, con ducias de denuncias dos traballadores.





Ante a importancia dos esforzos realizados ao longo destes anos, formulamos as seguintes preguntas:

1. Cal é a débeda bancaria a día de hoxe?
2. Canto se reduciu ese déficit de case 51 millóns de euros?
3. Como están agora as contas da CRTVG?
4. Que balance fai da xestión económico-financeira desde o 2009?
5. Considera que existe una boa administración dos recursos públicos e que se está a cumprir con eficiencia e calidade a misión de servizo público?

Santiago de Compostela, 5 de Febreiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 06/02/2025 10:41:38

Raquel Arias Rodríguez na data 06/02/2025 10:41:59

Enrique Barreiro Sánchez na data 06/02/2025 10:42:36

Ángel Rodríguez Conde na data 06/02/2025 10:42:46

Juan Manuel Casares Gándara na data 06/02/2025 10:42:56

Jesús María Fernández Rosende na data 06/02/2025 10:43:13

Paula Mouzo Mas na data 06/02/2025 10:43:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Víctor Baladrón Lamas na data 06/02/2025 10:43:40

Cristina Campero Dorado na data 06/02/2025 10:44:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19523
Data envío: 06/02/2025 16:24:40,529

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión Permanente non lexislativa da CRTVG**.

Por primeira vez na historia da CRTVG vaise permitir que o exame de acceso para traballar no ente se poida realizar en castelán.

Esta decisión fíxose pública o pasado 31 de xaneiro de 2025, cando o director xeral abría un proceso extraordinario para o cambio de idioma da proba tipo test do proceso concurso – oposición convocado pola resolución de 30 de novembro de 2023 para o ingreso como persoal fixo en diversas categorías do persoal da corporación, pola que dá acceso libre e mediante o sistema de concurso – oposición, permitindo que a opción elixida para a realización da proba tipo test se realice entre galego e castelán.

Para A Mesa por Normalización Lingüística, esta decisión de permitir que os exames de acceso sexan en español implica que estamos ante unha situación na que “por primeira vez na historia non será preciso demostrar o coñecemento de galego para traballar na TVG”.

O comité intercentros manifestaba que esta decisión constitúe unha "auténtica barbaridade" e consideran que é un paso máis por parte da Dirección do ente cara a aliñarse co Proxecto de lei de medios da Xunta da Galicia que está en tramitación no Parlamento galego —co único apoio do Partido Popular— e que abre a porta a producir contidos en castelán nos medios públicos galegos.





Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Como valora o Goberno galego a decisión da Dirección do ente público CRTVG de permitir por primeira vez a celebración de probas de acceso e concurso-oposición ao ente en castelán?
2. A que se debe o cambio de criterio publicado na resolución do 31 de xaneiro de 2025 da Dirección Xeral da Corporación Radio Televisión de Galicia, SA pola que se abre un período extraordinario para o cambio de idioma?
3. Esta modificación foi consensuada coas organizacións sindicais?
4. Se se trata dun cambio excepcional que se inclúe neste proceso selectivo e que non se repetirá noutros procesos de selección, a que obedece esta formulación?
5. Que futuro ten o galego na CRTVG, se xuntamos esta proposta co artigo 7 que vostedes recollen no Proxecto de lei de medios?
6. Con esta iniciativa, que contribución cre que está a facer este goberno na defensa do idioma e da cultura de Galicia nun momento no que o seu uso está a decaer na sociedade?

Parlamento de Galicia, 6 de febreiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19523
Data envío: 06/02/2025 16:24:40.529

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/02/2025 16:20:52

Silvia Longueira Castro na data 06/02/2025 16:21:02

CSV: BGJRG3PQjXtLh8E7W-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

66298

@PSdeG



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-AiuLh8B7W-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

